

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de marzo de dous mil dezanove, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar a sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez, e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, dona Isabel Gil Álvarez e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG - PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourenzana; don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG; e don Francisco José Fraga Civeira, como deputado non adscrito.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: [videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

**1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO DÍA 22 DE FEBREIRO E DA EXTRAORDINARIA DO DÍA 9 DE MARZO DE 2019.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións ordinaria do día 22 de febreiro e extraordinaria do día 6 de marzo de 2019, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e as actas dos días 22 de xaneiro de 2019 e 6 de marzo de 2019, son aprobadas por unanimidade.

**2º.- TOMA DE POSESIÓN DE DON MANUEL PEDRO FERNÁNDEZ MOREIRAS.-**

Na Corporación Provincial existe una vacante, por renuncia da deputada dona Montserrat Lama Novoa, do Grupo Popular, e como se recibiu a credencial expedida pola

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Xunta Electoral Central a favor de don Manuel Pedro Fernández Moreiras do Partido Popular, e o interesado presentou a documentación pertinente, é chamado pola Presidencia para tomar posesión do seu cargo como deputado provincial. Seguidamente presta xuramento na forma regulamentaria e o Sr. presidente imponse as insignias do seu cargo e pasa a ocupar o seu escano do Grupo Popular ao que pertence.

**3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DAS MULTAS COERCITIVAS DO CONCELLO DE BEARIZ.-**

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7), e a abstención de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civeira, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencia efectuada polo Concello de Beariz a favor da Deputación Provincial, mediante acordo de 21 de febreiro de 2019, para a recadación executiva das multas coercitivas do artigo 100 c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Beariz, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

**4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS E CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS N.º 2/2019.-**

A Sra. interventora explica o contido do expediente, anunciando que hai dúas emendas: a primeira é unha corrección de erros no sentido de corrixir o nome do Concello de Petín polo de Vilamartín de Valdeorras (subvención de 15.000 euros para homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán); e, en segundo lugar, di que se omitiu a aplicación orzamentaria 924.12/789.00 “outras transferencias asociacións. Participación veciñal”, por importe de 100.000 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Bos día a todas e a todos. Antes de nada, tamén, dar a benvida ao novo deputado que acaba de tomar posesión.

Con respecto a este punto, a eterna canción, que vamos dicir que non levemos dito nos últimos tres, catro anos neste punto que é sistemático e reiterado nos primeiros meses de cada exercicio. Desta volta parece que os máis beneficiados son as asociacións e mancomunidades porque, supoñemos, a efectos electorais terá máis rendibilidade e o que nos imaxinamos é tamén, efectivamente, é que a parte gorda do pastel quedará para o vindeiro Pleno onde terminará de repartir o derradeiro remanente de Tesouraría a un mes das eleccións para que o efecto sexa amplificado posible.

Nós, como sempre, vamos a votar en contra. Nada máis. Moitas grazas

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, hola, ¿qué tal? Dentro de unas horas, acaban de anunciar que se va a presentar el candidato

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

de Espazo en Común de Pachi Vázquez, se presenta en el Hotel Francisco II y en breve me van a confirmar la habitación; entonces a ver si es la misma en la que estuvo aquí el presidente.

Bueno, vamos ya con este tema. Una vez más es la chapuza y la infantilidad, aquí, de José Manuel Baltar que siempre quiere ser el primero en cosas estériles. Yo siempre pongo esta anécdota que es cuando yo estaba en el Conservatorio -teníamos siete años- y jugábamos a ver quién llegaba primero a la puerta del portal; pues este igual, soy el primero de España en hacer presupuestos y después resulta que tiene que hacer siempre modificaciones porque, obviamente, lo único que hizo fue una aproximación, pero lo único que busca es el titular.

En estos presupuestos ya de fin de fiesta, porque realmente queda este Pleno y otro, estamos pues en el penúltimo Pleno de esta pesadilla de mandato y en este Pleno, básicamente, es como si fuera el sorteo de la primavera, ¿no?, *non é o gordo*, pero es el sorteo de primavera donde va a repartir 8 millones de euros y los reparte a discreción total y hay una serie de gastos que llaman la atención. Por ejemplo, actividades formativas de alta montaña, 18.000€, Rally Mix da Gudiña, 12.000€, Rally, Rally todo eso. Pero todo esto de aquí, además de lo que después gasta haciendo publicidad; aparte de gastar en los ralis aquí que nosotros decimos ya, obviamente, que el de Orense es el más famoso; porque a veces patrocina de forma redundante en el tema este de los ralis. ¿Por qué es redundante? Porque si tú quieres hacer promoción de lo que es la ciudad de Orense, el Rallye de Orense es el más famoso, entonces no tiene sentido luego duplicarlo. A veces, cuando se está haciendo, por ejemplo, patrocinar a distintos pilotos que, realmente, la gente conoce Orense por el Rallye de Orense; no porque un piloto de 5ª, 6ª o 7ª categoría corra por España adelante. Entonces, no tiene mucho sentido porque es redundante.

Llama la atención, por ejemplo, en los gastos que tiene cómo le paga a sus colegas. Se destinan 10.000€ (9.680€) en pagarle una clase maestra a Víctor Prieto. Víctor Prieto es un gallego que vive en Nueva York. Lo normal es que quien le pague 9.680€ a Víctor Prieto sea la ciudad de Nueva York; por dos motivos, uno porque es donde reside y dos porque es la ciudad rica. Nadie en Estados Unidos le va a pagar a este señor 9.600€ en ningún sitio del mundo por una *masterclass*. Entonces, ¿qué ocurre? La ciudad rica, como es Nueva York, no le paga y la pobre le paga. ¡Hay que ser imbéciles en la gestión! Se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

tienen que reír de nosotros; pues es lo que hace Manuel Baltar. La ciudad rica, la ciudad que realmente es la estrella de la cultura en el mundo, junto a Londres, los que realmente son los que innovan más en cultura; esos no le pagan a Víctor Prieto por su *masterclass* y le venimos a pagar en Orense que somos los pobres. Eso es realmente una tomadura de pelo.

Luego se gasta 250.000€ (más de 40 millones de las antiguas pesetas) en un film, un film de Xamalú Filmes, rodaxe íntegro na provincia de Ourense de Olvido y León. Es decir, lo que está haciendo, básicamente, es pagándole el sueño a un director para que haga una película, irse de cena con él varias veces, la película va a ser seguramente un coñazo, de estas que en taquilla no recauda nada, que no le interesa a nadie y que solo le interesa al director, a sus familiares y a algún político. Gastarse 40 millones de las antiguas pesetas, una provincia pobre como Orense; la más pobre de España, se gasta en una película 250.000€.

Fundación Insua dos Poetas, 20.000€. Expourense, esto a mí también me parece fascinante, en una feria de Expourense, en Vinis Terrae 2019 se gasta solo en una feria 60.000€. O sea, todas las ferias, que esto nosotros lo llevaremos a Pleno, la próxima semana, en el Concello de Orense y lo traeremos también aquí posteriormente. Expourense estamos hablando de que es un cáncer, un cáncer más, porque todas las ferias en el mundo están yéndose para abajo y, entonces, recortando gastos y desapareciendo del mercado mundial porque el nuevo escenario del mercado con internet hace que las ferias tengan cada vez menos sentido y en Orense cada vez gastamos más en ferias; entonces, claro, son todas deficitarias, son una ruina. ¿Para qué sirven esas ferias? Para pagar los sueldos de Expourense y los proveedores amigos de Expourense. Entonces, se le da en una feria 10 millones de pesetas, 60.000€ para Expourense, 60.000€. Así tamén che fago eu feiras.

La Fundación San Rosendo, le da 400.000€. Claro, con esto yo también monto una fundación y luego presumen los de la Fundación San Rosendo que son buenos gestores; es que con subvenciones la monta cualquiera. Si están haciendo una actividad mercantil, porque realmente están haciendo una actividad mercantil, y le das 400.000€; ya digo con esto *monto eu fundacións as que fagan falta*. Pero lo que me llama la atención es que, claro, estas fundaciones ¿qué se hace después? Se le dan 400.000€, pero todos los empleados que metas tienen que ser colegas del Partido Popular; con lo cual la red clientelar la aumentamos más. En eso se basa lo que es el modus operandi de esta provincia en los

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

últimos 40 años por desgracia, que esperemos que llegue a su fin el próximo mes de mayo; o sea que no queda nada.

Se gastan en temas gastronómicos... Yo estuve hace poco en el País Vasco y allí hay cantidad de sociedades gastronómicas que son totalmente privadas. Bueno, pues aquí los cocineros se hacen una y le tienen que pagar 10.000€ (con dinero público) el presidente de la Diputación, que es nuestro dinero.

Asociación Provincial de Talleres de Vehículos, 80.000€ también que le paga. Centro Gallego de Innovación de FP 875.000€; nosotros vemos bien que se haga en Orense, aquí en Galicia, el Centro de Innovación de FP, pero no podemos engañar a la gente en que esto va a ser realmente innovación. En FP se forman técnicos; del mismo modo que una escuela de enfermería son enfermeros, los enfermeros no suelen hacer investigaciones de élite, quien las hace son los médicos, o los químicos, o los biólogos en ese campo, pero los enfermeros no suelen hacer investigaciones de élite. Los enfermeros hacen labores técnicas, totalmente fundamentales.

Este centro de investigación, es prácticamente imposible que en este Centro de Innovación de FP salga un avance científico porque esto viene de la Universidad, no de FP. Entonces, claro, intentar engañar a la gente que con el Centro de FP Ourense va a innovar y es algo puntero, no. Puntero es la Universidad y los centros de investigación, los trabajos de doctorado; la FP no es puntera en investigación. Entonces que no nos engañemos.

Punto número dos, si tenemos que dar 875.000€, que son en torno a 150 millones de las antiguas pesetas, ¡vaya seguidor que está hecho! Porque si yo soy presidente de la Diputación, o alcalde de Orense, intentaré hacer que la Xunta pague todo; porque Orense es una zona deprimida, necesitamos discriminación positiva y este señor lo que está haciendo es poniendo el dinero de los orensanos. ¡No, hombre! que lo ponga la Xunta porque flaco favor nos haces.

Luego, finalidad de campo de herba Salomonde 400.000€ y aquí me hace gracia porque pone, que el beneficiario es también la Xunta de Galicia. Es decir, estamos a favor de que se le ponga hierba artificial al campo de Salomonde; pero, hombre, que lo tiene que poner la Xunta de Galicia, no la Diputación, ¡coño!, tienes que conseguir dinero de la Xunta aquí que somos la tierra pobre. Poñendo pasta, así fai amigos calquera.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Básicamente es lo que estamos ya... eso, que la Diputación tiene un sistema de gasto muy superior al Concello de Orense, en cuanto a libertad. El Concello de Orense tiene muchos más gastos fijos, obligatorios; con lo cual la Diputación tiene margen de maniobra y se despilfarra de esta forma. Pero es importante decir que siempre está diciendo que la Diputación tiene un sentido porque se trata de ayudar a aquellas labores de Concellos pequeños que no pueden hacer por sí mismos. Todo eso es la mentira para que persista la Diputación; porque para ese cometido, de servicios comunes, se gasta en torno al 15% del presupuesto de la Diputación y todo lo demás es personal y gasto arbitrario. Por eso, con esa mentira de los servicios comunes de los pueblos pequeños, de los municipios pequeños se mantiene esta farsa para mantener el juguete del heredero.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista** : bos días a todos e a todas. Grazas señor presidente e benvido ao novo deputado desta Corporación.

Efectivamente estamos ante un expediente de modificación de créditos do orzamento deste ano; por certo, un orzamento aprobado no Pleno desta Deputación no pasado mes de setembro do ano 18. Como sempre, este presidente quere ser o primeiro nestas cousas aínda que de pouco lle vale. Un orzamento que ten unha cifra de 82,7 millóns de euros para o ano 2019. Un orzamento baseado en meras previsións e que se irá modificando ao longo do ano, en sucesivas modificacións como xa é tradición nesta Casa.

Pero hai que recordar unha cousa moi importante e é que o Estado entrega a esta Deputación, neste ano, 72 millóns para cumprir cos seu obxectivo que non é outro que asegurar que os Concellos con menos recursos e os cidadáns de todos os territorios desta provincia teñan os mesmos servizos e, polo tanto, os mesmos dereitos alá onde vivan con independencia do seu código postal. Pois ben, este grupo socialista ten presentado reiteradas propostas para dedicar a maior cantidade, é dicir, unha maior porcentaxe deste orzamento ao verdadeiro obxectivo desta Institución; a facelo con criterios de xustiza, con criterios e procedementos de concorrencia pública. Esa é non outra, señor presidente, debería ser a guía da xestión de calquera forza política que presida unha Deputación.

Pero aquí seguimos noutra galaxia. Xogamos en distinto nivel. Aquí seguimos dedicando varios millóns de euros cada ano á promoción persoal e ao brillo do seu presidente. Para mostra case dos dous millóns de euros gastados en publicidade e marketing que están rexistrados nas facturas; á viaxes, á accións do presidente no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

exterior para a súa mellor gloria, ocultando, por certo os custos reais desas viaxes; á accións no exterior sen outro obxectivo que manterse no poder mentres non atende ás demandas nin ás necesidades dos que viven nesta provincia.

Esta Deputación só dedica 4,4 millóns a distribuír no plan de obras e servizos para todos aqueles concellos desta provincia e só 1,5 millóns na importante rede viaria da que esta Institución é titular. Para mostra, ben o saben os alcaldes que se sentan nesa bancada e tamén na nosa. Mentres o actual presidente desmontou as brigadas propias de obras desta Casa; primeiro reducindo a cantidade de materiais e despois, tendo unha gran parte desa maquinaria parada e logo, tamén, reducindo a dotación do persoal desas brigadas. Como resultado, temos unha rede chea de fochancas e un mantemento bastante ineficaz, ineficiente; por non dicir, en moitos sitios, en estado calamitoso. Mentres tanto, o presidente utiliza os poucos recursos que destina ás actuacións cos Concellos con criterios, claramente, partidistas como reflexa esta modificación orzamentaria.

Xa dixemos as cifras nos ano 2018, onde o dedo do presidente dedicou 10 dos 12 millóns de euros que distribuía á concellos do PP –algúns máis agraciados que outros, tamén o saben ben-, cando a realidade é ben distinta e, se quitamos a poboación do Concello de Ourense co cal esta Deputación non presta colaboración, o PP e o PSOE gobernan un número similar de veciños e veciñas desta provincia; é dicir sobre uns 100.000 habitantes nos concellos do PP e uns 90.000 habitantes nos concellos doutros partidos, como por exemplo o PSOE e outras forzas políticas. Existe, polo tanto, señoras e señores deputados e señor presidente, unha clarísima e máis que evidente discriminación feita a propósito por este presidente dende esta Institución. Algo que, de non ser delito, a todas luces é indecente e inmoral.

O presidente ten rexeitado calquera proposta de cambiar esta situación e de revertela. Rexeitou propostas de pór en marcha un Plan, rexeitou propostas de poñer en marcha un Plan para actuar e captar compromisos e actuacións para combater o despoboamento proposta por este Grupo. Rexeitou propostas para aumentar a dotación das asignacións aos concellos a través dese plan único con criterios obxectivos, nos que seguiremos teimando e, se todo é posible, dentro de dous meses poñeremos en práctica. Rexeitou as propostas de utilización do remanente de tesouraría para unha convocatoria

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

pública e asignar fondos a actuacións municipais e para mellorar a rede viaria provincial e municipal.

Rexeita, en definitiva, todas as iniciativas que lle propón a oposición e que supoñen poñer cartos enriba da mesa e distribuír equitativamente os orzamentos; manter, iso si, a cadea de favores, o clientelismo que é, en definitiva, o que segue a imperar nesta provincia intelixente coa frase tan manida, señor portavoz, *nós gobernamos, nós distribuímos porque nos elixiron os cidadáns*. Claro que si, pero vostede non teñen dereito a gobernar do xeito que o están facendo, é dicir, de xeito discriminatorio e partidista.

Este ano seguimos seguimos coas mesmas. O presidente presenta a segunda modificación de crédito por importe de 8,3 millóns, nada menos. Estamos, pois, ante unha medida non acordada con ningún Grupo, non debatida, senón imposta polo Grupo de goberno co seu presidente á cabeza. É unha medida claramente partidista e electoralista que debullarei polo miúdo na seguinte intervención. Polo de pronto, nada máis e moitas grazas

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Bo día señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos está a seguir neste salón de sesións, ou ben a través de internet. E por certo, benvido que xa llo dixen persoalmente, pero tamén aquí, benvido compañeiro Pedro, alcalde de San Cibrao das viñas.

Bueno, case xa o dixen nalgunha ocasión, case podíamos darlle á cintiña e os discursos que temos tido aquí ben de orzamentos, ben de modificacións de orzamento, son sempre os mesmos. Eu creo que xa é repetitivo, entón eu vou a empezar tamén co que digo sempre, e que xa sei que non lles vai a gusta, pero o que digo sempre, xestión brillante, si, a deste equipo de goberno co seu presidente ao fronte e, como non, co persoal desta Deputación como non podería ser doutro xeito.

Dito isto, teño que dar datos, á marxe de respectar as posturas e os comentarios, máis ou menos afortunados, que xa escoitei aquí nesta primeira intervención e supoño que me quedan algúns máis. Pois ben, liquidamos o orzamento do ano 18 cun remanente de Tesouraría, como xa se adiantou aquí en máis dunha ocasión, histórico 24,5 millóns de euros; o máis grande da historia desta Deputación provincial.

O obxectivo que tiñamos, e temos, era claro, chegar á débeda cero a final deste mandato –como así será- e que estas cifras que prometemos, que prometemos, cando se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

presentou o Plan 15-19 primeiro como programa electoral e logo como plan de mandato dos catro anos que están a piques de rematar, pois si, como prometemos, así o estamos a facer; guste ou non guste, interpreten o que queiran, liberdade que teñen vostedes para elo.

Para este goberno provincial, en todo caso, esta cifra histórica é froito dunha xestión económica impecable que posiciona á Deputación de Ourense nunha situación financeira inmellorable, o que permitirá seguir adiante con novos plans de mandato e desenvolver proxectos de especial relevancia para esta provincia.

Executar un orzamento ao 100% é practicamente imposible e os que temos, porque así o decidiron os cidadáns, responsabilidades de goberno, así o temos; outros ou outras parece que non é así. Hai partidas que se consumen menos por haber máis ingresos ou hai outras que se incrementan por haber máis ingresos. Na liquidación final resulta, resulta, como consecuencia dunha boa xestión ese remanente de tesouraría. Outros teñen que facer plans de saneamento, ou outras obrigacións de tipo legal para poder sanear as súas contas. Nós non.

Por iso, aínda que non lles guste, chegamos a este importante remanente de tesouraría e con el podemos amortizar créditos coa clara intención, como xa dixen, de alcanzar a débeda cero ao remate deste mandato e, como tamén dixen anteriormente, lograr unha situación financeira que permita afrontar no futuro máis investimentos e atender demandas e peticións que todos os días lle chegan ao presidente desta Deputación e ao Grupo de goberno. Por certo, por certo, e non o pensen doutro xeito, peticións que son valoradas, priorizadas e que, atendendo á súa viabilidade e finalidade, serán e son reflectidas nas correspondentes modificacións de crédito como a que nos ocupa o día de hoxe.

Pois ben, para todo isto presentamos hoxe este expediente de modificación de créditos consistente na autorización, como xa se dixo aquí en parte, dos suplementos de crédito e concesión de créditos extraordinarios por un importe superior aos 8,3 millóns de euros e que se financien mediante recursos procedentes, como non podería ser doutro xeito, do remanente de tesouraría do ano 18 para gastos xerais. Subvencións a entidades que logo detallarei, en parte, e que por certo señora Lama eu xa vexo que traía ou tiña en mente o seu discursiño de dicir a ver se aparecía Muíños por aí, os de sempre pois non, non aparece, aparece Petín, xa ve, só Petín. Hoxe chafáronlle o discursiño...*bueno*, si *hombre*,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Vilamartín; Petín aparecía ao principio unha corrección de erros. Por certo, por certo, o que pediu a subvención e o que a xestionou foi o señor alcalde de Petín, hai que dicirlllo, mire como me di que si, pois atendeuse a el, que máis dá, foi el o que xestionou. *Bien*, logo falarei, logo falarei destas peticións, señor Bautista tranquilo, non se me poña vostede nervioso como a señora Lama que vostede é un home veterano e agora que se vai, máis. Tamén as subvencións aos concellos onde goberna o PP son para todos os veciños, non só para os do PP.

Destacamos, tamén, destacamos,tamén, neste expediente unha partida –a máis grande de todas- de 2 millóns de euros que se dedicará a un plan para mellorar as estradas de titularidade provincial. Moito se falou neste Salón de Plenos, e algo xa se dixo aquí agora, porque ás veces os rolliños ben preparados chocan coa realidade, pois xa se dixo aquí algo; pois ben, nós dobramos –como prometemos- o importe asignado á mellora de *carreteras*, aparte dos materias que tamén va aí, señora Lama. Estúdese un pouco máis e con serenidade as propostas que facemos; non as tomes, así, en plan demagóxico como é o seu costume.

Pois ben, vou a destacar tamén, xa que vostede vai facer un *desglose* polo miúdo eu voulle a adiantar algo de traballo –voulle a adiantar-, logo vostede dirá o que teña que dicir, dalgunhas, doutros estou seguro que non poderá dicir nada, seguro. Pois ben, encanto ás transferencias correntes que se prevén neste expediente de modificación de créditos eu destacaría algunha ou algunhas,moitas, pero axudas que facemos á Asociación Celanova Chea, a COGAMI, a Cruz Vermella, a Fundación discapacitados psíquicos Terras de Celanova. En canto a medio rural, prestarémoslle axuda, como falamos no Pleno do estado da provincia, á Agromacén para asesorar ás comunidades de montes veciñais, ao Colexio de Enxeñeiros Agrícolas para os seus gastos de funcionamento. E tamén, un ano máis, colaboraremos co fomento do Deporte dándolle axudas a numerosas entidades deportivas; a todas ás que recibiu o señor presidente se lles atendeu á súa petición. A todas.

Cooperamos tamén coas mancomunidades e por qué aparecen aquí tres mancomunidades e non as demais? Porque as demais, se recordan, aínda que non creo que queiran recordar, aparecen no orzamento aprobado no mes de setembro; pero a demagogia non ten límites e vostedes están ao que están.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Promovemos multitude de axudas, tamén, para actividades culturais, recreativas e doutro tipo e cito algunhas: Asociación de Empresarios de San Cibrao das Viñas, ao Centro Agroforestal de Riós, o Clúster da pizarra de Galicia con 60.000€, ao Consello económico social, á Coral de Ruada, a establecementos asociados do Ribeiro, á Fundación Curros Enríquez en algo que parece que a algunha deputada lle facía moita gracia, ou deputado, pois entérense de que se trata, á Fundación Gabela, ao museo antropolóxico da Ribeira Sacra, á Ruta do Viño do Ribeiro. Tamén axudas no audiovisual, que falarei máis tarde do tema; si, señor Pérez Jácome, teño outra intervención como vostede. Colaborarmos outro ano máis coa Universidade de Vigo, como xa vén sendo tradicional, con máis de 50.000€. E por suposto, colaboramos no desenvolvemento empresarial unha vez máis, co plan Exportou 18-19 coa Confederación de empresarios de Ourense, cunha axuda de 100.00€. Co Colexio de Farmacéuticos de Ourense nun plan de apoio á farmacia do rural, co Concello de Vilamartín de Valdeorras, a través do señor Bautista alcalde, aínda, do Concello de Petín, nunha merecida homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán.

En canto a transferencias de capital, cooperamos coa Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense para a construción dunha gardería, que tanta e tanto interese tiñan onde se construíría, pois xa lle digo que se construírá en Paderne de Allariz; coa Mancomunidade Conso Frieiras. Prestaremos tamén axuda á Asociación de familias de enfermos de Alzheimer de Ourense, á Asociación ASPANAS, ao Consello Regulador Denominación de Orixe Monterrei, á Fundación San Rosendo, xa se dixo aquí, a Gesmédica, ao Padroado San Pablo de Celanova, entre outros.

Tamén colaboraremos no desenvolvemento empresarial prestándolle axudas, xa adiantou aquí algún voceiro, á Asociación de Talleres de Vehículos. Asociación de Empresarios de San Cibrao das Viñas. Tamén, por suposto, unha partida importante (tamén falarei máis tarde dela) colaboración coa Xunta de Galicia no Centro, no novo Centro Galego de Innovación de FP en Ourense; promovido –eu diría pelexado- polo noso presidente con total determinación e que, coa axuda del e do presidente da Xunta de Galicia, contaremos con el máis pronto que tarde en Ourense.

Tamén apostamos polo desenvolvemento no Plan Nacional de Territorios Intelixentes da Axenda Dixital para España; tendo como obxecto a creación dunha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

plataforma integrada de turismo intelixente, algo innovador e consideramos que de grande importancia para esta provincia.

Presentamos, tamén, propostas que se levarán a cabo de colaboración coa Xunta de Galicia, como aquí xa adiantou alguén tamén, no Plan estratéxico das Denominación de Orixe Galicia Sabe, con 60.000€. No campo de herba artificial de Salomonde, non é o primeiro caso nin será o último. Na conservación e mantemento do Castelo de Monterrei, con 40.000€ e para terminar, tamén, no ánimo de velar pola mellora e conservación do noso patrimonio histórico, colaboraremos tamén co Bispado de Ourense cunha axuda de 150.000€ para a rehabilitación da casa reitoral Santa mariña de Xinzo de Limia,

Estas e moitas outras, que teñen vostedes no seu poder, son o que vostedes chaman cacicadas do presidente e do Grupo de Goberno; pois non, pregúntenlle aos beneficiarios. E máis, pregunten quen se acercou á Presidencia da Deputación e non foi atendido. Déixense de demagogia e traballen algo máis.

Remato este expediente (xa vexo que a xente anda nerviosa, xa vexo) e por último, a petición dos concellos de Padrenda (tranquilícese, señor deputado, tranquilícese home; xa vexo que vostede ten potestade de estar nervioso, pero tranquilícese), a petición dos Concellos de Padrenda, A Gudiña, A Veiga e Celanova propomos tamén unha modificación técnico, que non de carácter económico nin de petición de ningunha axuda, a cambio a algúns concellos de finalidade de determinadas subvencións outorgadas no Pleno dos orzamentos. Xa digo, e repito, sen variar absolutamente nada o seu importe concedido no seu momento. De momento, como di a señora Lama, nada máis, moitas grazas

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** grazias. Si supiera que no iba a hablar el del BNG, no habría tomado el bombón de licor.

Bueno, el alcalde bienvenido, el alcalde se San Cibrao bienvenido que antes no le dije nada, disculpe. Nos presentamos, por cierto, ahora en las elecciones municipales; aprovecho para decirle que nos vamos a presentar y a ver si conseguimos quitarle la mayoría absoluta.

Bueno, vamos a ver, Plácido, no me vuelvas a echar la bronca o a mirar mal si equivoco Lobios con Muíños, porque tú antes equivocaste Petín con Vilamartín, ¿no? Más o menos, por ahí andan, no pasa nada.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Vamos a ver, me hace gracia porque uno de los argumentos que dice Plácido, alcalde de Muíños, que repites ¿no?, de momento que repite; pues dice, por ejemplo, algo así: hemos doblado la inversión en mantenimiento de carreteras. Es que no tienes que tienes que doblar ninguna en una inversión de mantenimiento de carreteras; tienes que llegar a lo que realmente se exige que son 6.000€ por km y la Diputación está muy lejos de eso. Efectivamente se ha podido incrementar algo, pero sigue siendo una ruina; es decir, el cometido de la Diputación, aparte de los servicios comunes que tiene que dotar a esos municipios, se le encarga el mantenimiento de las carreteras, de ciertas carreteras de la provincia, y se recomienda que no debe ser menos de 6.000€ el km. Claro, la Diputación no gasta en esto y luego gasta en todas estas chorradas y subvenciones para amiguetes que antes hemos citado. Eso para empezar.

El sistema de la *xestión brillante* que dice Plácido a mí da pena que a Plácido se le peguen las paranoias de José Manuel Baltar. La verdad, es que Plácido todas las historias que dice José Manuel Baltar, no las suele decir donde es secretario ni donde es alcalde; esa paranoias todas que él desbarra de *xestión intelixente*, *gestión implicada*, *débeda cero*...la reserva para la Diputación, porque se debe un poco a su jefe. Pero no las suele decir en los concellos de Pereiro de Aguiar, donde es secretario, ni en Muíños, donde es alcalde. Todas estas chorradas no las dice, las dice porque se le pega lo que dice aquí José Manuel Baltar.

El otro día Baltar hizo una entrevista en Onda Cero, suponemos que pagada con dinero de la Diputación y entonces Baltar decía lo siguiente, para que ustedes vean de quién estamos hablando: *no ano 14, a primeira conferencia nacional de gobernos provinciais celebrouse en Ourense. Dice a primeira conferencia nacional celebrouse en Ourense*, antes dijo somos los primeros en hacer los presupuestos. Eso es realmente de una persona que tiene paranoias con ser el primero en auténticas tonterías. Hemos hecho aquí unas transcripción de lo que dijo el otro día, que tiene que ver en cómo gasta el dinero, ustedes lo han oído como dijo *fixemos a primeira...sempre* está con ese rollo; entonces dijo lo siguiente, lo que dijo, extracto de lo que dijo el otro día en Onda Cero, José Manuel Baltar: *durante este tempo estamos en Partenalia, organización europea de provincias, me elixieron vicepresidente y desde mayo de 2018, soy el presidente; elección unánime por membros de gobernos provinciales de todas las naciones* (de todas las naciones del mundo mundial) *y de todos los signos políticos. Esto pasó también en la Red Europea de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

*Territorios Termales, donde también estamos, en cuatro años me eligieron también vicepresidente y, en estos momentos, soy candidato a la presidencia; esta cuestión se resolverá en el mes de junio (no podrás ser candidato a la presidencia porque como no repita en la Diputación, no puede ser; que sería el colmo que fuera por libre). Y también fui elegido –reitera José Manuel Baltar- y también fui elegido, hace cinco meses, vicepresidente de la Confederación Europea de Poderes Locales intermedios que son unas asociaciones de municipios y provincias de 8 naciones de la Unión Europea.*

Luego dice: *voy a presentar, el 30 de marzo, esos 122 proyectos innovadores; diciendo el año, el mes, el día y la hora en la que pondremos en marcha.* Esto es una fricada que solo lo dice él, a nadie le importa la hora en que ponga en marcha y qué presenta; lo que interesa es que sea un proyecto interesante para los orensanos. La hora le importa a él porque es el primero que innova en esta tontería, como si otro pone el minuto y mañana otro te pone el segundo, y otro te pone la décima y ya te ganó. Esto me recuerda a la película *Algo pasa con Mary*, que hizo un tío, voy a hacer un tema para mantenerse en forma que hay que estar entrenando 8 minutos al día y dice el otro: ¿y eso qué es? ¡Hombre! Es que 8 minutos al día nunca se hizo tan corto. Y si mañana te viene otro y te lo saca por 7, ¿qué haces? Pues este igual, ¿no? Voy a decir la hora. Entonces son fricadas que realmente para Orense no valen para nada,

Fíjense, todo esto que ha dicho Baltar de vicepresidente de todas estas historias, es bueno para José Manuel Baltar porque colma su ego; pero no es bueno para José Manuel Baltar, porque colma su ego; pero en nada beneficia esto a Orense. La realidad de Orense, fíjense bien, si a Baltar le va todo bien, he dicho todo esto es bueno para Baltar; pero no es bueno para Orense; porque Baltar...este es el currículum de Baltar –de maravilla, para él- y este es el currículum de Orense, Plácido, esta es la triste realidad: Orense es la provincia de España con mayor media de edad, situada en los 50,5 años en el 2018. Orense es la provincia de España con mayor porcentaje de población de más de 65 años. Todo esto vienen los datos...aquí vienen realmente las notas, esto no son fricadas, esto es ya lo que dice el Instituto Nacional de Estadística, esto ya no es el baremo de Baltar, es la triste realidad.

El índice de envejecimiento de Orense es el mayor de toda España. Menos del 30% de la población de Orense trabaja. Por cada 1.000 defunciones de Orense, nacen 346 niños.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Orense es la segunda provincia española donde menos niños nacen. En los últimos 12 años, Orense ha perdido 26.000 habitantes; pronto bajarán de los 300.000. De los 26.000, Orense ciudad ha perdido 3.000. Es la ciudad, de las siete gallegas, que más población ha perdido en los últimos años; Orense ciudad que es el centro de la provincia, o sea que realmente es el núcleo de la provincia.

Bueno, pues esta es realmente es la realidad. La realidad es que hoy sale una historia aquí en twitter en la que dice: Baltar anunciando su candidatura a las elecciones para el año 2023. No se puede presentar a las elecciones, porque no existen elecciones a presidente de la Diputación. Él se presenta ahora, lo dice aquí en el twitter que ha hecho él para que vean ustedes como desbarra esta persona, y lo que dice es básicamente esto, una foto de él, *Manuel Baltar 2023, o Partido Popular de Ourense convida á presentación de Manuel Baltar como candidato a la presidencia de la Diputación de Orense que tendrá lugar el 30 de marzo, que es mañana, a las 11h en el Auditorio*. Es decir, mañana José Manuel Baltar se presenta como candidato a la presidencia de la Diputación, cuando no existen esas elecciones; porque es un método indirecto, primero tiene que salir elegido concejal y luego los concejales lo votarán. Pero el pueblo nunca vota directamente al presidente de la Diputación, le votan los concejales a los que después él les tiene que hacer favores para que, a cambio, le voten; como las federaciones deportivas que son todas así. Por eso los presidentes de las Diputaciones están varias décadas en el poder, como los de las federaciones deportivas, porque es una red piramidal que tienes que contentar a los que están debajo, porque no te votan las bases, es un tema delegado.

Es como los presidentes de los partidos, es muy difícil desbancar, mientras que si vota el pueblo uno por uno es mucho más fácil. Si mañana el PP hace una votación de toda la militancia para echar a Baltar, pues obviamente perderían; pero como va todo por temas delegados es mucho más difícil. Bueno, pues esta es realmente la historia. La realidad, Plácido, es esta.

Respecto a las mentiras que dijiste en tu intervención. Mira, gestión brillante, tú lo dirás mil veces, yo lo diré mil veces y al final el pueblo creará a quien crea. Mira, el tema de la deuda cero, no tiene ningún mérito tener deuda cero porque si no haces inversiones es normal que la deuda sea ceo, es normal; de hecho este año había un remanente de 34 millones de euros. 18, creo que van, se incorporan al presupuesto, al siguiente presupuesto

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

y 8 son los que vamos a gastar aquí; es lo que estamos discutiendo ahora. Son estos 8 millones. Bien, gestión impecable. La gestión impecable te la acabo de decir yo con los datos de estadísticas. Somos la última provincia. Cuando la cogió él es como si en un equipo de fútbol eres farolillo rojo; lo cogió de farolillo rojo (eso es verdad, también es verdad que no lo hundió más) y lo mantiene de farolillo rojo. Yo nunca vi en ningún entrenador que si coge al equipo de último y lo mantiene de último, se diga gestión brillante, Plácido. Gestión brillante es si pasa del 20 al 16; pero si lo cogió de último, cogió a Orense como a última provincia de España, la mantiene de última, ¿dónde está la gestión brillante? Explícamelo, por favor.

Me hace gracia porque dijiste otra vez, con el tema de que vamos a... dijiste la deuda y entonces haces un razonamiento absurdo porque dices: en el momento que tengamos deuda cero, podremos invertir más. Es que esto me recuerda el chiste del tipo aquel que dice: ¿tú por qué llevas ese yunque ahí, pesado, en el hombro? Y dice: por si viene alguien, un león a perseguirme; lo tiro y corro más. Pues esto es lo mismo, porque esa inversión que dices tú, Plácido, esa inversión que dices tú ya se podría hacer ahora. Lo normal es hacerlas las inversiones cuando corresponda e ir jugando con la deuda; pero decir: primero voy a acabar con la deuda y luego hacer inversiones. Oye, ¿por qué es más importante hacer inversiones a partir de que la deuda sea cero, o antes? O sea, habrá que hacer inversiones cuando haya que hacer inversiones.

Por otro lado, estás amortizando intereses que eran de intereses cero; entonces es absurdo amortizar una deuda con intereses cero. Déjala ahí. Como son intereses cero utiliza el dinero para invertir, si hace falta. Yo entiendo que la última provincia de España no puede esperar a que ese señor tenga cero, para colgarse una medalla y hacer inversiones. Las inversiones las habrá que hacer ya, porque somos los últimos de España. O sea, si tú vas de último en la liga, *vou contratar novos xogadores cando teña débeda cero*; coño, *se vas de último na liga, terás que contratar xogadores xa para cambiar*. Entonces, es un razonamiento totalmente absurdo.

Luego dices lo de turismo inteligente. Yo te vuelvo a decir una cosa. Orense tiene un turismo inteligente. Yo quiero el turismo tonto de Santiago de Compostela y de Sanxenxo. ¿Yo para qué quiero el turismo inteligente de Orense donde somos los últimos?

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

*Iso méteo para ti, eu quero o turismo tonto de Santiago que está a tope. Pero turismo inteligente son solo paranoias y palabras para este señor.*

Nada más. Nos queda un mes y medio de esta pesadilla, el 26 de mayo son elecciones; ya llevareis el primer golpe ahora, el 28 de abril, en las elecciones generales. *Agora é cando lle ides ver as orellas ao lobo, no 28 de abril e despois en las elecciones de mayo, pues, es muy fácil, Plácido, xa botei as contas; ten que baixar no partido judicial de Orense. Tivéstedes 40.800 votos, con que baixedes a 37.000 no Partido Judicial de Ourense, acabouse José Manuel Baltar e a xente ten que ter claro que, se vota a un alcalde do PP, está votando perpetuar a este hombre y veremos lo que pasa.*

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** agora si. Grazas.

Plácido, non me poño nerviosa, para nada, e os nervios, en tal caso, van por dentro e a procesión tamén, como soen dicir.

Xestión brillante, home, ás probas nos remitimos. Os datos están aí e son teimudos e as estadísticas, tamén; entón non hai nada máis que discutir. É dicir, os datos so os datos e non son opinións, nin subxectivas sequera, nin obxectivas. Os datos son contrastables e están aí, para a nosa desgraza.

Con respecto á liquidación do orzamentos, di que teñen un remanente de Tesouraría de 34 millóns. 34 millóns que non se gastaron e que se tería que ter gastado, porque esta institución non está para facer aforros; esta institución está para investir, para colaborar e para axudarlles aos concellos. Por certo, algúns que pasan boas necesidades. Iso en segundo lugar.

Mire, evidentemente hai cousas que podemos compartir dentro desta modificación de crédito. Estamos de acordo nese incremento de 2 millóns de euros para a rede viaria provincial, xa que tíñamos unha partida practicamente raquíctica. Tan raquíctica que era 1,5 millón de euros, o que supón unha grave redución con respecto a outros anos e que deixa a esa partida, pois, ante a imposibilidade de atallar moitísimas obras que fan falta nunha rede de estradas provincial amplísima, de moitísimos quilómetros, vostedes sábemo ben; porque temos unha poboación dispersa, porque temos infinidade de núcleos de poboación aos cales temos que chegar. Pero está moi lonxe dos 15 millóns de euros que dedica, por exemplo, a Deputación de Lugo ás vías provinciais -moi lonxe- aparte dos 21 millóns que ten como plan único para distribuír entre os Concellos a principios de ano, para que cada Concello

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

saiba, cando empeza o ano, a qué ten que dedicar os cartos e qué prioridades ten que facer (desculpe, estou esperando unha chamada moi importante).

Mire, hai moitas accións que son discutibles, se hai que financiar con 250.000€, por exemplo, o Festival de Cine que organiza a cidade de Ourense e do cal nos fixemos cargo este ano; ao mellor tamén hai que financiar outros festivais de cine curto que están nacemento, por exemplo, na vila de Verín. Pois ben, este asunto non se acordou nin foi debatido en ningunha comisión informativa.

Con respecto á outra partida, á Cátedra, por exemplo, do reto demográfico ímoslle a dedicar 12.000€ que non é máis que para pagar que o presidente fora alí a dar unha charla cun conferenciante e recoñecido periodista, por certo do cal lle preguntamos o orzamento e negouse que houbera custo ou convenio algún con esa entidade.

Por exemplo, está o sistema de dar a entidades a dedo como se dan cantidades a asociacións dalgúns lugares (vostede relatou algunhas) e por que non se dan a outros? Ou se dá moito menos? Ou, por exemplo, a un colexio profesional de enxeñeiros, que vostede acaba de citar, por que non se da a outro? Ou a uns gandeiros e por que non se dan a outros? Ou a un club deportivo e por que non se dan a outros? Isto, señor Plácido e señor presidente, chámase discriminación e tamén discrecionalidade. Hai subvencións directas a determinados asociacións, é certo, e a determinadas actividades; tamén é certo; así subvencionamos, por exemplo, a un acordeonista como acaba de citar algún compañeiro.

Estas sonlle actuacións que están aí reflectidas neste expediente de modificación de crédito; pero haille outras actuacións que son inaceptables, sinceramente inaceptables. Por exemplo, eses 250.000€ para facer unha película; merece una explicación que xustifique esa cantidade. Non estamos para subvencionar películas, estamos para axudar a crear proxectos que beneficien a esta provincia.

Estamos, señor Plácido, para financiar a Fundación San Rosendo con diñeiro público? Un centro a unha entidade privada? Mentres, por exemplo, se negan axudas ou non se promoven residencias de maiores públicas ou que teñan por iniciativa a determinados concellos.

Estamos, señor Plácido, para facer achegas a colectivos de empresarios, como por exemplo, unha de 156.000€ ou para gastos de funcionamento de sedes, ou para...? Mire,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

nós estamos para axudar aos empresarios, para iso está a CEO e a Cámara de Comercio a piques de desaparecer.

Outro proxecto, así mega proxecto, que tamén unha substanciosa subvención é a Insúa dos Poetas, para maior gloria dunha persoa que nos parece, sinceramente, un disparate. Despois, están as múltiples subvencións nominativas que van a máis alá dos límites do normal, por exemplo, a esa asociación gastronómica que citaban antes os compañeiros e por que non a unha asociación micolóxica, por exemplo?

Mire, sinceramente, financiar o deporte está moi ben e por que non financiamos a todo o deporte mediante unha asignación xusta e equitativa e distributiva entre todos os concellos que teñan escolas deportivas de base?

Mire, é inaceptable, que esta Deputación subvencione á Xunta para un proxecto, do cal hai constancia escrita nun libro onde asina, nun acto partidista do Partido Popular, onde asiste o presidente da Xunta e o presidente do Partido Popular da provincia e onde se asina, entre empanada e pinchos, orzamento para un campo de fútbol, 200.000€ para o Salamonde, e está escrito da seguinte maneira, por parte do presidente da Xunta, *traballaremos para un campo novo de herba artificial. Asinado, queda dito, asinado Alberto Núñez Feijóo*. E por parte do presidente desta Institución: *nesta xornada, acordamos coa Xunta de Galicia, na persoa do seu presidente, dotar a esta instalación de herba artificial*. Parécenos, sinceramente, un acto inmoral, porque hai moitísimos outros concellos que precisan de instalacións dese tipo; porque hai moitísimos outros clubs que necesitan instalacións dese tipo e non que vaia o presidente da Xunta e o presidente desta Institución a asinar nun libro un compromiso. Parécenos indecente e inmoral.

Mire, este expediente de modificación de créditos, señor presidente, trátase de autorizar, polo tanto, un gasto discrecional e caprichoso, sen base nin criterio; inxusto, polo tanto, sen concorrencia que permita que outros podan presentarse e sen atender ao principal obxectivo desta institución. Por certo, en moitos casos, en moitos casos, señor Plácido, (como vexo que está atendendo ás indicacións do deputado de cooperación que parece que está máis versado no asunto, *bueno*, ao mellor se fora muller, tería que facer non dúas, tería que facer tres, diso falareille despois), polo tanto *puenteando*, dicíalle, moitas veces á propia autonomía municipal, á sociedade civil e afectando á competencia entre empresas e entidades.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Están vostedes a facer un traballo non de xestión brillante, un traballo nefasto e oxalá nos vindeiros meses os cidadáns desta provincia lle poñan, en base aos datos que lles acaban de reflectir outros compañeiros e que están nas estatísticas, porque eses sonlle os datos reais que constan no instituto nacional de estatística, que somos a provincia á cola de todo; por moito que o presidente se gabe de ser o primeiro, ou que xoga na Champions League.

Mire, sabe o que, señor presidente? aquí todo vale con tal de contentar a uns que son os que lle recollen os votos, para maior gloria do seu partido, que a única finalidade que ten nesta provincia é manterse no poder e que este señor siga sendo, como acaba de anunciar, o presidente da Institución. Penso que máis pronto que tarde, isto tenlle que dar unha volta. Por suposto, este Grupo vai a votar en contra desta modificación de créditos.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Xa vexo que, tanto o señor Rodríguez Suárez como a señora Lama, dan por feito que vostede será o próximo presidente desta Deputación, nese camiño estamos e nel seguiremos.

Logo con respecto á lamentable situación da provincia, pois *bueno*, que o digan os cidadáns; van a votar pronto, que o diga. Pero, *bueno*, parece ser que todos os que non os votan a vostedes on *tontos*; eu tamén me considero *tonto*, dende logo, dende a súa perspectiva, pero non me considero tanto como vostedes pensan.

Logo, espero, señor Pérez Jácome, que xa que vai gobernar o señor Sánchez, ou todos din que si, espero que non, pois espero que a situación desta provincia reverta dunha vez, pois terá que facer outros orzamentos que non fixo cando presentou estes. *Bueno* esperemos que cambie a situación e non os faga el.

E logo xa vexo a filosofía que teñen vostedes de gobernar, pois é moi distinta á nosa. Nós entendemos unha boa xestión do xeito en que facemos, vostedes enténdena doutro; dáme a impresión porque nunca tiveron responsabilidade de goberno.

Logo, señora Lama, vamos a ver, brevemente. Citou vostede que non se lle daba unha subvención ao festival das curtas de Verín; debeu mirar mal o expediente, míreo con detemento logo fala vostede dos campos de fútbol, ou falan, mire vostede, esta Deputación vén colaborando dende fai anos, e voulos a citar incluído o meu, señora Lama, tamén o de Muíños, o de Bande o de Xinzo, o de Pereiro de Aguiar. Tres, tres campos porque o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

concello de Pereiro de Aguiar achegou máis que ningún porque pode, ou porque quere, o de Ribadavia, o do Barco e seguiremos; xa que o señor presidente volverá a ser presidente (eu non sei se estarei aquí), pois seguirá colaborando cos campos. Asegúrolle que si.

Dito isto, por rematar e dar unhas cantas pinceladas e sen ánimo de ser repetitivo; pero si de reiterar algunhas cousas. Estamos a falar de modificación de crédito, porque un ano máis, volvo a dicilo, a xestión económica é un dos éxitos fundamentais deste goberno provincial; enténdano ou non o entendan.

A débeda cero é unha realidade, non o queren entender así?, alá vostedes. O remanente de Tesouraría máis alto de tesouraría da historia está aí, tamén é un dato. Outros teñen que facer outro tipo de “artilugios” para sobrevivir, e dígoos entre *comillas*.

Daríalles a vostedes certa credibilidade, para que non se me enfade o deputado, que recoñezan este tema e que non admite debate algún. Eu creo que no fondo así o entenden. Tamén lles daría credibilidade, a verdade é que permítanme que lle diga, andan bastante escasos dela, que apoiaran dalgún xeito, levan caladiños moito tempo a este respecto, as dúas grandes noticias desta modificación de créditos que xa non se citan; *bueno*, alguén citou aquí algo: 875.000€ para a implantación en Ourense do Centro Galego de Innovación na Formación Profesional en alianza coa Xunta de Galicia (a formación profesional é o futuro e Ourense será a capital de Galicia nese tema); os 597.000€ destinados a implantación do Plan Ourense Provincia de Turismo Intelixente coa entidade pública empresarial Red.es do Goberno do Estado, ao marxe de que alguén se ría de tal iniciativa.

Esta modificación de créditos, señora Lama, señores deputados, tamén os deixa sen a súa principal crítica que vostedes viña preparada para elo –sempre demagóxica, entenderá que llo diga e, ás veces, indocumentada, como acabo de ver– de favorecer a concellos de determinada sigla. Non hai subvencións a concellos, só unha -agora non me equivoco-, a Vilamartín de Valdeorras, promocionada, chamémoslle así, polo señor alcalde de Petín.

Tampouco busquen, nas súas fantasmas habituais, axudas a eses concellos dirixidos por alcaldes ou alcaldesas que, esgotándose o mandato electoral, ou a dous meses vista, optaron por encabezar candidaturas da nosa formación política. Busquen noutro lado axudas a Trives, Río ou Parada do Sil. Nin os seus argumentos falaces e demagóxicos resisten esta modificación de créditos; deberían ser humildes e recoñecelo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Repito unha vez máis, repito, apoiamos as Mancomunidades de concellos porque cremos na cooperación e no seu funcionamento. Axudas todas elas, para proxectos racionais e eficientes; algúns deles na liña do reto demográfico, tan falado ultimamente, e de conciliar da vida laboral como a construción da gardería –como xa dixen- na Mancomunidad de Concellos da comarca de Ourense por importe de 120.000€. Tamén contemplamos un convenio co Colexio Oficial de farmacéuticos que parece que non lles senta a vostedes nada ben, pero *bueno*, para apoiar tamén as farmacias do medio rural. Vostedes están a favor ou non, señora Lama? Díganolo.

Mantemos e reforzamos a nosa alianza con outras administracións. Non lle damos subvencións, señora Lama, á Xunta de Galicia; é unha alianza, é unha cooperación entre administracións para determinados investimentos e xa os citou vostede, non llos recordarei eu. Do mesmo xeito, con fundacións culturais e entidades de ámbito social e sanitario; exposicións todas elas que xulgamos de interese, de gran interese, para á provincia e que, grazas á xestión económica deste Grupo de Goberno, podemos axudar a poñer en marcha.

Cobran especial relevancia os convenios, que aquí non se citaron tampouco, con entidades de emigración; tanto coa Federación de Asociación galegas e co Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires.

Unha modificación que fala tamén da aposta polo audiovisual, que tanta risa -como dixen- lle causa a algúns, logo da organización no 2018, pola Deputación, do festival de cine de Ourense, reforzando o seu orzamento para a edición 2019 e apoiando a directores ourensáns nas súas producións ou películas rodadas en Ourense e certames que se realicen en diferentes puntos da provincia. Todo vencellado, directamente, a outro acordo deste Plenario que falaba da futura Ourense Film Comission na provincia como un gran escenario audiovisual; sen dúbida unha aposta pola creatividade e a cultura que convido a que comproben moi pronto, o próximo martes, o éxito da nova edición Ourense ICC Week.

En definitiva, señora Lama, señores deputados e deputadas, díganme qué falta nesta modificación, qué necesidade, e quen a formulou, queda fóra; qué necesidade e quen a formulou, queda fóra. Serán incapaces de contestala por unha razón ben simple, vostedes non teñen –e permítanmo tamén e non se me enfade don Adolfo- vostedes non teñen o pulso da provincia. A súa interlocución cosa entidades ás que me referín, non todas, asociacións e colectivos redúcese a visitalos en período electoral –agora si o farán- e a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Deputación, esta Deputación, este goberno está sempre, está e resolve como se ve; como facemos hoxe esta modificación de créditos.

Seguimos e seguiremos traballando e mañá -como xa se dixo aquí-, mañá o señor presidente desta Deputación presentará o programa para os próximos catro anos en Celanova, o programa electoral; cousa que vostedes non fixeron nunca, nin -voume a atrever a dicilo- non o van a facer porque, de momento, non teñen nin candidato nin perspectivas de que o poida ser presidente desta Deputación. Vostedes, dígoos con todos os respectos, nin están en Ourense, nin se lles espera. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourenzana (2), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civeira, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
16611/60000	Plan de cooperac. Prov. Investimentos en terreos. Expropiacións	150.000,00 €
33419/62300	Teatro Principal. Maquinaria, instalacións e ferramentas	40.000,00 €
33420/62501	Act. Culturais e recreativas. Esculturas	45.000,00 €
33611/78902	Patrimonio Histórico Artístico. Bispado de Ourense	150.000,00 €
45012/76301	A Mancom. Conso Frieiras. Prox.IDEA.Coop. provincial	60.000,00 €
45311/61901	Vías provinciais. Plano base coop. Vías provinciais	2.000.000,00 €
45311/61903	Vías provinciais. Reparación vías provinciais	200.000,00 €
92014/64100	Administración electrónica. Gasto en aplicacións	75.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

	informáticas	
		<b>2.720.000,00 €</b>

**CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
16611/65003	Planes provinciais. Planos coop. provinciais	100.000,00 €
16611/78900	Plano Coop. Provincial. Outras transferencias	92.844,00 €
23111/78900	Acción Social. Outras transferencias	682.306,72 €
32411/75000	Funcionamento Centro FP. A Comunidade Autónoma	875.000,00 €
33211/62900	Biblioteca. Outras inversións novas	200.000,00 €
33420/62200	Act. Culturais e recreativas. Edificios y otras construcións	21.648,78 €
33420/75000	Actividades culturais e recreativas. Xunta de Galicia	60.000,00 €
33420/78900	Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias	150.000,00 €
33421/64100	Fundación Insua dos Poetas. Gasto en aplicacións informáticas	10.000,00 €
33611/75000	Patrimonio Histórico Artístico. Xunta de Galicia	40.000,00 €
34111/75000	Promoción e fomento do deporte. Xunta de Galicia	200.000,00 €
43300/78900	Desenrolo Empresarial. Outras transferencias	156.000,00 €
45012/76300	Cooperación Provincial. A Mancomunidades	120.000,00 €
92014/72300	Administración electrónica. A Entidades Públicas empresariais	597.804,47 €
92412/78900	Participación veciñal. Outras transf. Asociacións.	100.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

		<b>3.405.603,97 €</b>
--	--	-----------------------

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
23111/48900	Acción Social. Outras subvencións	141.500,00 €
31331/20700	Termalismo. Prestación de servizos	150.000,00 €
32611/45101	Universidade de Vigo. Outras transferencias	50.890,00 €
33420/22609	Actividades culturais e recreativas. Actividades Culturais	24.900,00 €
33420/48900	Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias	120.000,00 €
33420/48908	Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias. PEN Club	10.000,00 €
33420/48912	Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias	860.460,00 €
33421/48933	Fundación Insua dos Poetas. Outras transferencias	20.000,00 €
34111/48210	Fomento do deporte. Actividades deportivas	133.000,00 €
43111/48003	Feiras e exposicións. Expourense	60.000,00 €
43300/48935	Desenvolvemento empresarial. Outras transferencias	12.000,00 €
45012/46300	Cooperación Provincial. A mancomunidades	115.000,00 €
45311/22706	Vías Provinciais. Estudos e traballos técnicos	100.000,00 €
91211/20200	Corporación Provincial. Arrendamentos de edificios e outras construc.	30.000,00 €
91211/22706	Corporación Provincial. Estudos e traballos técnicos	46.819,00 €
92011/21500	Pazo provincial. Mobiliario	60.000,00 €
92011/21600	Pazo Provincial. Equipos para procesos de informac.	40.000,00 €
		<b>1.974.569,00 €</b>

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

**CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS CORRENTES**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
41411/48900	Medio Rural. Outras subvencións	55.000,00 €
32613/48900	USC. Outras transferencias	5.000,00 €
43300/47000	Desenrolo empresarial. CEO	100.000,00 €
45012/46200	Cooperación Provincial. A Concellos	15.000,00 €
33420/22615	Actividades culturais e recreativas. OUFF 2019	250.000,00 €
		<b>425.000,00 €</b>

**RESUMO**

Suma suplementos de crédito .....	<b>4.694.569,00 €</b>
Suma créditos extraordinarios .....	<b>3.830.603,97 €</b>

**RECURSOS UTILIZADOS**

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>8.525.172,97 €</b>
--	-----------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/489.00** “**Acción Social. Outras Subvencións**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
ADEGAL	Gastos de funcionamento e actividades 2019	12.000,00 €
ASFAVAL (Asociación de familiares de persoas con discapacidade intelectual de Valdeorras)	Gastos de funcionamento	4.500,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Asociación Celanova Chea	Funcionamento e actividades	30.000,00 €
COGAMI	Gastos de funcionamento 18/19	50.000,00 €
Cruz Vermella	Colaboración en materia de emerxencias e xuventude	20.000,00 €
Fundación Discapacitados psíquicos Terra de Celanova	Gastos de funcionamento	25.000,00 €
		<b>141.500,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **414.11/489.00 “Medio Rural. Outras Subvencións”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
AGROMACEN	Asesoramento de comunidades veciñais	35.000,00 €
Colexio de Enxeñeiros agrícolas	Gastos de funcionamento 2019	20.000,00 €
		<b>55.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.06 “Fomento do Deporte. Eventos deportivos”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Club de montañismo Montañas de Trevinca	Actividades formativas Alta Montaña	18.000,00 €
Club deportivo Escudaría HC Competición	Rallie MIX A Gudiña 2018	12.000,00 €
Club deportivo Barco	Gastos de funcionamento e Escolas deportivas	20.000,00 €
Club deportivo Velle	Escolas deportivas	15.000,00 €
Escudaría Barbadás Club Deportivo	Rallie MIX Barbadás 2018- 2019	12.000,00 €
Escudaría de clásicos de Ourense	25 rallie de Ourense de vehículos clásicos	10.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Escudaría Luintra	Rallie 2017-2018-2019	32.000,00 €
Grupo Cuevas Nogueira Trail	Edicións 2018 y 2019	14.000,00 €
		<b>133.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/463.00** “ **Cooperación Provincial. A Mancomunidades**”

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Mancomunidade de Carballiño	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade do Ribeiro	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade Turística Terra do Avia	Gastos de funcionamento	15.000,00 €
		<b>115.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.12** Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Amigos da Cociña Galega	Actividades e funcionamento 2019	30.000,00 €
Asociación Cultural 1809 A Batalla	Festa da Batalla en Boborás	22.000,00 €
Asociación Cultural Airóa	Talleres audiovisuais Ribeira Sacra	20.000,00 €
Asociación cultural O Son de Trevinca	Recuperación Entroido	6.500,00 €
Asociación Cultural Os Xuncos	Renovación instrumentos musicais	10.000,00 €
Asociación Cultural Xuvenil Irrio	Festival Ponte Louco	10.000,00 €
Asociación Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas	Estudo Polígono en cifras exercicio 2018	11.000,00 €
Centro agroforestal de Riós	Gastos de funcionamento	30.000,00 €
Centro de Educación Superior NEXT, S.L.U.	Cátedra del Reto demográfico (Foro)	12.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Cluster da Pizarra de Galicia	Xornadas, publicación e promoción	60.000,00 €
Consello económico social	Informe socioeconómico Vía da Prata - Camiño Mozárabe	17.000,00 €
Conservatorio profesional de música de Ourense	Actividades diversas e adquisición de material	11.000,00 €
Coral de Ruada	Vestiario e material diverso	32.280,00 €
Coral Santa Mariña de Xinzo	Vestiario (25 traxes)	3.000,00 €
Escola de música de Trasmiras	Material e equipamento	15.000,00 €
Establecementos asociados do Ribeiro	1ª Feira Oportunidades do Ribeiro	6.000,00 €
Federación de Asociacións Galegas de Bos Aires	Dixitalización de fondos	20.000,00 €
Festival de curtas de Verín	Festival de curtas de Verín	10.000,00 €
Fundación Alexandre Bóveda	Gastos de funcionamento e actividades	10.000,00 €
Fundación Curros Enríquez	Videoxogo Arnoia	70.000,00 €
Fundación Gavela	MOREA	60.000,00 €
Mundinova	Documental "Camiños de Tierra"	22.000,00 €
Museo Antropolóxico da Ribeira Sacra	Equipamento material	33.000,00 €
Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario	Funcionamento e actividades 2019	10.000,00 €
Ruta do Viño do Ribeiro	Actividades e funcionamento 2010-2017	20.000,00 €
Victor Prieto	Masterclass Julio 2019 - VI Edición	9.680,00 €
Xamulú Films, S.L.	Rodaxe integra na provincia de Ourense de "Olvido y León"	250.000,00 €
Zeza Ceballos - Zenit TV	Elisa y Marcela"	50.000,00 €
		<b>860.460,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.21/489.33 Fundación Insua dos Poetas. Outras transferencias**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Fundación Insua dos Poetas	Ampliación do patrimonio actividades, gastos de mantemento	<b>20.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **326.11/451.01 “Universidade de Vigo. Outras transferencias”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Facultade de xeografía e Historia da Uvigo	Muro do Bubal. Estudo arqueohistórico do Val do Bubal -	40.000,00 €
UVIGO	Auditoría enerxética e análise de consumos eléctricos no Campus de Ourense	10.890,00 €
		<b>50.890,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **326.13/489.00 “USC. Outras transferencias”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
USC	Proxecto estalmat - Galicia	<b>5.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **431.11/480.03 “Feiras e exposicións. Expourense “**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Expourense	Vinis Terrae 2019	<b>60.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.00/470.00 Desenvolvemento empresarial. CEO**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
CEO	Plan EXPORTOU 2018-2019	<b>100.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.00/489.35 “ Desenvolvemento empresarial. Outras transferencias”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Colexio de farmacéuticos de Ourense	Plan apoio farmacias medio rural	<b>12.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.00 Cooperación provincial. A Concellos:**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Vilamartín de	Homenaxe a Florencio Delgado	<b>15.000,00 €</b>

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Valdeorras	Gurriarán	
------------	-----------	--

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/763.00** “ **Cooperación Provincial. A Mancomunidades**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense	Construción de gardería	<b>120.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/789.00** “**Acción social. Outras transferencias**”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
AFAOR (Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Ourense)	Sede	36.000,00 €
Asociación ASPANAS	Adquisición furgoneta	30.000,00 €
Consello regulador Denominación de Orixe Monterrei	Arranxo sede	60.000,00 €
Fundación San Rosendo	Residencia 3º idade Lobios	400.000,00 €
Gesmédica	Proxecto piloto social Comarca Carballiño	98.000,00 €
Hermanitas de ancianos desamparados "Hogar Santa María - Verín"	Adquisición furgoneta	36.886,94 €
Padroado San Carlos Celanova	Reforma Residencia 3º idade	21.419,78 €
		<b>682.306,72 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/789.00** “**Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asoc. Gastronómica Pazo de Loureiro	Obras da sede social	10.000,00 €
Colexio Santiago Apostol de Bos Aires	Mellora de instalacións	80.000,00 €
Fundación Aquae Querquennae	Escavacións e outras	60.000,00 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

	colaboracións	
		<b>150.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.00/789.00** “ **Desenvolvemento empresarial. Outras transferencias**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asoc. Provincial de Talleres de Vehículos (ATAVE)	Adquisición local social Alto do Cumial	80.000,00 €
Asociación Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas	Peche e arranxo do aparcadoiro na Cidade do Deporte	60.000,00 €
Sofragal, SC- Cooperativa Castaña	Construción instalacións	16.000,00 €
		<b>156.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **166.11/789.00** “**Plan Coop. Provincial. Outras transferencias.**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de Veciños de Córghomo	Proxecto de acondicionamento captación AUGA	10.000,00 €
Asociación de veciños do Rabal	Abastecemento de auga	50.000,00 €
Asociación de veciños O Loureiro de Bousés	Instalación depósito de auga	19.844,00 €
Asociación Veciñal Cultural e Deportiva da Parroquia de Cantoña	Subministración de auga potable	13.000,00 €
		<b>92.844,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **322.11/750.00** “**Funcionamento Centro FP. A Comunidade Autónoma**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Centro Galego de Innovación de FP	Creación dun Centro Galego de innovación da FP en Ourense	<b>875.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **920.14/723.00** “**Administración electrónica. A Entidades Públicas Empresariais**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Entidad Pública Empresarial	Implantación Plan Nacional de	<b>597.804,47 €</b>

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

RED.ES	territorios intelixentes da axenda intelixente	
--------	--	--

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/750.00** “**Actividades culturais e recreativas. Xunta de Galicia**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Xunta de Galicia	Plans estratéxicos das D.O. "Galicia Sabe"	<b>60.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/750.00** “**Promoción e fomento do deporte. Xunta de Galicia**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Xunta de Galicia	Herba artificial Campo Salamonde	<b>200.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **336.11/750.00** “**Patrimonio histórico Artístico. Xunta de Galicia**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Xunta de Galicia	Conservación e entorno mantemento Castelo de Monterrei	<b>40.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **336.11/ 789.02** “**Patrimonio Histórico Artístico. Bispado de Ourense.**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Bispado de Ourense	Rehabilitación casa reitoral de Santa Mariña Xinzo de Limia	<b>150.000,00 €</b>

**3º.-** Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, prevíase unha subvención ao **Concello de Padrenda** para o saneamento en Freans por importe de 48.000,00 euros. Con base na solicitude do Concello de Padrenda de data 28 de febreiro de 2019 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 07 de marzo de 2019 **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser o de “**Reposición de accesos en Ameán e O Condado**”

**450.12/762.01** “**Cooperación provincial. A Concellos subvencións**”

Beneficiario	Finalidade	Importe

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Concello de Padrenda	Reposición de accesos en Ameán e O Condado	48.000,00 €
----------------------	--	-------------

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, prevíase unha subvención ao **Concello da Gudiña** para “IDEA (aforro enerxético) por importe de 40.000,00 euros. Con base na solicitude do Concello da Gudiña de data 18 de xaneiro de 2019 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 23 de xaneiro de 2019 **proponse o cambio do beneficiario** da subvención á “Mancomunidade de Municipios Conso-Frieiras” .

Esta subvención á Mancomunidade estaba xa prevista no orzamento Xeral da Deputación na aplicación orzamentaria 450.12/763.01 “Cooperación provincial. A mancomunidade Conso Frieiras. Proxecto Idea”, polo que **deixamos sen efecto a subvención ao Concello da Gudiña** polo mesmo importe e polo mesmo obxecto.

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, prevíase unha subvención ao **Concello da Veiga** para “rúa A Pateira” por importe de 90.000,00 euros. Con base na solicitude do alcalde da Veiga **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser “**Rehabilitación Casas Escolas para uso vivenda nos distintos núcleos do Concello da Veiga**”.

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello da Veiga	Rehabilitación Casas Escolas para uso vivenda nos distintos núcleos do Concello da Veiga	90.000,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, prevíanse unhas subvencións ao **Concello de Celanova** para:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Celanova	Mellora saneamento Areal – Celanova	41.242,53 €
Concello de Celanova	Rehabilitación do colector na rúa Celso Emilio Ferreiro	48.000,00 €
Concello de Celanova	Achega abastecemento Mandrás	30.000,00 €

Con base na solicitude do **Concello de Celanova** de data 30 de novembro de 2018 ante a imposibilidade económica de acometer estas obras **proponse a renuncia das obras anteriores e que sexan substituídas no Orzamento do 2019 polo proxecto denominado “Saneamento e abastecemento en Mandrás”** polo importe de 119.000,00 €.

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Celanova	Saneamento e abastecemento en Mandrás	<b>119.000,00 €</b>

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**5º.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS CON CARGO AO ORZAMENTO DE 2019.-**

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Moi breve. Seguimos afrontando gastos non contemplados nas partidas; gastos de todo tipo, algúns –os menos- que xustifican o recoñecemento e outros –os máis- dende o noso punto de vista que son inxustificables. Polo tanto, nós vamos a votar en contra. Nada máis. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. *Bueno*, despois de escoitar as palabras, fachendosas tamén teño que dicir, do señor portavoz, solo nos queda dicir que hai algunha data especial para vir aquí onde o presidente a pedir cousas? Porque xa que é o Virei desta provincia e baixar a estola...home, Plácido! Estamos no S. XXI, estamos presumindo de provincia intelixente, estamos presumindo da intelixencia y aquí a intelixencia é o que menos funciona, estamos pedindo plans equitativos, xustos e distribuídos con criterios de xustiza entre todos os Concellos, asociacións, clubs e demais. E iso é o que vostedes non queren facer e non o queren facer, sinceramente e sinxelamente, porque lle vai moito mellor así.

Vostedes seguen a manter desde esta Institución, este presidente segue a manter as mesmas prácticas que herdou do seu pai, que é o que mellor funciona para seguir presidindo esta Institución. Por certo, a el elixeno os concelleiros dos Concellos onde resultas elixidos concelleiros e alcalde; entón é unha elección indirecta. Vale?, non ten que presentar proxecto de mandato ningún; en tal caso o proxecto de mandato terao que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

presentar diante desta Corporación o día que se vote como presidente, porque antes é, *bueno*, cubrir un expediente , sacar unha nota na prensa, nos periódicos para a súa maior gloria e engrandecemento persoal.

Con respecto a este recoñecemento extraxudicial de crédito, dicir que estamos ante un trámite legal, pois, legalizar chapuzas deste grupo de goberno, chapuzas de facturas que chegan aquí; algunhas, por certo, que podían estar nesta Casa con anterioridade ao mes de setembro. E por que digo isto? Digo isto porque os técnicos teñen que facer o seu traballo e teñen que imputar ao orzamento deste ano facturas que chegan fóra de prazo.

A realidade é que o que se pretende tapar é o mal funcionamento é que, *bueno*, nunha pequena dimensión ata podería ser actuacións un pouco *chirriantes*, non?, actuacións de espectáculos diversos por importe de 9.000€; 2.400€ de *merchandising* para esa tan *cacareada* ourensanía...Mire, a ourensanía non ten que ser unha marca, a ourensanía ten que levarse dentro, predicar co exemplo e facer da provincia un líder e non un deserto que é o que están a facer vostedes con esta provincia. Cantos núcleos do rural lle quedan nalgún concellos con cero habitantes? Sábeo dicir vostede, señor Plácido? Sábeo dicir vostede, señor presidente? Esa é a realidade. Somos portada dos telexornais a nivel nacional, de esa España *vacía* que se queda sen xente e que se queda sen futuro; diso somos campións, diso é do que temos que presumir.

Mire, e eses 4.800 € a unha adega do futuro candidato dunha alcaldía, por certo, onde obteñen vostedes os peores resultados, que xa explicou magnificamente ben o vicepresidente segundo na comisión informativa que fora para a festa de Montederramo da carne celebrada, por certo, no mes de outubro. Eu convido, dende aquí, a todos os alcaldes da provincia que teñan algunha festa de exaltación dalgún produto, que veñan a esta Deputación a pedirlle cartos ao presidente para viño. Que conste en acta. Están convidados todos os alcaldes, sexan ou non do PP, a vir aquí e que esta Deputación lles pague as botellas de viños deses eventos. Isto é normal? Ou será un pago por adiantado para convencer a alguén de que encabece unha lista? Están vostedes utilizando, señor Plácido, e nesto nos reafirmamos, cartos públicos desta Institución para levar candidatos do seu partido; por certo, aí onde teñen malos resultados, que tamén os teñen. E vólvolle a recordar, vostedes gobernan, aproximadamente, a 100.000 habitantes nesta provincia – quitando á capital- o resto dos partidos, aproximadamente, a 90-95.000; polo tanto, non hai

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

que presumir tanto. Hai que ser un pouquiño máis humilde, como me vi vostede algunhas veces.

Mire, estamos, pois, ante a legalización dos caprichos do presidente, dos gastos que, na maioría das decisións, son de actividades para pagar cacicadas; así con todas as letras, cacicadas que é o mellor que saben facer. Este Grupo non está para ser cómplice desta forma de gobernar que ten este presidente. E por certo, tan moderno é que tanto nome en inglés lle quere poñer ás cousas que xa podería predicar co exemplo, ser un pouco máis intelixente, chamar ás cousas polo seu nome e deixar de facer vellas prácticas.

Mire, aínda non recibimos, señor Plácido e señor presidente, explicacións dalgúns gastos polos que levamos preguntado moitas veces. Por exemplo, vén neste recoñecemento extraxudicial de crédito, aproximadamente, un importe de 10.000€ de custos desa viaxe á Arxentina que están fóra do orzamento que foi licitado e colleu unha empresa por importe duns 70.000€; logo resulta que veñen facturas a maiores e a nós explicacións aínda se nos deron. Como tampouco se nos deron as explicacións do importe total desa magnífica exposición dos suevos que se levou a cabo nesta cidade con afluencia bastante importante de público, pero que seguen traendo aquí facturas desa exposición.

Polo tanto, señor Plácido, señor presidente, nós non podemos votar a favor deste recoñecemento extraxudicial de crédito, de ningunha maneira. Se foran facturas que chegaron no último momento, no último mes e non se poden imputar a exercicio cerrado; que chegaran no mes de xaneiro, vale; pero o que vén aquí dista moito diso. Isto é un recoñecemento extraxudicial de cacicadas; polo tanto xa lle digo que anunciámoslle o voto en contra.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente, tratarei de ser breve. Como ben se di na proposta da Presidencia, e vou a empezar por centrar o tema porque vexo, con todos os respectos, que non traen os deberes minimamente feitos. Mediante informes do 13 de marzo de 2019 da Intervención desta Deputación –a quen lle corresponde–, púxose de manifesto a existencia dunha relación de facturas por un importe total de 215.000€ -insisto, nisto- conformadas polos responsables dos servizos correspondentes e non reparadas, como pasa noutros moitos Concellos e non vou a citar a ningún, e que corresponden a obrigas pendentes contraídas pola Deputación Provincial e que debido a que foron (debido, señora Lama, debido) tramitadas de modo extemporáneo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

que se detallan claramente e de maneira moi concisa no informe, ou no anexo do informe, da señora interventora non puideron imputarse ao exercicio ao que lle correspondía, ou exercicios, porque incluso temos unha factura do ano 17 e non é culpa desta Deputación, nin dos técnicos nin de quen está no grupo do goberno que algún provedor traía unha factura cando lle peta, perdóenme a expresión, e para iso están os rexistros desta casa e para iso están vostedes para comprobalo e os técnicos asesores que teñen no Grupo.

Debo aclarar, tamén, que no propio informe de intervención sinálase á opción de proceder ao pago de ditas facturas e á súa aplicación ao orzamento vixente; dio a señora interventora (vostedes bota man do informe da interventora cando queren, cando non queren non botan; lean iso tamén) mediante un acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos que constitúe unha atribución do Pleno da Corporación. En consecuencia, señora Lama, iso é o que facemos hoxe, traelo aquí e deberían examinar en detalle, en detalle, a relación de facturas que traemos hoxe aquí, en detalle.

Repito, trátase dun expediente informado favorablemente por os técnicos desta Casa, cada un na responsabilidade que lle corresponde. Estamos a falar dun procedemento regrado, perfectamente legal e habilitado para tratar este tipo de asuntos e quen temos responsabilidade de goberno, aínda que sexa humilde como a miña, sabemos de qué falamos.

Négome, polo tanto señora Lama, négome a entrar no oportunismo que vostedes buscan nestes caso e que eu entendo, pero eu non teño que facer seguidismo, pero voume a referir a dous, pero mire que cousa, sabía que o ía dicir porque os traio escrito, mire vostede xa empeza vostede a ser predicible e iso que leva pouco tempo. Mire, a viaxe a Bos Aires, co gallo do premio da Ourensanía, tivo imprevistos como pasa en calquera casa de veciño, señora Lama, e vostede recoñéceo, e creo que en privado tamén, e eses imprevistos, derivados da dinámica da axenda, non contemplados no concurso inicial son os que obrigaron á Presidencia a adoptar algunha resolución para propor determinados gastos. Trátase, señora Lama, de gobernar e, polo tanto, de darlle solución aos imprevistos que aparecen. Repasen as facturas e máis que na forma, fíxense no contido.

E con relación ao tema da adega Cachín que se chama así, que teño entendido, pois estamos a falar dunha simple cooperación, señora Lama, non lle bote vostede máis malicia, unha simple cooperación cun concello desta provincia, como se fai con moitos outros,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

coorganizando, repito, coorganizando a Festa da Carne, a actividade social máis importante do ano en Montederramo, evento plenamente consolidado nese concello e que se celebra todos os 12 de outubro. Non existe impedimento algún para que exista relación con esta adega; situación, señora Lama, absolutamente legal. Descoñecemos, e eu persoalmente por suposto, descoñecemos a titularidade da adega; pero si sabemos que estamos ante un viño, ante un viño, orgullo para Ourense, dos máis internacionais desta provincia que, por certo, precisa axudas tan especiais como a que vostedes nos traen aquí, tanto á adega como o seu titular ou cotitular. Se ao final o señor presidente foi capaz de comprar ao amigo Cachín por menos de 5.000€ e lle resolvemos o problema da adega, por Dios!, valóreo vostede.

Non hai problema de ningún tipo, fora ou non candidato de formación política algunha; por certo, naquel momento non o era, pero segundo vostede xa nadaba o presidente na compra, xa empeza cedo!. Asegúrolle que non, está totalmente equivocada, foille moito máis tarde a cousa, moitísimo máis tarde. Tampouco o hai para que esta Deputación manteña relacións económicas con entidades ou empresas que pertencen a cualificados militantes do seu partido, si, si, a cualificados militantes do seu partido. Investiguen, e hai varios casos. Non medimos as relacións en termos de eficacia e eficiencia, de bo ou mal produto. Vostedes teñen o rigor daquela maneira, con todos os respecto, pensan noutra clave e así lles vai.

E remato, a ver se algún deses cos que hai relación comercial coa Deputación tamén entra no mercado de *fichajes* e vostede vaime a recriminar; eu creo que non, xa acabou o mercado, parécemo. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas. Señor Plácido e señor presidente, dicir que o mercado de fichaxes vén de recoñecer as prácticas que se fan dende esta casa con cartos públicos. Dicir que, persoalmente, coñece ao señor Cachín dende fai moitos anos porque non sei se vostedes saben, ao mellor a Corporación non, a miña familia tiña restaurante e dinlle de comer moitas veces; dinlle de comer, era un cliente extraordinario e efectivamente ao mellor os seu caldos son uns bos caldos da provincia. Eu simplemente me refiro ao feito de que sexa, agora mesmo, o candidato na alcaldía, o candidato do Partido Popular á alcaldía de Castro Caldelas.

Resúltanos chocante que se paguen facturas de viño desta Casa para unha festa determinada e simplemente digo que se faga o mesmo trato co resto dos concellos, pois a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

señora Ana ten a festa de exaltación do pemento de Oímbra. Vostede ten o Galo Pica no Chán. Entón, non ten que ser na mesma bodega, fagan vostedes un percorrido por distintas bodegas que seguro que os empresarios llo van a agradecer.

O feito é que aquí veñen facturas, efectivamente, que algunha delas, recoñézoa señor Plácido, xa sei que non lle gusta que falemos de cacicadas; pero ás probas nos remitimos, moitas delas son cacicadas que é o que se segue, en definitiva, practicando dende o seu grupo de goberno e practicando por este presidente desta institución.

Polo tanto, repítolle, vamos a votar en contra deste recoñecemento extraxudicial; con independencia de que non dubidamos para nada do expediente, de que estea ben feito e das indicacións dos técnicos, do informe da señora interventora e demais. Non dubidamos para nada diso, dubidamos do que contén o expediente, dubidamos das facturas que contén o expediente; non dubidamos do procedemento legal que para iso está na Lei de bases. Ás veces non todo o que é legal é moral, señor Plácido.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Moi brevemente. Menos mal que reconece que formalmente fixémoslo ben, só faltaría. *Bueno*, voulle a recordar que nas bases de execución do orzamento que todos aprobamos aquí –*bueno*, vostedes no- dise que todas aquelas facturas que entran e se rexistran nesta Casa no mes de xaneiro se imputan e as outras hai que facer un expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, porque é así.

Eu invítoa a que siga mirando o contido das factura e que nos diga, que nos diga, se está ben ou mal e que acepte as labores de goberno, ás veces, teñen que atallar imprevistos, señora Lama, e vostede que aspira a selo -coido que non o vai a ser- se o fora entenderíame máis facilmente.

Logo fala vostede do mercado de fichaxes, que lle chamo eu, pois si, eu creo que acabou o prazo; para os primeiros, para os seguintes ao mellor aínda non acabou. A saber qué pasa aquí. Pero *bueno*, se nós nos dedicamos a mercadeo, vostedes non sei qué fixeron en Maceda ou non sei qué fixeron no meu pobo para pór de primeiro a un de Alianza Popular e de segundo a un do BNG. Non sei que fixeron algo deberon de facer e creo que o van a seguir facendo, pero *bueno*, liberdade como a teño eu, xa verei a quen poño ou a que me queira ir, humildemente.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Un apuntamento só. Mire, para que vexa que vostedes teñen un discurso en cada sitio. Onte dicíame e min algunha persoa deputada na Deputación de Lugo que, naquela Deputación, levaron un expediente de recoñecemento extraxudicial, non; incorporaron á liquidación máis de 100 facturas, máis de 100, por un importe de case 600.000€. non digo nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcrictas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (7), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civeira e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Autorizar a imputación aos créditos de gasto do orzamento corrente de 2019, das seguintes facturas:

Aplicación orzamentaria	ACREDOR	CONCEPTO	IMPORTE (€)	MOTIVO POLO QUE SE INCLUE NESTE ACORDO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
92001/21300	RENTOKIL INITIAL ESPAÑA S.A.	FACTURA 940 / 200413292 DE 31-03-17. UNIDADES HIXIENICAS	404,80 €	CONFORMADA EN PAPEL DESPOIS DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2018 (27-07-2018)
91211/22601	EMPRESA GAVILANES S.L.	FACTURA 259 DE 30-04-17. TRASLADO GRUPO COLEXIO MARISTA A BARBANTES O DIA 24-04-2017	165,00 €	FACTURA EXTRAVIADA E CONFORMADA EN PAPEL DESPOIS DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2018 (27-07-2018)
91211/22601	EMPRESA GAVILANES S.L.	FACTURA 357 DE 13-06-17. TRASLADO GRUPO MARISTAS A TAD COÑAS CONFEDERACION HIDROGRAFICA E EDAR XINZO DE LIMIA O DIA 01-06-2017	220,00 €	FACTURA EXTRAVIADA E CONFORMADA EN PAPEL DESPOIS DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2018 (27-07-2018)
34111/22608	ASOC CENTRO DE ANIMACION RURAL SANTA	FACTURA Nº 1/2017 DE 30-08-17.	900,00 €	FACTURA CONFORMADA

45012/20700	GRUAS ALVAREZ OURENSE,S.L.	FACTURA 201800152 DE 21-09-18, SERVICIO DE GRUA PARA RESCATAR CAMION ACCIDENTADO EN CTRA SAN XURXO-TABOADELA	1.500,00 €	FACTURA CONFORMADA FORA DE PRAZO 12-03-2019
			<b>215.086,95 €</b>	

**6º.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA BENOURENSE DE COOPERACIÓN ECONÓMICA COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO PARA O EXERCICIO 2019**

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego, anunciando que hai unha emenda en relación co grao do Concello de Boborás, que lle corresponde o grao 2 en lugar do grao 3.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7) e de don Francisco José Fraga Civeira, e a abstención de Democracia Ourense (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Conceder un prazo, adicional de cinco (5) días contados desde o seguinte á publicación deste acordo no BOP para que os concellos e mancomunidades que non presentaron a súa solicitude de adhesión ao Programa de Cooperación BenOurense, axuda no fogar básico, para o exercicio 2019 poida presentala.

**SEGUNDO:** Modificar as seguintes bases do Programa Programa BenOurense de Cooperación Económica coas Entidades Locais da Provincia para o Servizo de Axuda no Fogar Básico no exercicio 2019:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Base II.- Beneficiarios, que pasa a ter a seguinte redacción:

*Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo*

*Decreto 148/2014, de 6 de novembro, a Deputación subvencionará, a través deste programa, ás entidades locais da provincia de Ourense, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo.*

*Considerarase SAF básico para os efectos deste programa, aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (PIA) non teña efectividade ou devandito programa non contemple ou non poida dar cobertura ao número de horas de atención domicilia que, a criterio dos servizos sociais municipais sexa o necesaria para a persoa usuaria, podendo xustificarse a cargo desta subvención aquelas horas que sexan cubertas a través do sistema de libre concorrència ás devanditas persoas beneficiarias”.*

Base VI. Xustificación e pagamento. Apartado 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

*Pago anticipado a conta da xustificación final.*

*Antes do 1 de xuño , a Deputación Provincial procederá, o oficio, ao libramento, en concepto de*

*anticipo a xustificar, do 70% do importe total de subvención previsto a a cada concello. O 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.*

**TERCEIRO:** Rectificar a clasificación do concello de Boborás que se reflicte no Anexo II para que consten como “grao 2”, e modificar o Anexo III relativo ás contías iniciais asignadas a cada concello, quedando os referidos anexos do seguinte xeito:

### ANEXO II: CLASIFICACIÓN DE CONCELLOS

	ENTIDADE LOCAL	CLASIFICACIÓN RETO DEMOGRÁFICO
1	Allariz	Sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 1
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 2
6	Bande	Grao 2

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	Sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	Sen prioridade
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 2
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 1
15	Bolo, O	Grao 2
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 1
19	Carballiño, O	Sen prioridade
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 2
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Grao 1
25	Cenlle	Grao 2
26	Chandreja de Queixa	Grao 3
27	Coles	Sen prioridade
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 1
31	Esgos	Grao 2
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 2
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 2
38	Lobeira	Grao 2
39	Lobios	Grao 1
40	Maceda	Grao 1

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 1
48	Muños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 2
50	Oímbra	Grao 1
51	Ourense	Sen prioridade
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 2
55	Pereiro de Aguiar	Sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 2
57	Petín	Grao 2
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 2
60	Pontedeva	Grao 2
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 2
63	Quintela de Leirado	Grao 2
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 1
70	San Amaro	Grao 2
71	San Cibrao das Viñas	Sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 3
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 2
81	Verea	Grao 2
82	Verín	Sen prioridade
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 2
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 2
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Sen prioridade
91	Xunqueira de Ambía	Grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 2

**ANEXO III:  
CADRO CONTÍAS SAF BÁSICO 2019**

	<b>CONCELLO</b>	<b>TOTAL CONTÍA</b>
1	Allariz	18.295,38
2	Amoeiro	9.033,02
3	Arnoia, A	5.739,33
4	Avión	8.529,77
5	Baltar	6.087,90
6	Bande	13.709,17
7	Baños de Molgas	7.888,88
8	Barbadás	16.590,39
9	Barco de Valdeorras, O	37.442,85
10	Bede	5.111,42

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

11	Beariz	6.155,50
12	Blancos, Os	6.195,79
13	Boborás	9.922,42
14	Bola, A	6.382,93
15	Bolo, O	6.036,52
16	Calvos de Randín	6.212,02
17	Carballeda de Avia	7.166,87
18	Carballeda de Valdeorras	7.388,88
19	Carballiño, O	37.959,62
20	Cartelle	10.755,31
21	Castrelo de Miño	7.407,54
22	Castrelo do Val	6.279,90
23	Castro Caldelas	11.690,05
24	Celanova	17.751,29
25	Cenlle	6.680,11
26	Chandrexa de Queixa	7.117,02
27	Coles	10.320,76
28	Cortegada	6.542,20
29	Cualedro	8.153,89
30	Entrimo	10.470,74
31	Esgos	6.620,62
32	Gomesende	6.103,85
33	Gudiña, A	12.081,26
34	Irixo, O	7.607,65
35	Larouco	5.276,37
36	Laza	7.099,26
37	Leiro	7.829,39
38	Lobeira	8.705,54
39	Lobios	14.326,00
40	Maceda	10.907,02
41	Manzaneda	9.716,63

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

42	Maside	10.563,59
43	Melón	6.891,04
44	Merca, A	8.202,84
45	Mezquita, A	10.024,28
46	Montederramo	8.795,41
47	Monterrei	10.179,59
48	Muíños	13.052,96
49	Nogueira de Ramuín	8.997,59
50	Oímbra	7.916,20
51	Ourense	0,00
52	Paderne de Allariz	6.823,71
53	Padrenda	8.470,28
54	Parada de Sil	7.241,68
55	Pereiro de Aguiar	18.841,62
56	Peroxa, A	8.643,35
57	Petín	5.990,55
58	Piñor	6.169,30
59	Pobra de Trives, A	17.065,96
60	Pontedeva	5.041,38
61	Porqueira	6.293,14
62	Punxín	5.428,08
63	Quintela de Leirado	5.163,07
64	Rairiz de Veiga	7.096,56
65	Ramirás	7.691,48
66	Ribadavia	16.777,79
67	Riós	7.851,02
68	Rúa, A	15.057,93
69	Rubiá	6.953,51
70	San Amaro	6.507,05
71	San Cibrao das Viñas	9.009,23
72	San Cristovo de Cea	9.560,06

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

73	San Xoán de Río	7.539,77
74	Sandiás	6.409,97
75	Sarreaus	6.799,10
76	Taboadela	6.942,69
77	Teixeira, A	6.139,00
78	Toén	6.213,92
79	Trasmiras	7.088,44
80	Veiga, A	5.952,69
81	Verea	6.085,19
82	Verín	38.025,87
83	Viana do Bolo	22.202,10
84	Vilamarín	8.246,11
85	Vilamartín de Valdeorras	8.289,10
86	Vilar de Barrio	7.177,68
87	Vilar de Santos	5.798,55
88	Vilardevós	8.829,94
89	Vilariño de Conso	7.520,84
90	Xinzo de Limia	28.703,76
91	Xunqueira de Ambía	7.388,61
92	Xunqueira de Espadanedo	5.544,36
		<b>900.489,00</b>

**CUARTO:** Ordenar que se proceda á publicación no BOP do prazo adicional de adhesión previsto neste acordo así como a publicación do texto consolidado das bases coas modificacións indicadas.

**7º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA.-**

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego, anunciando que tamén hai unha emenda no mesmo sentido

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

que no punto anterior, asignándolle ao Concello de Boborás o grao 2 en lugar do grao 3 como figura no ditame.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7) e de don Francisco José Fraga Civeira e a abstención de Democracia Ourense (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º. Aprobar definitivamente as Bases reguladoras do Programa de cooperación da Deputación Provincial de Ourense cos concellos “BenOurense Infancia”, para a concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia (PAI) 2019, co seguinte contido:**

Como en exercicios anteriores, seguindo instrucións desta Presidencia, á Área de Benestar procedeu á elaboración das bases do *Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia (PAI) pola Deputación Provincial de Ourense*.

O proxecto de bases reguladoras recolle un importante cambio ao incorporar, como criterios con incidencia na repartición económica a “perspectiva de reto demográfico”, facéndose así partícipe dos acordos da VI conferencia de Presidentes, celebrada o 17 de xaneiro de 2017, onde se acordou o impulso de medidas específicas para facer fronte aos desafíos demográficos entre os que se enumerou a concreción dunha Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico.

No marco das medidas para ter en conta nesta Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico, considérase que todo cambio demográfico ten unha gran incidencia sobre o estado do benestar, fundamentalmente en campos como pensións, saúde e servizos sociais de atención a persoas maiores e persoas dependentes.

Todas estas propostas e medidas teñen que ser impulsadas e definidas desde todos os niveis da administración, e neste sentido é especialmente sensible a administración local, como administración de proximidade, a máis próxima aos cidadáns e a primeira que debe atender as demandas da cidadanía.

Os cambios agora propostos atopan o seu respaldo no documento de acción elaborado pola Comisión de Despoboamento da FEMP, tendo en conta que a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal, é preciso responder desde unha perspectiva de gobernanza multinivel, que na práctica leva a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción.

Os concellos que poden optar a este programa de subvencións clasifícanse, segundo a aplicación dos criterios recollidos no anexo I das presentes bases, en: a) grado 0, b) grado 1, c) grado 2 e d) grado 3, en aplicación dos criterios de: 1) poboación, 2) situación xeográfica, 3) perda de poboación, 4) densidade demográfica municipal, 5) índice de envellecemento e 6) taxa de natalidade.

Esta clasificación en grados será a que se teña en conta para atribuírle un “coeficiente de ponderación”, sobre o que se calculará a subvención á que poden optar.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

No anexo II destas bases recóllese a distribución dos concellos da provincia de Ourense de menos de 5.000 habitantes e o coeficiente de ponderación que lles corresponde en atención a súa clasificación en grados.

Recóllese igualmente a obriga das administracións beneficiarias de publicitar debidamente o co - financiamento da Deputación de Ourense no afán de dar a coñecer ao cidadán os servizos e programas nos que colabora esta administración.

O contido do programa é o seguinte:

**Primeira- Obxecto da subvención:**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención a Primeira Infancia (PAI)”.

Para os efectos da presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio aos pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo. Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do PAI.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 2311/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019 por importe de 125.000,00€ (cento vinte e cinco mil euros).

**Segunda.- Beneficiarios.**

Poderán obter subvención os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense, que teñan PAIs de titularidade municipal e que non estean xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

**Terceira- Contía da subvención.**

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

a) Cada concello de menos de 5.000 habitantes e, por elo, con posibilidade de ter xa en funcionamento un PAI e solicitar a axuda obxecto desta convocatoria, ten unha clasificación en graos obtida pola aplicación dos criterios recollidos no anexo I, sendo o grao 0 o de menor risco demográfico, o grao 1 de menor risco demográfico que o grao 2, e este menor que o grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en adiante C.P), así, para os concellos en grao 0 e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5.

Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia de menos de 5.000 habitantes e o C.P que lle corresponde a cada un.

b) Obterase o sumatorio global dos C.P. dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumario obtido.

c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo C.P. que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

- *Sumatorio dos C.P. de todos dos concellos solicitantes = “C”*
- *División da contía total da subvención: 125.000 / “C” = “R”.*

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte: *C.P. da entidade solicitante x “R”= subvención que lle corresponde.*

**Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.**

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifieste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es/pai/index.php>

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente o alcalde, presidente ou secretario da entidade local e presentarase no Rexistro da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa, causando baixa nas previsións.

Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento distribuirase entre as entidades adheridas conforme ao criterio establecidos na base III.

**Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.**

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

**Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.**

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme coa base cuarta, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Ata o 15 de outubro de 2019 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a certificación de xustificación do Programa subvencionado e os gastos dela derivados da forma telemática e asinada dixitalmente segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación a través da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do día 15 de outubro de 2019 e poderase conceder sempre que se aprecie causa xustificada, como máximo ata o 15 de novembro de 2019. En ningún caso se concederá prórroga para o prazo vencido.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración a presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2019, obxecto da presente convocatoria.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

No caso daquelas entidades que imputen á subvención gastos de Seguridade Social do persoal contratado para desenvolver o proxecto admitirase ata o día 15 de novembro de 2019 documentación probatoria do aboamento de cotas á Seguridade Social.

A Presidencia declarará o reintegro ou a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

**Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.**

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

**Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.**

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto no apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.es](mailto:gabinete.presidencia@depourense.es).

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: [dpo@depourense.es](mailto:dpo@depourense.es).

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.benourense.depourense.es](http://www.benourense.depourense.es). As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta non expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679. Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

**Novena.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.**

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito a cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

**Décima.- Control financeiro das subvencións.**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2019 e 2020. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente. O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicáraselles ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

**Décima primeira.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas.**

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

**Anexo I: Criterios de clasificación dos concellos para determinar a “prioridade demográfica” e os grados.**

**Criterios para determinar a “prioridade demográfica”**

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia para os efectos do programa ChegOU 2019, son os seguintes:

**1. Poboación.**

Os concellos clasificaranse en :

- a) Ata 1.000 habitantes.
- b) De 1001 a 5.000 habitantes.
- c) De 5001 a 10.000 habitantes.
- d) De 10.001 a 20.000 habitantes

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do último ano dispoñible.

**2. Situación xeográfica.**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

a) Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.

b) Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.

### **3. Perda da poboación.**

a) Concellos que gañaron poboación na última década.

b) Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na última década.

c) Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na última década.

d) Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación na última década.

e) Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na última década.

Os datos serán sempre tomados dos últimos dispoñibles e publicados polo INE.

### **4. Densidade demográfica municipal.**

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

Para o dato de poboación teranse en conta os últimos datos publicados polo INE. En atención a este criterio a clasificación será:

a) Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km<sup>2</sup>.

b) Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 15 habitantes/km<sup>2</sup>.

c) Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 20 habitantes/km<sup>2</sup>.

d) Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km<sup>2</sup>.

### **5. Índice de envellecemento.**

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo as últimas cifras de poboación publicadas polo INE-, e as persoas menores de 15 anos e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice. Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

a) Concellos cuxo índice sexa superior a 750.

b) Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.

c) Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

### **6. Taxa de natalidade.**

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos dos últimos tres anos (datos INE), e a poboación en igual período (datos INE), en atención ao que os concellos clasificaranse en :

a) Taxa inferior a 2.

b) Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.

c) Taxa igual ou superior a 3.

## **2.- Aplicación dos criterios para a clasificación dos concellos en graos**

### **1. Concellos sen prioridade demográfica: grao 0.**

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica” ou en grao 0, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran algunha das seguintes condicións:

a) Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

b) Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

## **2. Concellos con prioridade demográfica.**

### **Grao 1.**

Serán considerado “con prioridade demográfica” os concellos que non están incluídos nunha “área urbana” e que cumpran, ademais, algunha das seguintes condicións:

- a) Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- b) Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década. Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en grao 1. Para ser clasificado de grao 2 ou de grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, o grao 1, cumprir as condicións do grao 2, ou do grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en máis dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

### **Grao 2.**

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpren algunha das seguintes realidades:

- a) Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- b) Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e inferior a 15 habitantes/km<sup>2</sup>.
- c) Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- d) Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- e) Concellos de máis de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- f) Concellos de máis de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km<sup>2</sup>.
- g) Concellos de máis de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- h) Concellos de máis de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

### **Grao 3.**

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpren algunha das circunstancias seguintes:

- a) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na última década maior ao 20%
- b) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km<sup>2</sup>.
- c) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na última década maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:
  - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ou
  - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

## **ANEXO II: CLASIFICACIÓN DE CONCELLOS EN GRADOS**

ENTIDADE LOCAL	CLASIFICACIÓN RETO DEMOGRÁFICO	COEFICIENTE DE PONDERACIÓN
----------------	--------------------------------	----------------------------

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Amoeiro	Grao 1	1
Arnoia, A	Grao 1	1
Avión	Grao 2	1,25
Baltar	Grao 2	1,25
Bande	Grao 2	1,25
Baños de Molgas	Grao 2	1,25
Beade	Grao 3	1,50
Beariz	Grao 2	1,25
Blancos, Os	Grao 3	1,50
Boborás	Grao 2	1,25
Bola, A	Grao 1	1
Bolo, O	Grao 2	1,25
Calvos de Randín	Grao 3	1,50
Carballeda de Avia	Grao 2	1,25
Carballeda de Valdeorras	Grao 1	1
Cartelle	Grao 2	1,25
Castrelo de Miño	Grao 2	1,25
Castrelo do Val	Grao 2	1,25
Castro Caldelas	Grao 2	1,25
Cenlle	Grao 2	1,25
Chandrexa de Queixa	Grao 3	1,50
Coles	Grao 0	1
Cortegada	Grao 2	1,25
Cualedro	Grao 2	1,25
Entrimo	Grao 1	1
Esgos	Grao 2	1,25
Gomesende	Grao 3	1,50
Gudiña, A	Grao 2	1,25
Irixo, O	Grao 2	1,25
Larouco	Grao 3	1,50

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Laza	Grao 2	1,25
Leiro	Grao 2	1,25
Lobeira	Grao 2	1,25
Lobios	Grao 1	1
Maceda	Grao 1	1
Manzaneda	Grao 3	1,50
Maside	Grao 1	1
Melón	Grao 2	1,25
Merca, A	Grao 1	1
Mezquita, A	Grao 2	1,25
Montederramo	Grao 3	1,50
Monterrei	Grao 1	1,25
Muíños	Grao 2	1,25
Nogueira de Ramuín	Grao 2	1,25
Oímbra	Grao 1	1
Paderne de Allariz	Grao 1	1
Padrenda	Grao 2	1,25
Parada de Sil	Grao 2	1,25
Peroxa, A	Grao 2	1,25
Petín	Grao 2	1,25
Piñor	Grao 1	1
Pobra de Trives, A	Grao 2	1,25
Pontedeva	Grao 2	1,25
Porqueira	Grao 3	1,50
Punxín	Grao 2	1,25
Quintela de Leirado	Grao 2	1,25
Rairiz de Veiga	Grao 2	1,25
Ramirás	Grao 2	1,25
Riós	Grao 2	1,25
Rúa, A	Grao 1	1
Rubiá	Grao 1	1

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

San Amaro	Grao 2	1,25
San Cristovo de Cea	Grao 2	1,25
San Xoán de Río	Grao 3	1,50
Sandiás	Grao 1	1
Sarreaus	Grao 2	1,25
Taboadela	Grao 1	1
Teixeira, A	Grao 3	1,50
Toén	Grao 1	1
Trasmiras	Grao 2	1,25
Veiga, A	Grao 2	1,25
Verea	Grao 2	1,25
Viana do Bolo	Grao 2	1,25
Vilamarín	Grao 1	1
Vilamartín de Valdeorras	Grao 2	1,25
Vilar de Barrio	Grao 2	1,25
Vilar de Santos	Grao 2	1,25
Vilardevós	Grao 2	1,25
Vilariño de Conso	Grao 3	1,50
Xunqueira de Ambía	Grao 2	1,25
Xunqueira de Espadanedo	Grao 2	1,25

**2º) Ordenar que se proceda á publicación das presentes bases no BOP e na sede electrónica da Deputación, aos efectos oportunos.**

**8º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á POSTA EN VALOR DO BIDUEIRAL DE MONTEDEERRAMO.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** muchas gracias, presidente de la Diputación, que también candidato, según él, a la siguiente presidencia de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

la Diputación, sin que haya realmente elecciones. Ya lo dije antes, pero lo voy a decir de otra forma. Se presenta candidato a la Diputación de Orense cuando no hay elecciones cuando no hay eso y me recuerda a una película que le dice un tío: *oye, corte con esta chica. La verdad que tuve que cortar con esta chica*. Y le dicen: *pero para cortar con ella, ¿no hay que estar primero saliendo con ella?* Pues es igual.

También me hizo gracia una frase de Plácido, en su última intervención, en la que dijo: *¿no sé qué más le piden a estas modificaciones de crédito? ¿Qué más le piden?* Me recuerda a una frase de Pumar en el Concello de Orense que, cuando llevó allí lo del turismo inteligente, de meterle unos indicadores a las termas de saber a cuánta temperatura están y dónde están las plazas de aparcamiento, debajo de un sitio todo embarrado y con árboles, va a decir donde están las plazas de aparcamiento libres y dijo Pumar al acabar su intervención: *¿no sé qué más quieren para Orense? ¿No sé qué más quieren?* Pues es igual.

Bueno, pues en este tema, en el tema del *bidueiral* lo que nosotros vamos a pedir, me hace gracia porque el PP ya mostró su intención de votar en contra en este tema, en las comisiones ya dijo de votar en contra, y vota en contra de todas las mociones de Democracia Orensana. Aunque me hace gracia porque una vez pedimos aquí que se mejorara la estación de Manzaneda y votaron en contra, pero después ellos dotaron allí de servicios, hicieron inversiones en Manzaneda, cuando habían votado en contra de nuestra propuesta. La única vez que votaron a favor, el Partido Popular que votó algo –eso demuestra también las paranoias de él, vota sistemáticamente que no en contra, aunque sea pedir algo bueno para Orense-, bueno pues lo único que votó a favor es cuando nosotros llevamos una iniciativa para que se defendiera el tema del *barallete*, que es una jerga típica de ciertos gremios de aquí de la provincia de Orense, ¿vale? Pues es la única vez que el Partido Popular votó a favor de este tema. Y el otro día sacó un libro del tema del *barallete* y, por supuesto, no dijo nada de que había sido una moción y una propuesta de Democracia Orensana; o sea, la única que vota a favor, pero después nos omite en cualquier presentación pública.

Nosotros lo que pedimos aquí básicamente, en el tema del *bidueiral*, es lo siguiente. Supoño, no sé si estuvisteis todos en esa zona, yo creo que está en el top5 de la provincia, sin lugar a dudas, a lo mejor en el top3, de las zonas más bonitas que puede haber en la provincia de Orense. Nosotros aquí, sin querer leer la moción, obviamente ya decimos aquí:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

mientras se pasea entre los árboles y se recorre sus senderos, se puede descubrir la fauna que habita entre los abedules: lobos, gatos monteses o armiños, incluso algún corzo; todo ello sin olvidarnos de aves rapaces como el azor, el gavilán o el águila culebrera.

En otoño, el *bidueiral* se vuelve anaranjado, para dar paso a un invierno blanco. La primavera es maravillosa y el verano nada tiene que envidiarle.

El verano me hace gracia, porque en el tema de máximo calor que soportamos los orensanos aquí, en el *bidueiral* puede haber hasta 15-17 grados de diferencia de temperatura con relación a Orense, al centro de la ciudad. En pleno mes de julio y agosto el *bidueiral* puede estar a eso.

La zona del *bidueiral* es una zona que yo no conocía, a pesar de estar relativamente cerca de Parada do Sil, está en Montederramo, cerca entre comillas, y entonces, ¿qué ocurre? Bien es cierto que ahora, en la zona del *bidueiral*, hay ya una ruta de senderismo -supongo que es lo que va a argumentar el Partido Popular-, nosotros lo que pedimos, básicamente, técnicamente, y ahora argumentaré, es que desde la Diputación de Orense se inicien los trámites oportunos para la realización de los estudios, o proyectos, necesarios para la puesta en valor del *bidueiral* de Montederramo. Adoptando las medidas y la financiación necesarias para mejorar la zona, promocionado y fomentando un turismo sostenible en la misma.

Básicamente esto es una declaración de intenciones. Ya sabemos que la Diputación de Orense ayuda, en este sentido, en algunos temas. Ya sabemos que hay una ruta de senderismo, pero tiene una cantidad de deficiencias que la Diputación tiene que poner. Es decir, estamos en el top 5, top 3, de las zonas más bonitas de Orense, lo que es en naturaleza, si tenemos en cuenta los cañones del Sil, si tenemos en cuenta la zona del Gêres y alguna más; pues estamos ante este *bidueiral* de bosque de abedules, estos *bidueiros*, que realmente la mayoría de la población de Orense no conoce y esa es la realidad. Antes estábamos hablando de que se va a gastar 240.000€ en una película y resulta que en esta zona es de donde vine la leyenda –bueno leyenda no es porque tuvo cierta realidad- que es la del hombre lobo de Romasanta, *non é?*, de Romasanta, y a veces se han filmado películas en Galicia, en ciertos sitios, que immortalizan para siempre esta zona. Bueno, pues esos 250.000 que va a gastar Baltar, que dentro de un año o dos no se va a acordar absolutamente nadie; pues mire, esos 250.000 si fueran enfocados en el *bidueiral*, si a lo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

mejor se hiciera una película enclavada ahí, pues a lo mejor se immortalizaba eso y entonces a lo mejor aumentaban las visitas exponencialmente.

¿Cómo está actualmente la zona del *bidueiral*? Obviamente lo que nosotros decimos es una declaración de actuaciones. Estamos hablando que gran parte de eso es una zona de comuneros que habrá que negociar con ellos de mil formas para, obviamente, que permitan las acciones que se puedan llevar a cabo. En su día se hizo un coto de caza que fue un auténtico desastre, porque era un coto privado donde, prácticamente, decían que se asesinaba a los animales porque no estaban estado salvaje, estaban cercados; era prácticamente llevar a gente, que no sabía cazar, para que les pegara allí un tiro. Fue algo de lo más bochornoso que ocurre en esta provincia. Todavía quedan allí lo que llaman, creo que son, vallas cinéticas, o no sé qué, que impiden el paso, que todavía están sin retirar. O sea, una zona tan bella, emblemática y de carisma, como es la zona del *bidueiral* de Montederramo, todavía tiene allí restos de aquel coto que, obviamente, lo primero que hay que hacer es retirarlo.

Hay que limpiar muchos caminos, hacerlos habitables, que muchos no se pueden pasar, y sobre todo señalizar; decir que mucha gente que va de Orense a la zona del *bidueiral* se pierde. Entonces, si se pierden tardan horas, horas, en salir. Muchísima gente no lo conoce, no sabe cómo llegar. Entonces, ¿Qué ocurre? Algo tan espectacular como es la zona del *bidueiral*, ya siempre se dice lo mismo, imagínate si esto lo cogen los vascos o los catalanes; o incluso los portugueses que en el turismo de interior nos dan un baño. Yo siempre pongo este ejemplo; en Parada do Sil, de donde soy yo, en su día había los típicos bares de pueblo, una vez que está cogiendo ya fuerza la zona, en las últimas épocas, pues hasta hace poco solo había un restaurantes (había dos y uno cerró) y ahora abrieron otro. Es decir, la zona más bonita del norte peninsular, de las más bonitas, que son los cañones del Sil, pues ahora tiene dos restaurantes. Si ustedes los comparan con cualquier zona de Portugal, es realmente para alucinar; ustedes van a, creo que es, Castro Leboeiro o Castro Lebreiro...*como é? Castro Leboeiro, que queda aquí a una hora de Ourense*, ustedes van allí, no tiene los parajes que tienen los Cañones del Sil (aunque es muy bonito) y el otro día fuimos y quedamos alucinados porque había 4 o 5 restaurantes –los de antes- y ahora hay otros tres más. O sea, es que eso es para alucinar. Y luego tienen allí venta de pisos por todos lados, ¡es para alucinar! O sea, digo yo, joder, si los portugueses cogen el Cañón del

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Sil, ¿no te quiero contar lo que hacen! Ya no tienen que ser los catalanes ni los vascos, los mismos portugueses, ¿no?

Bueno, pues nosotros, la provincia de Orense... hemos visto aquí la relación de gastos que se ha tirado el dinero a la basura, la modificación de crédito, como muchas veces, es tirar dinero a la basura; desde los 9.000€ al acordeonista de Nueva York, como cantidad de gastos que no tienen sentido, como los 250.000€ de la película *Tierra de nadie*. Y, sin embargo, tenemos aquí una zona que es una auténtica maravilla en Europa, porque no tienen parangón en lo que a abedules se refiere en el sur de Europa, es el mayor bosque de abedules en el sur de Europa y, ¡hombre! Lo que tenemos que hacer es señalizarlo mejor, promocionarlo mejor, adecentarlo y hacerlo, obviamente, promocionarlo y que así se incrementen las visitas y, ahora mismo, eso no está ocurriendo.

¿Qué pedimos también? Pedimos también, en este tema de aquí, algo también muy importante que es el tema de regular también con el tema de la caza porque decimos que tiene también unos restos de lo que ocurrió con los comuneros, aquel alquiler que se hizo, que ahora mismo aquella zona de allí tiene una zona en la que tiene un problema con el tema de la caza, porque, ya digo, arrastramos de un coto que ya está totalmente abolido y ahora mismo, pues, también está en tierra de nadie, entonces había que regularlo; con lo cual, la Xunta o la Diputación tienen que meter mano aquí.

Y repetimos, es una declaración de intenciones para mejorar esto. Me llama la atención que ustedes, en la comisión previa a esta moción, en algo fundamental para Orense, que es mejorar una zona que, repetimos, el 80% de la población de Orense no lo conoce; mientras ya se conoce la Ribeira Sacra por el 100%, el 80% no conoce este bestial bosque de abedules que tenemos a 40 minutos de Orense y me extraña que ustedes hayan votado no en la comisión previa a esta moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor, presidente. Moi brevemente, dende logo nós tamén compartimos que os espazo é dunha importancia extrema, como acaba de explicar o portavoz de Democracia Ourensana.

De todos os xeitos, nós vamos a ter que votar tamén en contra, desta moción basicamente por un motivo moi concreto que é que o que expón na propia moción é

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

incompatible cunha figura que existe, herdada do dereito xermánico, que son os montes veciñais en mancomún.

El xa fixo alusión, un pouco, a este tema; pero nós temos que deixalo claro. Ese espazo, onde está o bidueiral, é monte veciñal dos veciños e veciñas de Gabín. O que se pide na moción é incompatible, como digo, con ese dereito porque calquera actuación que se pretenda facer dende calquera ámbito administrativo tería que ter a correspondente autorización por parte dos propietarios lexítimos do monte e ata onde nós coñecemos, logo de falar con eles, iso non existiu.

Co cal, independentemente que compartamos as boas intencións de fondo que se recollen na moción; pois non nos vamos ver máis que na obriga de votar en contra, como digo. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista:** si, grazas, señor presidente. bo día a todas e a todos. Con respecto á moción que propón a esta Deputación: que se inicien os trámites de estudos e proxectos necesarios para poñer en valor o bidueiral de Montederramo con medidas de financiamento necesarias para mellorar a zona e volver a fomentar o turismo sostible; nós, Partido Socialista, compartimos o valor deste espazo natural, en primeiro lugar, polo valor propio que ten (a súa fauna e na súa flora), o conxunto e en si mesmo que forma un espazo que debe ser protexido.

Pero, para nós tamén é fundamental pola proximidade a outros espazos naturais, co que debe ter unha conexión de protección. Este espazo está nas proximidades da Ribeira Sacra e, polo tanto, fai un complemento fundamental coa zona para a que se reclama sexa declarada Patrimonio Mundial pola UNESCO, e outras medidas de protección; pero tamén é *pasillo* de comunicación cun dos parques naturais que ten a provincia, o parque natural do invernadoiro (un verdadeiro museo da natureza) e, así mesmo, o bidueiral enlaza coa Serra de Queixa de Manzaneda, co Macizo Oriental ourensá.

Os espazo naturais deben estar conectados para ser máis eficaz e máis valiosa a súa protección, por elo apoiamos a medida que intenta esta moción; pero temos que sinalar que este cometido é obriga da Xunta de Galicia. A Xunta ten que cumprir coa provincia e non ser a Deputación a que finaliza as obrigas da Xunta.

Por elo, estamos de acordo en que dende a Deputación se inicie e promova a posta en valor deste espazo natural e a súa protección, sinalización, promoción do turismo etc...;

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

pero consideramos que debe ser a Xunta quen pague. Por elo facemos unha emenda *in voce* de adición á proposta, cun punto ou dous, que é a de esixir á Xunta de Galicia que financie as medidas necesarias e poña en marcha medidas para o obxecto sinalado no acordo. Sempre polo que se matizou aquí antes, que isto poda ser levado a cabo. De momento, nada máis e moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular:** moitas grazas, señor presidente. Moi bos días a todos e a todas e aqueles que nos seguen pola páxina web.

Simplemente salientarlle o noso voto en contra e quizais remítome, sen que serva de precedente, á intervención que fixo o señor Rodríguez Suárez. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** Sí. Muchas gracias. Sigue el desprecio del Partido Popular, despreciando las intervenciones a quien ha tenido 15.000 votos y eso demuestra su poco talento democrático. Son unos dictadores y supongo que, esperemos, ahora se le acabe la racha y sumarse a las siglas, porque la cantidad de personas como el diputado del PP que acaba de hablar, si están ahí es por las siglas del PP porque su valía personal es totalmente cero. El desprecio que hacen los demás, PSOE y BNG, son más demócratas.

El Partido del Bloque me hace gracia como se aferra a esta historia para decir que no, porque nosotros lo que pedimos es claramente muy claro, es una declaración de interés, es una declaración de –perdona-, es una declaración de intenciones. Entonces, en esa declaración de intenciones ya hemos hablado de los montes comunales pues, obviamente, habrá que negociar con ellos. Es como si nosotros decimos mañana, vamos a hacer las fiestas del barrio. Oiga, primero tendrá usted que *falar co habitantes da zona, non sei qué, porque alí hai un terreo privado onde se fai a festa popular*. Perdón, vamos a hacer las fiestas de un barrio en un sitio, *é que alí onde se facía a festa era privado, co cal vamos a votar que non. ¡Coño! habrá que negociar cos dueños do sitio onde se facía a festa e punto*. Es decir, que eso sea un obstáculo, realmente eso es buscar excusas donde no las hay. Obviamente, es una zona común pues habrá que hablar con ellos por si le interesa.

Vamos a ver, si fueron capaces de llegar unos cazadores con ese *bidueiral* hace años; ¿cómo no va a ser capaz de llegar la Diputación y la Xunta de Galicia? ¡Por Dios, por supuesto que hay que llegar a un acuerdo con ellos!

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Aceptamos la enmienda del PSOE. Obviamente que sea la Xunta de Galicia quien financie esto. Y realmente nos llama la atención, ya digo, una, la excusa del Bloque porque sí y nos llama la atención el desprecio absoluto del Partido Popular a un tema como es el de promocionar y poner en valor una de las joyas de la provincia de Orense. Eso demuestra su desprecio absoluto por la provincia y lo único que le importa, aquí, al señor Baltar es lo que él decía: soy vicepresidente de la Asociación tal, soy presidente de tal Asociación, ahora me voy a presentar otra vez a presidente del termalismo, es la primera vez que se hace en Orense esta historia de una reunión de no sé qué, me traje a Kennedy...

Y al final yo siempre dije que era un psicópata porque es una persona que no tenía emociones. Dije que era un megalómano, pero es verdad que el otro día, claro, la verdad que cuando me pasaron un tema de él se me vino a la cabeza... ¡coño, no, claro que no, no es nada de eso! La definición que realmente define a Baltar por todo lo dije antes de todas esas cosas que dice: soy el primero, soy el primero, hice esto, hice lo otro y cómo realmente desprecia a todos los demás, realmente es la que encaja más que psicópata, más que megalómano, es la de ególatra; es realmente la definición, porque cuando ustedes ven la definición, es que parece que está hecha para José Manuel Baltar, es: *trastorno que presenta un patrón generalizado de grandiosidad en el que existe una necesidad de admiración, pero no hay empatía con el resto de las personas*. Realmente es que parece que la hicieron para él, la definición.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** si. Moi brevemente. Volver a insistir, ou dicilo doutra maneira o que dixen na miña primeira intervención. Ás veces temos ideas moi boas, moi defendibles como pode ser ao mellor esta, ideas que se nos ocorren no despacho; pero nós defendemos e sempre tentamos practicar, ou practicamos, que cando calquera tipo de iniciativa lle afecta a un colectivo determinado, se presenta en defensa ou en nome dalgún colectivo determinado, o mínimo, o mínimo case esixible é que ese colectivo previamente estea informado e polo menos recoller, previamente, a información do propio colectivo, non a posteriori como se nos expón aquí.

E como nós, insisto, segundo as nosas noticia, que so ni nos preocupamos de falar cos representantes dos veciños que están na mancomunidade deses montes, iso non existiu; pois loxicamente non podemos apoiar esta moción independentemente de que o que se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

formule de fondo poida ter a mellor das intencións e poida, incluso iso, como digo, ser totalmente defendible. Nada máis. Grazas.

**D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista:** si, simplemente reiterar o noso voto afirmativo. Grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular:** moitas grazas, señor presidente. *Bueno*, vexo cal é o interese que ten Democracia Ourense en defender esta moción polo tempo que lle dedicou nesta segunda intervención á defendela.

Máis alá da redacción, en castelán, falando de los *bidueirales* –con todos os respectos–, ou de las *zarzas y los tojos*, ou de frases que parecen máis ben sacadas dunha redacción de primeiro de EGB, alá cando nos dicían que viña a primavera: *haz una redacción sobre las mimosas*; entón: las acacias son amarllas. Bueno, pois aquí pon: *en otoño el biduiral se vuelve anaranjado para dar paso a un invierno blanco, la primavera es maravillosa y el verano nada tiene que enviarle*.

Máis alá deste destacado nivel de redacción, cheguei á conclusión de que seguen sen coñecer a provincia e sen ter moitas ganas de traballar por ela. Por que chegue a esta conclusión? Miren, vostedes poñen en Google: bidueiral de Montederramo e vailles saír unha páxina web que pon galiciaenteira.com; *bueno*, pois a descrición que fai esa páxina web do bidueiral é cravada á moción do señor Jácome, ¡cravada! Si, si, *los tojos y las zarzas*. Mire, traballen algo. Vaian por aí, falen coa xente, pregunten en qué pensan, *cúrrénse* algo as mocións e tradúzanas ao galego que pouco lles custa.

Mire, vaia vostede Labordeta, señor Jácome, *Un país en la mochila*, falando de castro Leboreiro. Nótase ben que non o coñece. Primeiro dato de que vostede non sabe qué é Catsro Leboreiro, di que lle leva dende Ourense unha hora; mentira, mentira, lévalle máis. Ao mellor unha hora lévame a min, dende o meu concello, dende Gomesende. Despois, fala vostede das *viviendas*. Pregúntelle vostede aos carpinteiros que non cobraron para ver esas *viviendas* cantas ventas teñen.

Mire, esta é a típica ocorrencia súa. Parece que no último mes veulle o interese pola provincia e descubriu que Ourense é algo máis que o límite urbano da cidade. Non sei por qué será, igual porque hai algunhas eleccións cerca. Mire, non sei o que farán o día que descubran que Ourense é unha realidade que vai moito máis alá dos seus 7.273km<sup>2</sup>, vailles dar un *parrús*, ou algo así.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Miren, isto non é un tema do goberno provincial. Ningún colectivo propietarios, comuneiros, asociación medioambiental ou concello, fixo ningunha proposta neste sentido porque non hai necesidade real do que vostedes demandan. Agora ben, autonomía municipal e a autonomía dos colectivos; se se nos formula por parte do concello ou dos colectivos alí presentes -dos comuneiros, como vostede fala, das asociacións medioambientais- un proxecto atractivo, non unha moción de corta e pega como fan vostedes, non dubide que o apoiaremos. Sen nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** vamos a ver. Dice que si hacemos una moción que no sea de corta y pega que la apoyarán; pero si denegáis todas.

Mira, primero, por ese tema, lo que es medible no es opinable. Está colgada en la web de la Diputación la moción de Democracia Orensana, está también colgada en internet la fuente que decías tú; las personas pueden ir mirar y ver si nosotros hemos plagiado, o hecho un corta y pega de la moción. Eso no quita que, obviamente, cuando te informas y te documentas puedas coger, obviamente, alguna frase. Pero lo medible no es opinable, se puede ver una fuente y la otra y ver si ha sido un corta y pega. Escucha, lo medible no es opinable, Pablo, lo medible no es opinable; está en internet la moción de Democracia Orensana, que no se le puede tocar, está colgada y está en internet la fuente que acabas de decir tú.

Segundo, me llama la atención que quien hable de plagio, en un tema de una moción que es una chorrada, porque de lo que se trata es de traer una idea y podría ser un corta y pega porque es traer una idea; no lo es, pero podría ser perfectamente porque de lo que se trata es de traer una idea y me habla de un corta y pega y de plagio la persona que está en el Partido Popular, que tiene al presidente Casado con los títulos que tiene. ¡Hay que tener jeta! Acusar de corta y pega en una moción a DO, la persona donde está Casado. ¡Es que hay que tener jeta, eh! Una persona que no hizo ni el máster y que, además, le regalaron la carrera. ¡Hay que tener jeta! Pero bueno...

Mira, metes la pata de una forma que no es normal. Primero, me dices que en la segunda intervención apenas intervine, ¡hombre!, pero si no contestaste tú en la primera; la segunda es para replicaros. Si apenas decís nada, ¡cómo te voy a replicar! Te replico ahora

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

en la tercera, pero en la segunda no te pude replicar porque tú no dijiste nada en la primera intervención.

Pero metes la gamba fuera de lo normal. A parte de hacer juicios de valor y acusaciones sin tener ni idea. Me dice que no conozco Castro Laboreiro, *que non leva unha hora desde Ourense, que levará desde o seu pueblo*. Vamos a ver, mira, ¿Tú conoces o Bom Jesus? ¿Tú conoces o Bom Jesus, sí o no, en Portugal? Bueno, creo que las personas que más conocen el Bom Jesus de Braga, de Orense, somos Saturnino (el ciclista escalador) y yo, ¿por qué? Porque íbamos a entrenar allí cuando hacíamos subida de escaleras, entonces fuimos tropecientas veces. Castro Laboreiro, pues resulta que la primera vez me encantó e repetín a viaxe cantidade de veces, moitísimas máis que este señor, seguramente, moitísimas máis a pesar de que él está más cerca, ¿vale? Dice: non coñezo Castro Laboreiro e non sei como chegar. Mira, hai tres formas de chegar e a min a que máis me gusta, a máis rápida é por Ponte Barxa e leva unha hora, unha hora e dez, unha hora e cuarto, ¿Por qué me encanta? Porque é precioso, porque é baixar o que era, fai 40 anos, as carreteras. Entonces vas por Ponte Barxa (bueno, que máis dá, home, sei chegar, ti saberás o nome, pero eu fun máis veces ca ti), escoita, se me confundín no nome iso significa que non sei chegar? E máis, a miña foto precisamente que tiña fai pouco no perfil de Facebook era precisamente de Castro Laboreiro, ou sexa que imaxínate. Metes a gambas.

Recordo unha vez, aquí, á de Oímbra que dixó, vostedes, os de Democracia Orensana, non coñecen a provincia e vaillo dicir a Armando Ojea que cerrou contratos nos 92 concellos da provincia. É das persoas, xunto con Domingo Castro, que máis coñecen a provincia de Ourense, por que? Porque traballou nos 92 concellos. E eu, co tema das orquestras, mira que non me patei pueblos. Entonces vós, non, é que estes son de Ourense e non coñecen nada. E vesme falar a min de Castro Laboreiro que a última vez que estiven foi fai 15 días.

Bueno, que más. Respecto ao tema este, agora faime gracia porque queredes facer, vós, fillo predilecto de Ourense a Alfredo Conde; pois Alfredo Conde creo que escribiu un libro sobre o tema, aquí, da zona do bidueiral, do tema do home lobo. Entón, que che quero dicir? Se ben apoiades unha cousa, non sei como non apoiades a principal que sería poñer en valor iso. Alí é onde estiveron os últimos maquis e alí, xa lle digo, é onde vén o tema do home lobo, que realmente si que tería moitísima explotación que se podería facer. Home,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

non digo que cheguemos ao nivel do Conde Drácula, pero media Transilvania vive da lenda do Conde Drácula.

Entón, que vós tomedes como escusa iso é increíble, como fai o Bloque, é increíble; lo normal é ir falar antes cos veciños. Nós documentámonos ben, falamos con expertos da zona para facer esta moción e como vamos ir nós falar cos veciños comunales a ver se estarían dispostos a negociar coa Deputación e coa Xunta? iso sería facer a cousa ao revés. O normal é traer unha idea e logo vamos a intentar, se esa idea ten trabas, intentaremos superalas e senón, non se leva a cabo. Pero pretenden que nunha moción, que é unha proposta dunha idea traíamos xa o estudo feito e as firmas de todos os comuneiros; vostedes están mal da cabeza! (están mal da cabeza, digo, os do PP e os do Bloque), só piden iso cando fai Democracia Ourensana a proposta. En Ourense fan o mesmo, din: oiga, usted trae un estudio de viabilidad. Pero vamos a ver, cando traen unha proposta o PP, o Bloque e o PSOE nunca traen estudos de viabilidade feitos. Pero hai outra cousa, cando se demostra que hai temas que son inviables economicamente como Expourense, mantense. Oye, para que queres un estudo de viabilidade se ao final tamén o vas manter? Non ten sentido ningún.

Entón, tratase de realmente de tomar unha auténtica tomadura de pelo. Nunha idea, estanme dicindo: non, é que tedes que ir falar cos comuneiros antes. Pero estás de coña! Ademais, para que vamos falar cos comuneiros, se ides votar que non; se xa votastes que non. Votades que non por sistema. Seríamos imbéciles ir perder o tempo falar cos comuneiros.

Bueno, a cousa queda feita. O tema do bidueiral de Montederramo é unha das zonas etrela, no Top 3, no Top 5 da provincia de Ourense; a maioría da xente non o coñece e nós o que queremos é poñelo en valor e darllo a coñecer á xente, que realmente teña moitos máis visitantes e vostedes van a votar que non. Esa é a realidade e nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2), do Grupo Socialista (7)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

e de don Francisco José Fraga Civeira e o voto en contra do BNG (1) e do Grupo Popular (14).

**9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE ACCIÓNS COS CONCELLOS QUE SOFREN DESPOBOAMENTO EN MATERIA DE EMPREGO E VIVENDA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas, presidente.

Vou a dar lectura á moción. Na exposición de motivos di o seguinte. A Deputación de Ourense ten, como obriga legal, xa o levamos repetido varias veces ao longo desta mañá, axudar aos gobernos máis pequenos a garantir uns servizos e unhas condicións de vida ao seus veciños similares aos do resto da poboación que reside noutros territorios.

A provincia de Ourense ten como principal ameaza o fenómeno do despoboamento e avellentamento de amplas zonas do territorio, o que supón un freo importante ao seu desenvolvemento e ás súas oportunidades para a xente que vive alí.

O presidente do grupo provincial do PP, que goberna esta Institución, nunca se ocupou deste obxectivo, xa que nunca formou parte da súa programación -o despoboamento- nin sequera se inclúe, especificamente, nese tan *cacareado* plan de goberno 15-19.

As iniciativas que trouxo a Pleno o Grupo Socialista foron desconsideradas e contaron co rexeitamento do Grupo Popular.... (nas miñas clases con nenos de todas as idades adoito a tomar esa postura; é dicir, cálome un pouquiño para que eles tamén se calmen e despois tamén continuamos. Se fan o favor) As iniciativas que trouxo ao Pleno o Grupo Socialista foron desconsideradas e contaron co rexeitamento do Grupo Popular; así aconteceu cunha proposta de actuación, ampla e detallada, presentada no mes de novembro pasado, onde se demandaba un enfoque global co fin de poñer en marcha medidas de actuación dende os concellos e as comarcas, coa implicación da Deputación e buscando tamén o apoio da Xunta de Galicia, do Estado e incluso das institucións europeas.

Neste mandato, a actuación do presidente tivo outras prioridades e no lugar de tratar atallar este grave problema, amplamente diagnosticado, segue acudindo a citas, congresos e foros para falar do mesmo, como experto dunha realidade que debería ser o primeiro en tentar solucionar.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Así, en lugar de dedicar os fondos que o Estado lle entrega para cumprir coa súa obriga legal, neste exercicio ao redor de 76-72 citei anteriormente millóns de euros, utilízaos só para cumprir o seu propio plan persoal; ampliar o trato de favor aos fieis, promover propagandísticamente a súa figura e facer de relacións públicas.

Así, mentres a provincia de Ourense perdeu 122.000 habitantes dende que goberna a dereita esta institución, o presidente dedícase a presumir de ser o primeiro en Twitter, en aparentar transparencia e en adquirir presenza nos medios de comunicación. A provincia esmorece mentres o presidente da Deputación organiza misións comerciais que deberían fomentar as inversións e atraer proxectos para esta provincia e que realmente só serven para entoar relacións con personaxes dos Estados Unidos.

No último ano o presidente decatouse de que perdemos poboación a pasos axigantados, nunha provincia onde xa son máis os pensionistas que os cotizantes á seguridade social e, por ende, hai máis persoas preceptoras de pensións que traballadores en activo. Este dato, contrastado, reflicte que os máis novos seguen marchando polo mundo na procura dun traballo que lles permita iniciar un proxecto de vida lonxe da súa casa e da súa provincia.

Dende 1990 a provincia de Ourense perdeu 62.000 habitantes e no lugar de pórse a traballar para frear esta situación o presidente vai polo mundo dando leccións maxistrals que explican o mal do despoboamento e mesmo querendo aparecer como o salvador dun problema que, sen ser exclusivo desta provincia –sabemos que non o é-, xa hai tempo que debería estar na axenda do grupo de goberno desta Deputación.

As continuadas viaxes polo mundo, os relatorios e as participacións en diversos foros que tratan o despoboamento e do reto demográfico, non fan máis que incidir no diagnóstico dunha problemática que xa sabemos que padecemos. O drama que sofren os que viven aquí e que non atopan traballo, tradúcese no abandono do territorio e nunha migración continuada dos máis novos e preparados que está a deixar pobos desertos (máis de 1.000 aldeas van quedar desertas) e sen capacidade de reacción; mentres gran parte dos orzamentos desta Institución e os remanentes de crédito, como acabamos de comprobar, malgástanse nunha diversidade de accións que nada teñen que ver co principal reto que ten que afrontar o conxunto da provincia de Ourense.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Cómpre utilizar todos os recursos e outros que hai que captar para actuar no noso territorio, co criterio de parar esta dinámica empobrecedora. Tamén é necesario pór en marcha plans de actuación local en cada concello e en cada comarca onde este drama ameaza á súa supervivencia.

Cómpre actuar con plans que xurdan de cada territorio e dos habitantes en base ás súas potencialidades, que seguro que son moitas, e buscando o compromiso, tamén, da Xunta de Galicia, do Estado e das Institucións europeas; pero tamén cómpre por en marcha actuacións con criterios de urxencia en aspectos claves como son a creación de emprego, os servizos municipais imprescindibles, ou as necesidades de vivenda ou comunicación que poden ser impulsados dende as entidades locais, xunto coa sociedade civil.

Polo tanto, este Grupo propón os seguintes acordos:

1º.- A Deputación Provincial de Ourense, en colaboración cos concellos afectados polo despoboamento e o avellentamento, impulsará durante o 2019 a posta en marcha de programas de desenvolvemento e fomento do emprego co financiamento que se vaia acordando con cargo aos remanentes de crédito e, en concreto, nas seguintes materias:

- Un plan específico para a rehabilitación de vivendas desocupadas, coa finalidade de crear bolsas de alugueiro con opción a compra para familias novas que queiran residir neses núcleos.

- Un plan específico de fomento de emprego con medidas que favorezan a posta en funcionamento de iniciativas individuais ou cooperativas e talleres.

- Unha liña de axudas específicas para favorecer a instalación ou ampliación de novas actividades vinculadas co territorio.

2º.- A Deputación xestionará que estes proxectos contén co suficiente apoio económico, esixindo achegas dos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado en función das obrigas de cada administración.

De momento, nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas, señor presidente.

Galicia pasou en nun século de representar o 10,6 da poboación do estado español, a só o 5,8. Os expertos alertan da demotanasia no país. A demotanasia, explícoo, é unha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

palabra que combina poboación con morte; é o proceso polo que, debido a accións políticas, ou a omisión destas, provócase a desaparición da poboación dun territorio. Isto é o que está a acontecer en Galicia e, singularmente, na provincia de Ourense que se está suicidando demograficamente.

Só 11, das 53 comarcas de Galicia, rexistraron aumentos de emprego e 50 perderon poboación nos últimos 7 anos. Un 69 e pico por cento dos municipios da Coruña, un 45% dos de Pontevedra, un 89% dos de Lugo e un 90% dos de Ourense mostran un comportamento demográfico regresivo entre os anos 2000 e 2015. Aquí tamén podemos ver a Galicia de dúas velocidades por un lado a franxa atlántica e por outro lado o interior, Lugo e especialmente Ourense.

Pero, se estes datos son preocupantes, segundo os expertos o ano 2010 é o ano da quebra demográfica definitiva porque se vemos os datos no período 2010-2015, os valores son aínda máis dramáticos. Na Coruña perden poboación un 80% dos municipios, en Pontevedra un 74 e pico por cento, en Lugo un 94,1 e en Ourense un 94,6. Isto, segundo expertos, segundo profesores por exemplo da Universidade de Vigo, é indicio dun comportamento estrutural e que ten difícil reversión.

E para abordar o drama do despoboamento rural en Galicia, e de xeito singular en Ourense, é preciso coñecer cales son as causas e non son conxunturais, son causas estruturais que están a provocar un problema socio económico nunha inmensa dimensión con efectos sociais, económicos e mediomambientais. Nesta cuestión é na que temos que poñer toda a carne no asador porque nos estamos xogando a supervivencia como país e tamén como provincia.

Nós levámolo denunciado reiteradamente, estamos diante do problema, problema con maiúsculas, para o cal non basta con declaracións oficiais ben intencionadas. Hai que corrixir a falta efectiva de recursos, de investimentos, de actuacións concretas; ás veces son pouco rendibles no curto prazo económica e electoralmente. É importante dar servizos, pero hai que favorecer a actividade económica porque, senón, dificilmente poderemos inverter a dependencia. Hai que afrontar na estrutura da propiedade, aumentar a competitividade agropecuaria, incrementar os salarios e o nivel de vida no espazo rural.

Nós, loxicamente, vamos a votar a favor desta moción do Grupo Socialista. De momento, nada máis. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:**

muchas gracias, todavía presidente. Pues nada, esta moción persigue algo realmente fundamental que es, obviamente, frenar la despoblación de la provincia de Orense.

Sin embargo, yo aquí quiero rescatar una falacia que yo mismo acuñé, Plácido, que le llamo falacia de (¿cómo es? Y eso que la acuñé yo) falacia de la danza de la lluvia que quiere decir lo siguiente; el hecho de que una persona esté a favor de que llueva, no quiere decir que tenga que hacer el ritual de la danza de la lluvia para que llueva. Es decir, no querer hacer la danza de la lluvia no significa que nos neguemos a que llueva.

Con lo cual, estamos perfectamente de acuerdo en lo que pide el PSOE, pero no estamos de acuerdo con las medidas que propone porque nos creemos que no son, algunas son muy genéricas: *un plan específico de fomento do emprego con medidas que favorezan a posta en funcionamento de iniciativas individuais*. Isto é como non dicir nada. Terás que dicir cales son. Y luego, donde dice ya unas concretas: *un plan específico para la rehabilitación de viviendas desocupadas con la finalidad de crear bolsas de alquiler con opción a compra para las familias nuevas que quieran residir en esos núcleos*. No me parece, realmente, la medida que haga falta para ese tema. Entonces, nos parece que no estamos de acuerdo con las medidas que proponen, pero sí con el fondo; por eso tenemos que abstenernos.

Pero, por un lado, quisiera aquí también decir dos cosas. Una, que la Diputación de Orense realmente no tiene el dinero suficiente como para frenar...tiene parte de culpa, obviamente en que la provincia vaya mal, pero sobre todo no tiene el dinero suficiente como para revertir la situación de la provincia en esa forma. Es culpable, antes dije los datos, en lo que él realmente es culpable; pero ciertas medidas para que frenen el éxodo y repoblar el rural, yo no creo que hoy en día la Diputación tenga capacidad para hacer eso. Sin embargo, quien sí la tenía es el partido que gobierna España y los últimos presupuestos del Partido Socialista, con Sánchez a la cabeza, que se presenta de presidente, no traían ninguna medida para hacer una discriminación positiva para Orense.

Entonces, me parece un acto de hipocresía absoluto que el PSOE traiga aquí esta moción cuando ellos mismos, gobernando en España, no hicieron nada por revertir la situación de la provincia. Así que es una hipocresía absoluta del PSOE. Es decir, donde gobiernan, no hacen nada y donde no gobiernan, piden.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas, presidente.

Mire vostede, señora Lama, -e sen acritude, como diría o señor González- este Grupo e o presidente desta Deputación tiveron, durante estes catro anos, un plan de goberno e antes, como dixen anteriormente, un plan, un proxecto, un programa electoral co que o señor presidente se presentou ás eleccións e con el todos os demais, que nos sentimos orgullosos disto; en breve presentará, e nós con el, o seguinte.

E de que se trata isto? Pois trátase, aínda que vostede diga que non, trátase dun conxunto de medidas, unha maneira de facer, en resumo, unha filosofía que afronta toda ela, directa ou indirectamente o reto demográfico; sen dúbida algunha señora Lama. Incluso, cito expresamente, nalgunhas das medidas que se recollen nese plan de mandato e se vostede o le, verá como incluso o di textualmente; xa non digo que interprete se están orientadas ou non, pero incluso se di textualmente, cousa que vostede parece ser que non viu.

De vostedes non se coñece nada de nada, señora Lama, de aí que se vexan obrigados entendo eu e dígollo con todos os respectos, e vostede especialmente, a presentar este tipo de propostas baleiras, baleiras de contido totalmente e sen ningunha viabilidade. Xa llo dixó o señor Pérez Jácome, pouco menos que nos converten vostedes no goberno autonómico e no nacional e logo din ou dixeron que os orzamentos, que non foron adiante pero que presentaron o señor Sánchez e compañía, que eran maravillosos para Galicia e tamén para Ourense e parece ser que non era así. Entón, un pouquiño de máis seriedade, señora Lama. Anúnciolle, por tanto, que votaremos en contra destas, eu chamaríalle, ocorrencias que nin tan sequera merece entrar nelas e xa llo adiantou, tamén o señor Pérez Jácome.

Mire, vostede, este grupo de goberno, pero sobre todo o seu presidente, destacou nestes catro anos polo apoio unánime que recibiu de gobernos provinciais –vostede di que anda de turismo por aí- pois digo, de gobernos provincias deste país e nacións europeas de diferentes grupos políticos e todo elo para representalos. Esa unanimidade motivou que as súas propostas tiveran un éxito nunca antes conseguido e o recoñecemento internacional ao labor das entidades como Partenalia, a Asociación Europea de Gobernos Provincias, que preside dende 2018 Manuel Baltar e que conseguiu un fito histórico –recoñézano, polo menos- que as provincias teñan protagonismo no novo marco financeiro plurianual, tanto

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

como receptoras como xestoras de fondos comunitarios. A primeira partida non será inferior a 13.000 millóns de euros para cuestións demográficas. Aí está o primeiro éxito. Débese ao labor de lobbies realizado por Partenalia e polo comité de rexións e por iso, entre outras cousas, asinamos Alianza pola Cohesión. Vostede, señora Lama, con todos os respectos, na súa exposición mestura, como dirían alá na nosa terra, allos con bugallos.

Ter liderado significa que te elixan para representar a moitas provincias, de moitas nacións, para conseguir un obxectivo común e hoxe podemos falar dunha realidade innovadora en décadas grazas ao compromiso e ao esforzo do noso presidente. Onde vostede ve gastos para non sei qué, hai investimento e traballo duro. Onde vostede ve propaganda, outros gobernos ven xestión. Eu diríalles, señora Lama, por favor, antes de facer tanta demagogia con este posicionamento político -ata pode que ignorante e ruín, dígollo con todos os respectos, pero con toda claridade- preguntelle vostedes ao líderes provinciais socialistas do papel de Manuel Baltar no traballo en rede en Europa. Pregúntello.

Pregúntelle a Miguel García, presidente da Deputación de Huesca, a Paco Reyes, presidente da Deputación de Jaén, a Miguel Ángel Gallardo, presidente da Deputación de Badajoz, e tamén a Isaura Leal, supoño que sabe vostede quen é, era ata fai uns días a comisionada para o reto demográfico do goberno de España, do do seu partido, xa sabe que vai a gora na candidatura do PSOE por Madrid, por certo, agora de número 9 logo de renunciar Lorenzo Sánchez pola súa relación coa púnica; como ve, en todos os sitios cocen fabas. Pode preguntarlle, tamén, por Manuel Baltar a esta señora.

Señora Lama, permítame un conselliño de veciño e de co-responsable político polo interese desta provincia, eu aconsellaríalle que non sega vostede por este camiño de reiterado oportunismo, por ser suave, con estas propostas e tamén coas afirmacións que fai na exposición de motivos da súa orixinal moción.

Mire vostede, se organizan a nivel nacional unha conferencia sobre o reto demográfico, invitan sempre a Manuel Baltar (non sei se o sabe, seguro que non lle gusta, pero esa é a realidade) sexa en Tarragona, sexa en Palencia, aí está Ourense. Por non falar da Cátedra de Reto Demográfico de Manuel Campo Vidal e a International Business School (o meu inglés é moi malo, máis ben non existe. Espero que o dixera ben); aí está Ourense.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Por certo, esta fin de semana maniféstase a España rural en Madrid, supoño que irá vostede tamén, señora Lama, supoño que irá; pois alí estará Ourense, non o dubide, polo menos algúns.

Debo dicirlle algo máis, o goberno da nación, o do seu partido, colabora coa Deputación de Ourense porque presentamos proxectos cribles neste campo e traballamos dende hai tempo, sexa a estratexia de turismo intelixente, ou sexa o reto demográfico e a concesión de axudas que estamos a punto de coñecer e que fomos os primeiros en presentar. Anúnciolles que, efectivamente, fomos os primeiros en presentar un proxecto ao abeiro do Real decreto 1234/2018 que regula as bases para a concesión directa de subvencións a entidades locais para a implantación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo dirixidos a afrontar o reto demográfico en municipios de menor poboación.

Este proxecto que presentou a deputación de Ourense, coordinado polo vicepresidente segundo, compañeiro don Jorge Pumar, permitirá (anúnciolles que fomos os primeiros en presentalo. É un proxecto que se presenta sen concorrencia competitiva, entón estimo que nolo aprobarán) permitirá, unha vez aprobado, atender unhas 250 iniciativas de autoemprego. O importe da axuda solicitada ascende a 1.860.000€, o 92% do custo total que ascende a 2,25 millóns. Estas axudas están destinadas a mozos e mozas maiores de 16 anos e menores de 30 incluídos nos concellos de menor poboación, naquel territorio deses concellos, 82, como vostede saberá, menores de 5.000 habitantes.

Polo tanto, esta Deputación, o seu grupo de goberno e, de maneira especial, o seu presidente estivo, está e seguirá estando na medida das nosas posibilidades, iso si, na vangarda da loita por evitar o despoboamento galopante do medio rural. Estivo, está e seguirá estando.

Adiantou o dato o señor Rodríguez Suárez, vostedes que levan gobernando non sei cantos anos, ou cogobernando co BNG, a Deputación de Lugo non creo que, neste aspecto, lle vaia mellor ca nós. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas, señor presidente.

Señor portavoz do Partido Popular, cando traemos aquí mocións sobre este tema tan preocupante, que debería ser o gran problema, o principal problema que nos debe encher o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

tempo de debate nesta Institución, resulta que son ocorrencias. Menos mal que nas propostas de acordo non se nos ocorreu poñer ningunha cantidade; simplemente puxemos, falamos de plans, de programas, de plans específicos e de axudas específicas. Menos mal que non se nos ocorreu poñer cantidades concretas; porque, entre outras cousas, paréceme que hai técnicos que teñen que facer ese traballo e non os políticos. Os políticos temos que poñer a vontade e xa vexo que neste Grupo, e o seu presidente, vontade ningunha.

Xa lle teño dito moitas veces que a este presidente o que lle gusta é pasearse polos foros, polas conferencias, para falar de reto demográfico. Pero, vamos a ver! É que o diagnóstico está claro, o que temos que facer é atallar a enfermidade. E atallar a enfermidade significa poñer axudas, facer plans, axudar aos pequenos concellos e axudar a aqueles mozos e mozas para que non se vaian dos nosos pobos; por certo, dalgúns pequenos como o que vostede goberna.

Mire, voulle a dicir unha cousa, señor Plácido, que inviten a Manuel Baltar a falar de reto demográfico, para el pódeo encher de orgullo; sen embargo mellor sería que o invitaran a falar, por exemplo, do gran tecido empresarial desta provincia, ou que o invitaran a falar da explotación forestal desta provincia en rendemento de termos de silvicultura, por exemplo, ou mellor sería que o invitaran a falar, por exemplo, de agricultura sostible ou de gandería sostible como provincia punteira. Iso, realmente, é o que, realmente, enchería de orgullo a un presidente se tivera que ir a falar polo mundo adiante de cousas positivas para esta provincia.

Pero, vólvollo a repetir, os datos e as estatísticas que manexa o Instituto Nacional de Estatística estalle aí. E non nos veña a dicir que os orzamentos do señor Sánchez... porque mire, os orzamentos do señor Sánchez serían moi malos para esta provincia; pero os que tiña o señor Rajoy durante os últimos anos que gobernou este país, a esta provincia xa se lle notou como lle cambiou o pelo. E gobernan vostedes esta Institución, gobernan vostedes a Xunta de Galicia e gobernaron durante máis de sete anos o goberno do estado. Polo tanto, aquí leccións ningunha. Isto non lle é unha ocorrencia, elle un problema gravísimo.

Saben vostedes que abrimos os telexornais a nivel nacional por ser unha das provincias e unha das rexións de Europa, que vamos camiño de convertermos no deserto?; somos parte da Galicia deserta en habitantes, no rural.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Saben vostedes que moitos mozos e mozas prefiren quedar a vivir preto da súa familia creando aquí o seu proxecto vital, o desenvolvemento dun traballo acorde co seu nivel de formación?

Saben vostedes vostedes diso? Gobernan en moitos concellos, diso fachendean nesta Institución, deberíanos saber. A xente non marcha por deporte. A xente marcha porque aquí non atopa recursos para alugar unha vivenda, para reformar unha vivenda si é que a herda da súa familia, para ter aquí o seu proxecto de vida. Iso é como se combate o despoboamento do rural.

Saben vostedes cantos soños quedan soamente en soños porque pasan os anos e, chegados os 30, moitos mozos e mozas sen vivenda, sen traballo, e sen proxecto vital collen as maletas e marchan cara ás cidades? Non *sople* Juan Anta, o seu concello debe ser dos poucos que gana poboación polo que se ve. Por certo, tanto vostede como a señora que está ao lado foron beneficiados e agraciados cun proxecto que, como se chamaba? Febreiro do ano 2017, A Veiga rehabilita vivendas grazas a un proxecto que se chama Red Vivenda, apoiado por esta Casa. Concello de Oímbra, a Deputación vai a financiar a adquisición de terreos para vivenda social. Iso é o que estamos pedindo, pero que o fagan co resto dos concellos; non con dous alcaldes que se sentan no grupo de goberno deste presidente e que se trata con cariño. Diso estamos falando.

Miren, hai que poñer financiamento tanto para rehabilitar vivendas e polas e aluguer para esa xente moza con opción a compra, como para apoiar e cofinanciar, proxectos, moitísimos proxectos que hai no rural, moitísimos. En caso contrario, sabe en que punto nos atopamos? Por moito que o presidente vai a falar miles de veces de reto demográfico, sabe onde nos atopamos? Dicíao antes o compañeiro do BNG, ante unha morte anunciada.

Por iso, pensamos que os tempos son chegados –como dicía Pondal- para mudar e reverter esta situación; o que pasa é que a vostedes vaille mellor doutra maneira, apoiando simplemente proxectos daqueles máis amigos e, sobre todo, que se sentan nesta Corporación. Pois iso é o que teñen que facer, estender esa forma de actuar e de financiar proxectos a todos os concellos.

Non sei se saben que onte no Parlamento de Galicia, a instancias do Grupo Socialista, todos os grupo apoiaron na comisión de Agricultura no Parlamento unha proposición non de lei para reclamarlle ao goberno galego que tome medidas eficaces co

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

obxectivo de incorporar máis mocidade ao rural, máis mocidade ao rural. A proposta de acordo era a seguinte: *o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras, cun seguimento público e verificable no relativo aos seus resultados anuais, coa finalidade de medir a consecución do obxectivo da incorporación da mocidade ao mercado laboral para facilitar o relevo xeracional.*

Isto aprobouse onte no Parlamento, xa vexo que a este Grupo de goberno, co seu presidente á cabeza, impórtalle máis falar de reto demográfico e de despoboamento por aí adiante, que poñer medidas para atallalo. De momento, nada máis e moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola.

Yo quisiera matizar las palabras de antes. Poner un ejemplo, usted imagínese una persona, se golpea el brazo constantemente, el codo y *escaralla* o codo; bueno, pues para curarlo hace falta un médico, ya no es que él deje de darse golpes con el codo, es una analogía que puede ser falsa analogía, pero bueno.

Lo mismo ocurre con esto de la Diputación; es decir, la Diputación, por qué digo que es culpable del hundimiento de Orense, por varios motivos, número uno y principal es porque la Diputación tiene que hacer fuerza para que haya aquí inversiones de la Xunta y del Estado y, realmente, la Diputación ha sido cómplice, todos estos años porque lo que ha hecho el Partido Popular ha sido algo diabólico que es, le dice al PP yo consigo votos, que el PP tenga votos en la provincia de Orense y a cambio no hace falta que hagas inversiones porque como la gente de Orense te va a votar, no hagas inversiones. Durante 30 años ha habido muy pocas inversiones de la Xunta y el Estado y eso ha hundido a la provincia de Orense.

Además de eso, el PP, aquí en la Diputación, ha dilapidado los presupuestos gastando realmente en absurdos. Entonces claro, cuando no se invierte realmente y se despilfarra, eso tiene un coste muy alto.

Bien, el hecho de que la Diputación sea una de las culpables del hundimiento de Orense, no significa que tenga capacidad, ahora, para revertir la situación y que estas medidas sean propicias, que son las que propone el PSOE. Nosotros creemos que hay otras medidas de calado y realmente, primero, hoy la Diputación no tiene presupuesto suficiente para revertir la situación; tampoco es su cometido porque, realmente, primero sería incapaz

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

de abordarlo y tiene otros cometidos que hacer, como es el mantenimiento de las carreteras, y a quien si le compete revertir la situación es al Estado y a la Xunta.

Por eso decía antes que el PSOE, que tiene el poder, no lo hace; entonces, pedirle algo a la Diputación que lo haga, nosotros creemos que la Diputación tiene armas para intentar hacer cosas, pero revertir la situación, como es el despoblamiento, quien lo tiene que hacer es el Estado español. Nada más.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas, presidente.

Pois ben, señora Lama, vostede insiste no mesmo; eu tamén. Mire, os datos xa llos deu o señor Rodríguez Suárez. A regresión da poboación en Galicia, tanto en Coruña como en Pontevedra con todas as características que ten, é a que é, e a de Lugo e Ourense tamén. Repito, repito, el Lugo levan vostedes gobernando, ou cogoberbando, esa Deputación *la intemerata*. Creo que a miña compañeira e amiga, alcaldesa de Mondoñedo, creo que foi tres meses presidenta; non tivo moito tempo nin de quentar o sillón.

Entón, si é vostede podería poñer aí, aparte das cantidades que para pouco, puido poñelas, pídalle consello ao señor presidente da Deputación de Lugo; que llo pediremos, eu coñezoo e trátoo directamente, xa lle diremos que, da súa parte, me diga que fai en Lugo que non facemos en Ourense, para revertir esta situación. Seguro que mo conta.

Mire vostede, invitan ao señor Baltar –por algo o invitarán- e o que lle acabo de dicir de conseguir 13.000 millóns de euros para o reto demográfico, iso foi conseguido grazas a Partenalía e a todas esas xestións que fixo o noso presidente e algúns do seu partido, que tampouco lle interesa que llo diga, eses tamén andan de turismo, tamén? Pois haberá que dicirillo, se andan de turismo que llo expliquen a vostede a ver que turismo fan.

Logo, mire, a Deputación ten as competencias que ten e está para o que está. Iso que falan vostedes da vivenda, xa hai plans –incluso a nivel estatal e a nivel autonómico-, a rehabilitación da vivenda rural, si?, axudas para o aluguer, axudas para a compra da vivenda. Pero esas están aí, dende fai anos, non inventamos nada, señora Lama. Non veña vostede aquí, que eu sei que vostede leva moita présa para chegar non sei a onde; teña coidado, non vaia tropezar, vaia a modo.

Dito isto, vou a rematar falando en serio, que non quere dicir que non falara ata agora, pero bueno, para dar algúns datos. Mire, a baixada demográfica é un feito e está aí e hai que collelo, como din no meu pobo, polos cornos e non facendo demagogia.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Desgraciadamente é unha realidade constatable e está aí; pero non aquí, en Galicia, e no rural do estado español, senón vaia vostede por Castela e por Estremadura e compróbeo. E iso non é ningún consolo, pois claro que non, pero alí é que non goberna o PP; en moitos deses sitios non goberna o PP. É que, ao mellor, so os ilustres capacitados para reverter esta situación; pois nada, presenten plans, pero máis concretos que o que acaba de presentarnos.

Este goberno provincial ten moi presente esta cuestión, e xa lle dixen por qué, co Plan Concilia, co plan de apoio á natalidade, co plan de apoio aos rapaces... todo iso témolo presente e iso son medidas pequenas, claro que si, pero que axudan e son as posibles neste caso; aínda que vostedes teñen outra idea.

O Plan 15-19, como será en breve o 72-73, responde aos criterios da denominada perspectiva do reto demográfico –en todo, en todo, cítese expresamente ou non– e que a partir de agora, que non se falou nestes puntos, estarán presentes na repartición económica de todos os programas e proxectos que desenvolva o grupo provincial de goberno de carácter social, nos que aprobamos hoxe e nos que aprobamos anteriormente. O obxectivo, como xa adiantei, é mellorar neses concellos, en todos, nos de menos de 5.00 habitantes especialmente, pero eu diría que nos 91, salvo no da capitalidade (e que non se enfade o señor Jácome) é mellorar neses concellos os índices de autoemprego e emprendemento entre os mozos de 16 a 30 anos; ofrecéndolles unha axuda económica coa finalidade de darlles apoio na fase inicial dos seu proxectos. Niso incidirá principalmente o proxecto ao que antes me referín e que felicito ao meu compañeiro, señor Pumar, pola súa coordinación.

A Deputación de Ourense é o primeiro goberno provincial que contará cunha área para o reto demográfico. Iniciativa, por certo, que fixo pública, señora Lama, no Senado o presidente desta Institución, Manuel Baltar, nunha xornada nacional sobre a demografía; destacando que o Plan do próximo mandato, Ourense 72-73, será onde se inclúa tamén, e adiántollo, a creación dunha unidade administrativa específica para tratar a loita contra ao despoboamento rural a nivel social, económico e laboral. Para darlle solución aos problemas, hai que expolos.

O reto demográfico está instalado xa na axenda política -ninguén o discute- e agora máis, parece que se soben todos ao carro. Hai que seguir traballando con ambición e en positivo e estar sempre atentos a calquera exposición, sempre. Así xorden proxectos como o Centro Galego de Innovación de FP que será toda unha referencia para Ourense e Galicia,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

ao que vostedes non citan. Por outra banda, tamén está a creación do observatorio internacional do medio rural, en colaboración coa Universidade de Vigo, tema importante tamén.

E non só iso, non só iso, xa o presidente desta Deputación defendeu e remarcou en Bruxelas –esas viaxes que vostedes tanto critican- a importancia que supón que a Unión Europea vai a destinar máis fondos contra o despoboamento, máis fondos que nunca; recoñecendo ás provincias como destinatarias das axudas comunitarias. En todo caso, o necesario e prioritario é que os proxectos que se impulsen en favor do reto demográfico, non teñan a súa orixe en ideoloxías, señora Lama, que non teñan orixe en ideoloxías que enfronten e si en solucións que unan. A ver se somos capaces.

Esa seguirá sendo a nosa filosofía, traballar buscando novas vías para evitar o despoboamento do rural, sen botar culpas a ninguén dun proceso que está a repetirse en todo o mundo e no rural en xeral.

Temos un rural con moitas posibilidades no sector primario, fundamentalmente, como fonte de riqueza e emprego e no ámbito patrimonial e cultural; como tamén no ámbito turístico. A nosa obriga, repito, a nosa obriga, a de todos, debe ser dar coa clave para que calquera persoa vexa no rural unha opción de vida; primeiro por dispor de servizos de máxima calidade, non o esquezamos, e logo, de oportunidades de traballo.

Un desexo, un desexo, aínda que sexa en pre campaña, fagamos todos un gran esforzo para elo. Xuntos será posible; separados, en ningún caso. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas, presidente.

E logo despois acusa a esta portavoz e a este Grupo de falar de demagogia, que nos veña aquí a dicir que o presidente desta Deputación é o gran artífice de que o Parlamento europeo vai a destinar para o reto demográfico 13.000 millóns de euros; *bueno*, en fin, paréceme que non vai poder co peso da medalla, non vai poder!

Que o reto demográfico é un feito que está na axenda política, non o vén a descubrir hoxe, esta mañá, este 29 de marzo nesta Institución. O reto demográfico debería estar na axenda política xa fai, polo menos, 20 anos. Porque mire, unha que estudou xeografía e estudou pirámides de poboación, xa fai moito tempo que a pirámide de poboación é invertida en moitos lugares de Europa, en moitos lugares de España e, principalmente, na nosa Galicia. E principalmente, sabe por que? Porque temos unha Galicia de dúas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

velocidades, dúas; unha que está cara o eixe do Atlántico, é dicir, a Galicia que está na costa e outra que é a Galicia do interior.

Sabe que fixo aquel *denostado* presidente chamado Touriño cando gobernou a Xunta de Galicia? Unha discriminación positiva para territorios do interior; cousa que non está facendo o señor Feijóo, por moito que se lle encha a boca de que esta é a lexislatura do rural. Xa se ve. Consulten vostedes as cifras da última lexislatura dos seus gobernos nas súas alcaldías e verán que todos, practicamente todos, un noventa e moitos por cento, perden poboación; por algo será.

Hai que facer políticas de discriminación positiva, se con iso axudamos á xente a que permaneza no rural. Porque mire, señor Plácido, se a xente moza queda no rural, posiblemente os máis maiores tampouco teñan que marchar. A última casa que se pecha nun pobo é unha morte anunciada da cal son responsables, principalmente, os políticos, principalmente os políticos. Entón, falar... o falar no ten cancelas, dicíalle unha miñas avoas. De momento, nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civeira, o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

**10º.- MOCIÓN DO BNG A REPSECTO DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA DA XUNTA DE GALICIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción, anunciando que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas, señor presidente. Vou coa exposición de motivos.

A situación do transporte público por estrada é consecuencia da inoperancia e pasividade do goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia que primeiro deixou degradar este servizo público e logo, a golpe de sentenza xudicial, puxo en marcha unha reforma parcial, chapuceira e apresurada.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019**

En marzo do 2016, o Tribunal Supremo anula as prórrogas do de concesión de transporte público aprobadas pola Xunta no 2010 de maneira irregular. A razón da anulación foi que a decisión da Xunta ía en contra da normativa europea que prohibe contratos de concesión de servizos públicos por máis de 10 anos. Naquela altura, comezos do 2010, a Xunta ampliou as concesións por 10 anos desde o remate dos contratos; tanto no caso do transporte escolar como nas liñas de transporte regular.

Era unha situación que se vía vir, mais a Xunta deixou pasar o tempo sen facer nada. O período 2010-2016, foron seis anos perdidos nos que houbo a posibilidade de traballar nun plan alternativo. O PP preferiu deixar pasar o tempo e agardar acontecementos.

Coa finalidade de gañar tempo para facer fronte a unha situación que se tiña que ter afrontado moito antes, o goberno de Feijóo pon en marcha o chamado Plan de Transporte Público de Galicia que, en realidade, é un plan de transporte público por estrada e non un plan integral de transporte público.

Naquela altura, estamos falando de comezos do 2017, deciden desenvolver o plan en dúas fases. Unha primeira fase, en 2017, coa licitación das concesións ás que renunciaron as empresas e outras moitas víronse afectadas, sen renunciar, pola licitación. E unha segunda fase no 2019 coa licitación da totalidade das concesións que é, precisamente, na que nos atopamos agora mesmo.

Para a primeira fase de parcheo, a Xunta contratou os estudos zonais a empresas consultoras por unha cantidade de 850.000€. Foron varios contratos, con varias empresas, 6 lotes que fixeron estudos e propostas por zonas. Os estudos foron adxudicados a consultoras que non teñen coñecemento da realidade do noso país porque o que pode funcionar en Castela León, non ten porque dar bo resultado aquí. Debido ás presións, o mes de agosto do 2017 que era a data límite para substituír as concesións renunciadas, o proceso foi precipitado, escurantista e moi pouco participativo.

Na maior parte dos casos as novas concesións empeoraron o servizos prestados nas anteriores, de maneira que a Consellería autorizou ás adxudicatarias a repoñer os servizos. Isto aconteceu, sobre todo, onde houbo queixas insistentes dos Concellos e persoas usuarias, con presentación de alegacións, recollida de sinaturas, repercusión mediática, etc...

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Unha das novidades dos novos contratos, o transporte a demanda, que en realidade é un transporte baixa reserva, tivo unha utilización moi baixa porque non se promociona e, ademais, ten unha utilidade relativa pola necesidade de adaptarse aos horarios e percorridos escolares; nalgúns casos hai que facer 3-4 km para chegar a un destino que está a 1km. Ademais, non se informa da prestación deste servizo fora do calendario escolar (en vacacións de Nadal, Semana Santa, verán) polo que senón hai demanda non se presta.

E agora estamos na segunda fase. Ao longo do 2018 a Xunta de Galicia contrata de novo con empresas consultoras a redacción do plan definitivo, despois do experimento de 2017. En total, neste caso, son contratos por case 2,5 millóns de euros -6 lotes máis un contrato de coordinación- que foron asinados en xuño de 2018. De novo o traballo de campo e o proceso de adaptación deixan moito que desexar o que explica o resultado final dos anteproxectos dos contratos de explotación.

Logo de ser aprobado polo Consello Galego de Transportes, sen o voto a favor da asociacións empresariais e dos sindicatos, o Consello da Xunta aproba o 29 de novembro de 2018 o Plan de Transporte Público de Galicia (DOG, 17 de xaneiro de 2019); neste documento propónse o procedemento para a contratación de 1.500 liñas en dúas fases. Unha primeira, con aproximadamente 100 contratos que se prevé adxudicar antes do verán e a que estivo a exposición pública ata o 28 de febreiro. E unha segunda, co resto dos contratos que se prevé adxudicar antes de que remate este ano.

Varias consideracións. O actual sistema de liñas de transporte regular é consecuencia das políticas da dereita que foi facendo concesións con criterios clientelares, é un sistema obsoleto que tiña que ter sido cambiado hai moito tempo; mais, como dixen, xa o goberno de Feijóo optou dende o 2010 por ocultar o problema e non facer nada e, dende a sentenza do Tribunal Supremo de marzo de 2016, actuou con présas, con escaso diálogo e con falta de transparencia.

En lugar de facer un plan integral de transporte público e de mobilidade sostible que inclúa todos os modos de transporte -estrada, ferrocarril, marítimo onde o haxa, ou poda haber ciclista o peonil- a Xunta do Partido Popular colle o camiño do medio e faille un *lifting* ao transporte por estrada; un apaño para reducir custos e crear a sensación de que se amplían liñas e servizos, unificando transporte escolar e transporte regular.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade asume a competencia do transporte escolar e integra as concesións escolares no transporte regular, transporte compartido ou bus con reserva de praza para escolares e posibilidade de utilizar polo público as que quedan libres; creando a ficción de que amplían liñas, frecuencias, horarios e paradas. O obxectivo desta operación non é mellorar o servizo, senón reducir custos; xa que se emprega o orzamento de 120 millóns de euros do transporte escolar para financiar o bus compartido e as liñas de transporte regular que son deficitarias.

Os novos contratos que saen a licitación non hai estudo de demanda -por exemplo, grandes núcleos xeradores de demanda como os centros de saúde parques empresariais, campus universitarios, aeroportos etc...-; senón que se parte da realidade preexistente con liñas e servizos que, en moitas ocasións, están obsoletas.

Tampouco hai un estudo serio sobre o transporte urbano e metropolitano e sobre a necesidade de integrar as relacións e as conexións entre estes dous espazos. Dáse por boa a situación preexistente, unicamente se aplican solucións de abaratamento do prezo; mais non se mellora o servizo.

Para as zonas rurais contéplase o transporte baixo demanda, mais a única solución que se achega é o uso das prazas libres nas antigas liñas de transporte escolar agora integradas. Realmente, como xa dixen tamén, é un servizo baixo demanda, non propiamente un sistema de transporte a demanda. Ademais, a falta de información fai que esta forma reduccionista de transporte baixo reserva teña un nivel de uso moi baixo. Prevese que o transporte a demanda poida ser prestado por taxis, mais non se avanza nesta proposta.

Os anteproxectos de novos contratos, proxectos de explotación que saíron a exposición pública, son unha trapallada xa que adoecen de falta de información e teñen numerosos erros. A partida orzada para persoal a cal, en practicamente en ningún lote, cubre os salarios mínimos ou en distintos lotes exactamente iguais en número de autobuses, condutores e acompañantes nas que hai diferenzas realmente abismais; cuestión moi grave se temos en conta que foron elaborados por empresas consultoras que cobraron máis de 2.400.000€. Parece un traballo amateur feito dende un gabinete a golpe de Google maps. Non hai unha verdadeira reordenación dos servizos, mantéñense liñas obsoletas que non teñen sentido e non crean novas liñas que poderían ter demanda. Prever percorrido inviables por onde non pasa o bus con horarios a horas intempestivas sen sentido ningún no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

transporte a demanda. Teñen numerosos erros nos nomes dos lugares e na identificación das paradas. Liñas do mesmo concello aparecen con tres contratos diferentes. Propostas tarifarias discriminatorias. Carecen de datos para avaliar os custos de explotación do servizo, etc, etc...

Nós o que pedimos é instar á Xunta de Galicia a:

1.º- Que elabore un plan integral de transporte e mobilidade sostible a partir dun amplo proceso de diálogo e participación social, institucional... cousa que, insisto, non ten acontecido.

2.º- Una reordenación do transporte público por estrada a partir de necesidades e estudo da demanda con alternativas diferenciadas e complementarias para as áreas urbanas, metropolitanas e rurais.

3.º- A defensa dos postos de traballo do tecido empresarial do país fronte ás grandes multinacionais do sector.

De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola. Por enésima vez Democracia Orensana no entra a debatir mociones que no hacen referencia a Orense y en toda la moción creo que no ha nombrado la palabra Orense ninguna vez y en la petición final no viene nada que sea relativo a Orense. Está hablando de mejorar la situación de Galicia en general.

La Diputación no es el sitio, no es la administración para proponer mejoras en Galicia. La Diputación es el sitio para proponer mejoras en Orense y, en tal caso, reclamar algo para Orense; pero reclamar algo para Galicia en general tiene que hacerlo el Parlamento gallego.

Entonces, creo que se equivocó de administración el Bloque y nosotros aquí nos tenemos que abstener.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** moitas grazas, presidente. Moi bos días a todos e todas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Nós si que vamos a entrar, señor Jácome, nesta moción porque esta moción si inflúe a Ourense. Inflúe a todos os concellos do rural de Ourense. Eu non sei como di que non inflúe a Ourense. Non sei se viu o Plan de Transporte Público de Galicia.

Rematado o prazo de exposición pública para alegacións ao Plan de Transporte Público de Galicia, un plan que nos presenta, por parte da Xunta, como unha modernización do transporte por *carretera* mellores conexións entre as vilas da provincia e da cidade de Ourense; unha mellora da mobilidade interior das comarcas, facilitando os desprazamentos aos Centros de Saúde e ás principais áreas industriais; deseño de rutas renovado, atractivo e accesible, reforzo dos servizos de núcleos pequenos de poboación axustando horarios e conexión á demandas existentes.

Pero a realidade é ben distinta. Atopámonos cun pésimo deseño do plan. Transporte a demanda, si; pero en horario e días lectivos, coincidindo coas liñas de transporte aos centros educativos (puntualizo, en época escolar); polo que un veciño e veciña non pode ir ao médico en vacacións utilizando o transporte público e se durante a época escolar vai con este transporte ao médico ás 8:30, cando volta á casa? Ao remate das clases?

Recordar tamén que este transporte, chamado a demanda, non é tal; é un transporte baixo reserva que obriga aos usuarios e usuarias a solicitar o servizo a través dunha operadora, dunha App instalada no seu móbil ou a través dun ordenador. Pero, señores e señoras, son conscientes da realidade que temos no rural?

Falan dende o goberno galego da lexislatura do rural. De verdade que coñecen o rural galego os que deseñaron o Plan? E o que é máis grave, o PP é consciente da realidade dos nosos pobos e das nosas vilas?

O novo Plan non soluciona o problema da mobilidade interior e, sobre todo, non ten en conta as características do rural galego cunha poboación avellentada, dispersa, con moitas dificultades de mobilidade e con problemas para acceso ás novas tecnoloxías.

Señores, o Plan de Transporte Público de Galicia do PP demostra a incapacidade, inoperancia e falta de transparencia e do diálogo co sector, cos sindicatos e concellos demostrada pola Xunta na elaboración do documento.

Pese á importancia de levar a cabo un proxecto de mobilidade adaptado ás necesidades dos veciños e veciñas, sobre todo do noso rural, durante o proceso previo a Xunta limitouse a contratar a grandes empresas consultoras, como xa foi aquí falado, que achegaron consultas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

aos concellos. Como todos e todas saben, recibimos esas enquisas nas cales se nos preguntaba cómo estaba o servizo que existía na actualidade; señores, pero é que estas empresa xa tiñan que saber como estaba o servizo! Porque o servizo é da Xunta de Galicia, non é dos concellos.

Agora atopámonos cun Plan no que non hai unha reordenación dos servizos, mantendo liñas obsoletas. Todos e todas os que viron o Plan que afecta aos seu concellos, saben do que estou a falar. Non recolle a realidade das áreas metropolitanas que quedan á marxe; mantendo os seu propios plans de transportes illados,

O Plan, evidencia a falta dunha política de transporte e evidencia un claro descoñecemento da realidade xeográfica e demográfica de Galicia. Estamos, tamén, ante un Plan que pon en perigo a pequenas e medianas empresas de transporte e aos seus traballadores. Non é un Plan de transporte global, pois unicamente contempla un único medio de transporte; cando debería ser consecuencia dunha formulación máis xeral sobre a mobilidade de Galicia en todos os medios de locomoción.

Neste punto, agora na miña intervención, teño unha pregunta par ao veceiro/a do PP que vaia a intervir que lle vou a facer porque quero saber se esta Deputación presentou algunha proposta ou achega ao Plan de Transportes de Galicia. E digo isto pola falta no Plan dunha formulación xeral do plan de transporte de mobilidade, inter e intra comarcal, coa cal non conta o Plan; pero tamén por un aspecto importante, como vai a supoñer a chegada do AVE, da liña de alta velocidade, a Ourense. Saben vostedes como quedan as conexións das vilas da nosa provincia coa capital? Un feito tan importante que é a chegada do AVE a Ourense, para nada se ten en conta.

O PSOE xa reclamou, en xuño de 2017, mediante unha moción debatida neste Pleno, e non apoiada polo Partido Popular, a implicación técnica real da Deputación para a mellora dos servizos definitivos que deberán entrar en vigor proximamente; así como a necesaria creación de mesas de diálogo, si, mesas de diálogo nas que participen todos os concellos agrupados por comarcas. E señores, non se fixo nada. Non se fixo nada, neste sentido, para mellorar a coordinación entres todos os municipios que somos os principais coñecedores dos problemas dos noso territorio.

Son necesarias mesas de diálogo. Vou facer miñas as súas verbas, señor Plácido, xuntos vamos a traballar mellor; pero por separado non. Aquí cada un presentamos unha alegación ao Plan, verdade? Cada concello, eu creo, presentamos alegacións ao Plan pero de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

forma individual. Non presentamos unha alegación conxunta de comarca, non señores, non presentamos.

Son necesarias, como dicía, mesas de diálogo nas que participen todos os concellos agrupados por comarcas, nas que se coordinen estas necesidades reais de mobilidade; analizando o coordinando todos os medios de transporte, non só un deles. As consultas individuais e illadas aos concellos están a provocar queixas e claros problemas de coordinación. Moitas grazas, nada máis.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** señor presidente, señoras deputadas, señores deputados e persoas que nos ven por distintos medios, quen nos acompaña no salón de Plenos.

Dende logo, o Partido Popular e para min como concelleiro dun Concello rural, pois dende logo o tema do transporte preocúpanos a todos e, sobre todo, preocúpalles aos cidadáns que necesitan usalo, pois é un servizo básico.

Sorpréndeme, sorpréndenos, que presenten esta moción aquí ou é que non se fían dos representantes que teñen no Parlamento de Galicia que é onde nós entendemos que ten que debaterse este tema? E isto vai para os dous Grupos que interviñeron, digo que será o Parlamento de Galicia; será alí onde hai que dicir que hai que facelo por comarcas, que hai que facelo por provincias, que hai que intensificar, que hai que destinar máis medios, que non estivo ben feito o Plan. Todo iso hai que dicilo alí. Tamén hai que dicilo aquí, pero dende logo dende outro prisma. Falar de Ourense aquí, pero alí no Parlamento fálase de Galicia. O Plan é un plan para toda a comunidade autónoma de Galicia e para todos os veciños e veciñas de Galicia.

Todos os concellos de Galicia tiveron a oportunidade de reclamar aquilo que consideraban que non estaba ben; podendo presentar reclamación, achegas, suxestións ou demandar melloras. Entendemos que así o fixeron, cónstame que así o fixeron a práctica totalidade. Tamén á FEGAMP e aos axentes sociais, como non pode ser doutro xeito. Algún poderoso e forte non o fixo, nin lle interesou para nada o Plan de Transporte; debe de sentirse tan potente e tan cousa que, ao mellor, seguro que si. Ese é o que ten que pensar se, algún día, os demais tamén debemos ter servizos.

A todo isto vostede (dígollo a vostede que é o autor da moción e naquela parte que a señora portavoz do Partido Socialista tamén faga súa a cousa, tamén vai a contestación pata

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019**

ela), a todo isto vostede afirma que foi un procedemento pouco participativo; digan vostedes que non foi suficientemente participativo nun tema tan complexo. Nós, incluso, poderíamos comprarlle iso, mire vostede; porque nós tamén recoñecemos que todo é mellorable e sobre todo algo tremendamente complexo, algo que é de toda a comunidade autónoma, algo de que algún servizo puidera afectar a dúas provincias, a veciños de dúas provincias que están limítrofes; pois claro que si. É un problema, é algo importante para toda a Comunidade Autónoma. Estou de acordo con todo iso, como non pode ser doutro xeito; como non vamos a estar! Quen defendemos, por riba de todo, aos nosos veciños e veciñas, incluídos vostedes.

Ou é que vostedes, ou é que vostede tampouco valoran –entendo que a señora deputada do Partido Socialista si o valora- o traballo feito por quen coñece a realidade de primeira man? Ou quere cencenar a autonomía coas súas afirmacións? Tamén pode ser que só escoite aos da súa corda (porque eu tamén os escoitei facendo declaracións, algunhas que comparto e posiblemente a maioría delas que non comparto) facendo caso ao que din, sexa certo ou menos certo.

Tamén me sorprende, tremendamente, que vostede veña aquí defendendo asociacións de empresarios. Home, tamén me sorprende! Ademais, defendéronas cando estivo o Plan, cando abandonaron os servizos e deixaron aos servizos sen o servizo básico.

Vostede aínda non se decatou que ao Plan de Transportes lle queda camiño por diante e que se precisa a colaboración, a colaboración, entre a administración autonómica no seu conxunto (non soamente a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, absolutamente todas as Consellerías, todas absolutamente todas, pois é un tema tremendamente transversal) e, como non, as demais administracións; xa sexa a administración do estado que ten competencias en materia ferroviaria, que ten competencias en materia de aviación, que ten competencias en cuestións de aeroportos, que ten competencias en moitas cousas, en portos, aeroportos, etc... Claro que si! Claro que se precisa tamén! Pois acheguen, acheguen dende esas administracións, que acheguen todas ao mellor todo o que teñen que achegar e colaboren. E tamén, xa dixen, todas as administracións, xunto cos axentes sociais; pois nós así o entendemos e así seguiremos traballando para acadar o mellor Plan posible; non o Plan que vai a resolver todos os problemas; pero si o mellor Plan posible, esa é a obriga de todas as administracións e de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

todos aqueles que temos algo que ver en política, pero sempre cunha visión construtiva, cunha visión de colaboración e cunha visión, do que vostedes chaman, traballar polo país.

Afirma vostede que o sistema de transporte é un sistema obsoleto, que tiña que ter cambiado fai tempo e o que se leva feito é ocultar o problema e non facer nada. A isto, recordarlle que cando vostedes, os grupos que aquí interviñeron anteriormente, cando vostede mandaban, porque mandaban... por certo, alguén aquí fixo referencia a esa discriminación positiva; palabra que eu nunca empregarei, unha discriminación, a utilice o diga quen diga, sinto se me quedo só, ningunha discriminación pode ser positiva; pero alá cada un coa súa cousa, eu manteño esa. Cando mandaban na Xunta (o meu concello, dende logo, non foi deses, cero euro; non sei onde estaba a discriminación positiva, e é o concello rural máis grande da Comunidade Autónoma en número de habitantes porque non ten ningún núcleo que supere os 1.000 habitantes e ten máis de 6.000 e ten un parque empresarial e ten moitas cousas que necesitan moitísimo apoio) vostedes mandaban e xa se coñecía o Regulamento europeo de transportes; en lugar de afrontar o problema e avanzar no traballo de cara ao futuro, o que fixeron foi licitar os contratos de transporte por un ano, deixando o problema para os que viñeran detrás. Iso é o que fixeron vostedes, mire como podían, ese Plan, que vostede di, tan importante podían facer; pois tiveron a oportunidade de comezalo alí, os estudos, escoitar aos veciños e veciñas, escoitar ás comarcas. Tiveron vostedes oportunidade. Que casualidade que, en lugar diso, por un ano. Oiga, por certo, houbo outra concesións que fixeron por moitos máis anos; xusto en véspera de eleccións. Iso, que pasa? Que era máis importante? Pois seguro que tamén era importante e necesario.

Tamén trata vostede o tema do transporte urbano e metropolitano. Xa o trataron vostedes aquí noutra moción que presentaron no seu día. Non sei como se atreven a falar do tema. Cando gobernaban na Xunta, e tamén tiñan responsabilidades no transporte da cidade, vostedes!, ou cogobernaban aquí tamén, dedicáronse única e exclusivamente a torpedear e a tomarlle o pelo aso veciños e veciñas e aos gobernos dos concellos do entorno da cidade. Non serán capaces de rebaterme isto?. En cada reunión que mantivemos, que foron moitas e que xa ía ser e que íamos empezar e íamos tal, sempre a mesma *cantinela*. Cada reunión que tiñamos, que foron moitas, viñan cunha escusa; iso si, vontade política, cero. A culpa, case sempre era, os informes da Policía Local eran desfavorables, que se ía

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

producir un colapso terrible nas rúas da cidade. Esa, e non outra, foi a postura durante varios anos.

Diranme vostedes e agora que leva gobernando o PP na Xunta e no Concello de Ourense? pois teño que dicilo, é unha *asignatura* pendente; pero é unha *asignatura* pendente cos concellos do rural. Vostedes aquí, que falamos todos os días do rural, de fixar poboación; os concellos do rural do entorno de Ourense, e a señora deputada tamén o sabe porque así o fixo o seu Concello e o señor tamén deputado do Concello de Amoeiro, celebramos cantos Plenos foron precisos para que o transporte metropolitano se puxera en marcha, de xeito experimental ou como fose. Non quedou ningún acordo por tomar que foi tomado por unanimidade de todos os Concellos; non sei como foi a votación, pero dende logo a maioría absoluta, cando menos, así o aprobou.

Sorpréndeme que o Concello de Ourense non os tomou. A última vez que se tratou o tema no Concello de Ourense, na presente lexislatura, lamentamos que, unha vez máis, lle desen as costas aos veciños e veciñas dos concellos do entorno da cidade. Tamén aos da cidade, pois a quen beneficia máis o transporte metropolitano? Aos que viven na cidade ou aos que viven no entorno da cidade? Eu diría que a todos, porque no concello de San Cibrao das Viñas (que hoxe tomou posesión o señor deputado e alcalde, brillante alcalde do Concello de San Cibrao das Viñas) traballan, alí traballan máis de 8.000 persoas e no meu, 2.000, pois todos os días a maioría deses traballadores e traballadoras –por certo, no meu parque empresarial, a maioría, moi por encima da media, son mulleres. Algo facemos dende o Partido Popular cando gobernamos-

[Perdón, graciñas señor alcalde de Ribadavia, o meu, sabe por que digo o meu? Porque traballei moito para que saíra adiante e pasei moitas noite sen durmir. Graciñas. No seu, non sei se vostede traballaría o mesmo. Grazas.

Moitas grazas, señor presidente, non pasa nada porque me interrompan por iso, porque eu faga meu unha cousa. Estou orgulloso diso; polo tanto non se preocupe, non me molesta que me interrompa. Podo continuar, señor presidente? grazas, moitas grazas.]

*Bueno*, pois como dicía, lamento que lle deran ás costas a eses, non ao meu concello en particular, senón aos meus veciños e aos veciños de todos o entorno da cidade, e tamén aos da cidade de Ourense; porque a administración autonómica tamén terá moita responsabilidade, tamén a ten, pero o Concello de Ourense –e aí están vostedes

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

representados, salvo vostede que non ten, que eu saiba, pero ten aos primos irmáns alí- pois, dende logo, non se pon en marcha porque o Concello de Ourense seguen, e os veciños de Ourense seguen en precario co transporte urbano. E se todas as empresas, e se o Concello de Ourense, todos os que están alí, todos os que votan alí, foran quen de sacar o orzamento, o equipo de goberno ten máis responsabilidade, pero coa axuda de todos, hoxe tería sido unha realidade ese transporte metropolitano que tanto necesitamos.

Permítame que lle faga unha pregunta, cales foron as súas achegas, as do seu Grupo, durante o proceso de diálogo, ao Plan de Transportes da Xunta? Dígolla eu, ningunha; ou polo menos eu non as coñezo. Lamento se é doutro xeito e eu non o sei.

Podería responder cal é a razón pola que na cidade de Pontevedra non existe o transporte urbano aínda sendo unha obriga legal pois ten máis de 50.000 habitantes? Porque un ten que mirar primeiro o que fai un e se somos un exemplo, e ademais esa cidade da que vostedes presumen de ser unha cidade educativa e todo iso; pois, home, o transporte debería ser algo fundamental. Ao mellor ata estou errado.

A vostede, espero que a señora deputada non sexa así, a vostede interésalle vir aquí falar de catastrofismo, a ver se pilla algo, xa que non o fixeron no Parlamento, ao mellor aquí...A realidade é distinta ao que vostedes pretenden presentar. Estou seguro que os veciños e as veciñas valorarán o traballo de cada quen.

Confío que co traballo de todos, de todas as institucións e de todas as administracións e tamén dos traballadores e traballadoras, e das empresas, e de todas as administracións o Plan de Transporte cumpra o que eu dixen antes, que sexa o mellor posible. Nada máis e, na primeira miña intervención, moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas, señor presidente. Nós na exposición de motivos fomos bastante extensos e claros para debullar todas as carencias que nós vemos no Plan de Transportes que é obxecto hoxe de debate.

Como sempre, é un problema que non é exclusivo da provincia de Ourense; pero que afecta, loxicamente, á provincia de Ourense. Porque antes tamén estabamos falando do rural, de fixar poboación e, precisamente, o tema do transporte público é un dos aspectos fundamentais nos que se axuda ou se garante que a poboación do rural poida acceder a servizos e poida seguir manténdose os pobos e aldeas dos noso concellos con xente, habitados porque, se garantimos que teñan acceso aos servizos, un transporte coas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

cabeceiras das súas comarcas funcional e eficiente, pois ido tamén, loxicamente, axuda a loitar contra ese reto demográfico e a fixar poboación.

Contestando a algunhas das cousas das que tomei nota, das que se faloron por aquí, algúns son os argumentos habituais, que é un tema máis do Parlamento de Galicia. Home, si, é un tema do Parlamento de Galicia, loxicamente, niso estamos de acordo e de feito, alí, xa o presentamos, xa o defendemos e os nosos representantes tamén dan alí a batalla. Pero, en todo caso, nós como representación dos veciños de Ourense, neste caso, calquera tema que afecte á nosa provincia e afecte aos nosos veciños, dende logo, nós sempre defendemos que ten que ser obxecto de debata –aínda que tamén mo recoñeceu ao largo da súa intervención- nesta Casa e ten esta Casa que liderar calquera tipo de reclamación diante de calquera outra administración aínda que non sexamos os directamente responsables das competencia que se discuta.

Volvemos a falar do bipartito, o recurso habitual empregado a todos os niveis. Como me volve falar do bipartito, téñolle que volver dicir exactamente o mesmo que dicimos sempre. O bipartito, en tres anos e medio ou pouco máis que estivo á fronte da Xunta de Galicia, dende logo non puido facer fronte á toda a problemática que levamos arrastrando cando vostede, en máis de 40 anos, non o fixeron. Dende logo, dende o bipartito, tamén lle lembro que xa pasaron 10 anos.

Eu na exposición de motivos, precisamente, facía referencia a que vostedes non fixeron nada cando o problema estaba en riba da mesa. Do período do 2000-2006, preferiron obviar o problema, deixar que pasara o tempo e agora, ás présas, correndo e malamente, intentar atallalo. Como, por certo, non só fan con isto; fan con calquera outro tema grave de país que nos afecte porque é unha política que caracteriza ao señor Feijóo.

Vostede fala, tamén, de que era unha *asignatura* pendente, ou ata agora era unha *asignatura* pendente; *bueno*, pois con este plan que nos expoñen enriba da mesa, nós pensamos, por desgraza, que a *asignatura* vai pendente, e non só pendente, senón suspensa.

No Concello de Ourense, efectivamente, non temos representación. Agardamos, dende logo, que iso poida mudar dentro de escasamente dous meses. Pero dende logo, nós non teremos representación, pero a que teñen vostedes aos veciños e veciñas de Ourense non lles trouxo, nestes últimos anos, dende logo ningunha noticia, nin ningunha alegría digan de ser celebrada.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Fálame tamén da cidade de Pontevedra. Mire, recoñezo que non coñezo a situación do transporte urbano –vostede di que non o hai- na cidade de Pontevedra. Tampouco coñezo cal é o motivo de que non o haxa ou se é obrigatorio que o teña que haber. Pero, home, a provincia de Pontevedra desde logo o tema do transporte urbano non será un criterio moi significativo á hora de definir a calidade de vida nunha cidade porque premios que ten levado a cidade de Pontevedra e referente internacional que representa en canto a urbanismo, calidade de vida e calidade para os veciños e veciñas, para os cidadáns da capital; pois dende logo non hai outro, senón póñamo vostede.

Entón, dito isto. Vostede non me falou da emenda, eu voulle a dicir que non a podemos aceptar. Primeiro, aínda que pide cousas que vistas por riba poderían parecer parecidas ás que nós solicitamos, pois non é así. O espírito que está detrás desta emenda non é o que nós expomos no acordo orixinal e, sobre todo, porque se deixa fóra un dos temas fundamentais no que nós facemos incidencia na nosa moción que é que se defendan os postos de traballo e o tecido empresarial do país fronte ás grandes multinacionais do sector que son as que, por desgraza, máis posibilidades teñen de acometer contratos como estes formulado tal e como está agora polo goberno da Xunta. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** gracias. Dos matices, que ha dicho la diputada del PSOE que todo lo que ocurre en Galicia influye a los gallegos; con lo cual sí que deberíamos votar y opinar en este tema. Pero también todo lo que ocurra en la NASA puede influir en la humanidad y no vamos a hacer una moción instando a la NASA. Incluso todo lo que ocurre en Google y Facebook puede afectar a los gallegos y no por ello vamos a hacer aquí una moción instando a Google o instando a Facebook.

A nosotros nos parece que esta moción no es apropiada porque es del Parlamento propio de Galicia para los gallegos. Nosotros estamos aquí para Orense, entonces se podría instar a la Xunta para Orense; pero tratar de hacer política que no es de nuestra competencia, aquí, me parece que es un fraude para los votantes.

Por otro lado, me llama la atención lo que ha dicho –es importante resaltar estas palabras- porque el diputado Doval (creo que es el más licenciado en pedagogía, o algo así), me llama la atención lo que dijo porque dijo que, él igual se queda solo en ese término, pero

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

que la discriminación nunca puede ser positiva, que la discriminación siempre es negativa. A mí me parece increíble que, una persona como el señor Doval, no sepa que discriminación es una palabra polisémica y tiene dos acepciones; una de ellas, efectivamente, tiene una connotación negativa y la otra significa un filtro y el filtro puede ser negativo o positivo. Que usted no conozca que la palabra discriminación es polisémica y que una de las acepciones no tiene que ser negativa, me parece grave en una persona que es licenciada.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** grazas, presidente. Estamos a debater sobre o Plan de Transporte Público. Plan de Transporte Público que todos os nosos veciños e veciñas utilizan o autobús para vir ás vilas e moverse polos seus concellos, si señor Jácome; non afecta á Xunta en xeral, afecta aos nosos veciños e veciñas.

E o señor Doval non me contestou, esta Deputación fixo algunha achega, algunha proposta para o Plan de Transporte de Galicia? Isto vén porque o propio PP propuxera, e aprobara previamente ,no Parlamento de Galicia, con data de 2017, *solicitar a participación activa das Deputacións provinciais na definición do novo mapa de servizos que está a ser un obxecto de planificación por parte da Xunta e demandar a súa implicación, tanto técnica como económica, de cara a un posible reforzamento económico dos servizos de transporte público por estrada.*

Non vou a entrar no Plan de Transporte Metropolitano porque sería para falar moito máis e daría para falar noutra moción. Só dicir que por parte da Xunta tampouco foi tratado con moito cariño o Plan de Transporte Metropolitano.

Señor Doval, un plan participativo o que temos enriba das mesas? Terá que estar comigo que unha enquisa e unha reunión non é o conseguinte participativo.

Vou rematar dicindo que o que se fixo non foi unha posición global do Plan. Fíxose, recolleuse o que tiñamos, mellorado algo; pero totalmente insuficiente e non adaptado á realidade, se no, por iso, presentamos todos os concellos –como dixemos antes- creo que todos, presentamos (*bueno*, non vou a entrar se un non presentou..) todos os concellos presentamos alegacións. Todos os concellos participamos en reunións porque todos queríamos mellorar, porque nos parece unha cousa moi importante este Plan e de verdade que non o estamos a conseguir porque o Plan que nos presentaron parece que descoñecen totalmente a realidade que estamos a ter no noso rural. Nada máis. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** eu sígolles dicindo, sígoos animando a que dean a batalla para mellorar o transporte porque é o que eu estou dicindo aquí e por aí vai a nosa emenda de substitución, ou non está de acordo co que dicimos aquí, na emenda de substitución? Que é un tema transversal? Que é un tema dende todos os ámbitos?

Desde logo, tamén o Concello de Vigo que non participou, que foi o que non participou; tamén supoño que terá moito que dicir nese Plan porque tamén ten aeroporto, tamén ten porto, ten ferrocarril, etc...

Pois eu tamén, igual que vostede preguntou, a Deputación si leva participado e vai seguir participando cada día máis; porque como lle digo o Plan é participativo, o Plan é de seguir traballando. Xa chegou, tamén no seu día, diñeiro ao tema do transporte, como non pode ser doutro xeito.

Polo tanto, eu ánimoos a que segan dando vostedes. Nós dende alí, coa responsabilidade de goberno que temos na Xunta de Galicia, pois temos a obriga de seguir traballando; porque non é algo finalizado, é algo que aínda é un proxecto, que eu aínda non sei se nos demos contan, que evidentemente o edificio cando se constrúe, se o proxecto non está moi axustado, ao mellor, igual xa non é posible sacalo adiante. Pero *bueno*, eu ánimoos a seguir traballando e non dicir que todo está mal. Segue habendo moito traballo.

O Plan de Transporte Público de Galicia ten que ser un plan dialogado e participado; de todas e de todos e cando digo de todas e de todos, digo das persoas, das empresas, dos traballadores, das organizacións sindicais e de todos; e tamén de todas as administracións. Pois si soamente o vai a facer a Administración autonómica dende a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dende logo non vai a chegar a bo porto; por iso nós aquí, na nosa proposta que despois lerei, a proposta de acordo, dicimos que transversalmente ese plan se traballe por todos.

Por iso, invítoos a vostedes, alí onde gobernan Deputacións onde gobernan... porque eu me pregunto que pasou en Coruña, que pasou noutros sitios. Porque non nos pregunte a nós o que fixemos; tamén preguntello primeiro, faga unha análise do que fixeron os seus colegas nas outras provincias, a ver se, efectivamente, se implicaron tanto no Plan. Claro, se vostede me pregunta aquí, que me parece ben que me pregunte aquí porque estamos na Deputación de Ourense; pero home, cando un fai iso, *hombre*, e as outras Deputacións? Que é un plan que afecta a toda a Comunidade Autónoma, que afecta a todos os galegos e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

galegas e aos que non son galegos tamén, porque se chega alguén de afora aquí, que cada día estamos reclamando que veñan máis de afora aquí, que veñan máis a *disfrutar* do moito que temos; pois tamén se teñen un Plan de Transporte, pois mire vostede tamén nos beneficiará e, ademais, servirá para que valoren aínda máis o que somos.

Nós seguiremos demandando e colaborando para conquistar un transporte de calidade; pois estamos certos de que se trata dunha ferramenta imprescindible para a vertebración de Galicia e a cohesión social. Iso que dixeron hoxe aquí, que faláron, o eixo da costa e a Galicia do interior, sobre todo a Galicia do interior; pero parece que os que están na costa o do transporte xa o teñen resolto, entón, por tanto, non interveñen. Cito ao Concello de Vigo, debe ter o problema resolto porque non lle interesa intervir. Eu chamo tamén ao Concello de Vigo a que tamén se implique porque tamén redundará no beneficio de todos os galegos e de todas as galegas, e creo que tamén é unha obriga e tamén é bo. Alí gobernan para moitísimos de Vigo e gobernan para moitísimos de Ourense porque hai moitísima xente de Ourense en Vigo. Así que eu tamén invito a ese Concello, dende a miña humildade de deputado provincial e concelleiro de *pueblo*, a que tamén participen e colaboren, que tamén o necesitamos. Aínda máis se cabe para os que vivimos no rural, sempre deixarei iso aí, aínda máis se cabe, para os que vivimos no rural.

O transporte axeitado incide positivamente para fixar poboación no rural. Apostamos, como xa dixen noutra ocasión neste Plenario cando vostedes trouxeron aquí outra moción, polo transporte e tamén polo transporte compartido. Os nenos e as nenas do rural non son distintos aos que viaxan no transporte urbano das cidades. Son nenos e nenas e cos nenos e nenas poden viaxar persoas maiores, tamén o fan no transporte urbano, sen problema ningún; dándose a circunstancia de que ao mellor non todos os necesarios, pero que no transporte que comparten os nenos e as nenas no rural vai unha persoa responsable. Nos da cidade, no transporte urbano, naquelas cidades que o teñen, non vai ninguén, vai o condutor e ninguén mais e non ocorre absolutamente nada.

Tamén apoiamos o transporte a demanda que non é todo o que quixeramos, pero seguirá mellorando, confío en que si. Confío en que así será, se todos traballamos en positivo seguro que prestará tamén un bo servizo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Tamén teño que dicir, pola información que teño, eu non a fixen, que 3 de 4 veciños consultados son favorables a estes sistemas. Polo tanto, o que hai aquí hai que seguilo mellorando para que efectivamente mellore todo.

Por todo isto e porque temos unha obriga cos veciños e veciñas aos que debemos dar resposta, presentamos a emenda de substitución que non é, nin máis nin menos, que unha aposta polo futuro e non como vostede parece (perdóeme se non é así) que pretende apostar polo pasado. Nós apostamos polo futuro.

Eu preguntome, supoño que si, que se deron conta que a complexidade e a transversalidade necesita de todas as administracións, necesita de todos os Concellos, incluso dese que ten moitísimos habitantes, para que e aí vai a nosa emenda e vou a dar só o acordo porque creo que é o que interesa. A proposta de acordo, a emenda de substitución di:

1º.- Demandarlle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a avaliación, co máximo rigor, das suxestións e achegas presentadas ao Plan de Transporte Público de Galicia durante a exposición pública polos concellos, pois son os mellores coñecedores das necesidades concretas de mobilidade, así como tamén as presentadas polos demais axentes sociais, dando unha resposta axeitada ás achegas. (Aí tamén vai o que di vostede das empresas que dicía vostede que non recollíamos, o que non vou facer e enumerar a todos, aos traballadores, ás traballadoras, ás empresas e a todos os que teñen algo que dicir, como non, mellor ás do país que as multinacionais. Nós aquí a palabra multinacionais, dende logo non a incluimos)

2º.- Solicitar que se intensifique, aínda máis, a colaboración transversal entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade cos outros departamentos do Goberno da Xunta, e demais administracións públicas, para acadar un transporte público de calidade, ao que teñen dereito os cidadáns con independencia de que residan na cidade, na vila ou no rural.

3º.- Darlle traslado do presente acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Nada máis, grazas pola súa atención e pídolles perdón de antemán pola miña paixón na defensa do que creo como un servizo básico e fundamental para os veciños e veciñas de toda Galicia e, dun xeito especial, para os que vivimos no rural.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas, señor presidente. Si, moi breve. Dende logo, vamos a seguir dando a batalla, diso non lle caiba a menor dúbida. Aquí, hoxe, temos unha proba palpable do que digo. Nós tamén, efectivamente, vamos a seguir tamén reclamando ese diálogo do que vostede falaba.

Non vou a insistir nos argumentos porque, xa, creo que están claros por parte de todos. Simplemente dicir que, como dixeran na intervención anterior, non podo aceptar a súa emenda de substitución e terei que manterme na proposta orixinal porque vostedes falan de continuar un proceso que para nós está viciado de orixe; co cal non ten nada que ver, exactamente, co que nós expoñiamos.

E por certo, nós si facemos esa defensa dos postos de traballo do tecido empresarial ao que vostede recolle aquí no apartado de axentes sociais. Nós facemos esa defensa explícita.

Nós seguimos reclamando un plan integral, un plan integral de transporte e mobilidade. Dende logo, ata agora o que temos enriba da mesa non é integral nin tampouco venos que vaia a satisfacer as demandas que nos formulan porque non se van a reordenar liñas e non se parte dunha reordenación e dun estudo que sexa real e que nos permitira ter un transporte público integral; un plan de transporte que superara o que temos ata agora e solucionara as eivas que se viñan arrastrando porque vai ser continuación, basicamente, do que xa existía. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (7), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civiera, e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación sométese a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), do Grupo Socialista (7) e de don Francisco José Fraga Civeira, o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

1º.- Demandarlle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a avaliación, co máximo rigor, das suxestións e achegas presentadas ao Plan de Transporte Público de Galicia durante a exposición pública polos concellos, pois son os mellores coñecedores das necesidades concretas de mobilidade, así como tamén as presentadas polos demais axentes sociais, dando unha resposta axeitada ás achegas.

2º.- Solicitar que se intensifique aínda máis a colaboración transversal entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade cos outros departamentos do Goberno da Xunta, e demais administracións públicas, para acadar un transporte público de calidade, ao que teñen dereito os cidadáns con independencia de que residan na cidade, na vila ou no rural.

3º.- Darlle traslado do presente acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

**11º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á CREACIÓN DE CENTROS DE NOITE PARA MAIORES NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas. Bos días a todos vostedes que aínda non intervín neste Pleno e un saúdo especial ao novo deputado que tomou posesión hoxe.

Esta moción fala do que entendemos, e seguramente entenden todos vostedes, do que é un dereito básico, é o dereito das persoas maiores a ser atendidas e a ter a maior calidade posible de vida nos últimos anos da súa vida, valga a redundancia.

Propoñemos, tal e como di a proposta final que paso a ler, que a Deputación de Ourense proceda a instar á Xunta de Galicia a que realice un estudo para a implantación e posta en funcionamento de centros de noite para maiores nas zonas rurais da provincia.

Sabemos que xa existe lexislación que ampara este dereito das persoas maiores. Existe unha Lei 39/2006, do 14 de decembro, que xa prevé no seu artigo a creación, entre outros moitos, de servizos de centros de día e de noite, de centros de día para maiores, de centros de día para menores de 65 anos, centros de día de atención especializada e centros de noite que é o que propoñemos nós.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Pero, unha cousa é o que estea escrito nos papeis, como é neste caso neste BOE do 15 de decembro, a Lei é do 14, o BOE é do 15; e outra cousa é a realidade. Unha cousa é que xa na lexislación se contemple a creación destes centros e outra cousa é que na práctica se impulsen esta clase de servizos, como moitos outros. Como soe dicirse sempre, entre o dito e o feito hai un treito.

Eu penso que non fai moita falta exporlle a todos vostedes cal é a problemática, unha das moitas problemáticas do noso rural. Lévese falado neste Pleno, e practicamente en todos os anteriores do avellentamento do rural, en particular do rural ourensán; da falta de servizos que é causa e consecuencia, á mesma vez, do despoboamento.

Un dos problemas que ten a inversión da pirámide demográfica é que, en proporción, existen cada vez máis persoas dependentes nos últimos anos da súa vida e cun menor número de familiares e persoas que as poidan atender; entón, é cando a Administración ten que bota, a Administración ten que botar man sempre, dende logo; pero cando fallan os apoios familiares, cando non existe xente nova na aldea, no *pueblo* ou na vila porque tiveron que emigrar, como dicimos sempre, á consecuencia da falta de oportunidades, etc, etc...é cando se poñen máis de manifesto esta clase de necesidades.

Necesidades que poden ser de moita natureza, por iso, aquí, esta lei que dicía, do 14 do decembro, Lei 39/2006 por se a queren consultar, xa fala de diferentes opcións: centros de día, centros de noite; porque as necesidades poden ser moi diversas e moi diferenciadas. Nesta moción en concreto propoñemos esa, a dos centros de noite, porque aínda que a dos centros de día e as residencias, etc... sería desexable que houbera máis das que hai, dende logo. Pero no caso particular dos centros de noite estimamos que se adoce moitísimo da súa falta e creo que non lle cabe dúbida a ningún de vostedes que son moi necesarios.

Os centros de noite consistirían, esencialmente, nun centro onde as persoas maiores puideran ser atendidas pola noite. Hai moitas persoas maiores que durante o día poden levar unha vida, máis ou menos, digna e normal, poden seguir atendendo ás súas ocupacións agrícolas, incluso ás veces, gandeiras en pequena escala, xa saben que aos nosos maiores gústalle moito seguir atendendo, mentres poidan, ás súas galiñas, aos seus coellos ou á súa horta –sobre todo no rural-; sen embargo, ao mellor, de noite precisarían unha atención por se lles pasa algo, por se teñen algún episodio dalgunha enfermidade. Iso trae como consecuencia que, ao non existir eses servizos, a familia ás veces tráenos a vivir con eles á

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

cidade, ou arránxanse como poden para ir pasar a noite con eles, ou sinxelamente quedan sos polas noites porque, ás veces, a realidade das familias e da xente é a que é ás veces, sinxelamente, non poden ser atendidos por imperativos de forza maior.

Entón, nós o que propoñemos é que a Xunta tome cartas no asunto, que materialice este dereito do que xa falan as leis, a Lei, como digo 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia; instaríamos a que se cumprise, en xeral, todo o contido desa lei, pero xa cinguíndonos ao persoal e ao que estimamos neste sentido máis urxente, a que a Xunta de Galicia, previa instancia por parte da Deputación, que realice o estudo para a implantación e posta en funcionamento destes centros de noite que, estimamos, serían moi necesarios para amplos sectores da poboación maior da nosa provincia. Sen descoidar por iso as outras necesidades como centros de día, atención de necesidades de fogar, servizo de teleasistencia, ou de axuda a domicilio que, dende logo, tamén habería que seguir prestándolle atención. Pero nós queremos incidir, concretamente hoxe, na necesidade, na importancia dos centros de noite polo motivos apuntados. De momento, nada máis. Moitas grazas

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas, señor presidente.

Eu vou aproveitar a ocasión para facer unha valoración ao respecto do que nós pensamos de como está funcionando a Lei de dependencia; porque entendemos que a aplicación que se está facendo no noso país é claramente insatisfactoria tanto para as persoas usuaria, como para as que agardan unha avaliación e tamén para as que, tras serlle recoñecido o dereito, agardan meses ou anos en recibir as prestacións ou os recursos aos que, precisamente, teñen dereito.

Mesmo sendo Galicia unha das comunidades máis envellecidas, o gasto do sistema de dependencia é inferior á media do Estado. Mentres no Estado no 2017 o investimento por persoa dependente foi de máis de 6.600€, en Galicia foi, aproximadamente, de 5.700; é dicir, estamos falando de case 900€ menos por persoa, o cal nos parece especialmente grave xa que descende con respecto ao 2016, no que fora de 6.000 e pico euros. Igualmente, o gasto por habitante é menor no noso país, 108€ fronte aos 129€ do Estado.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

O aumento de número de persoas atendidas é porque se están ofertando, sobre todo, recursos de baixo custe e apostando pola privatización, non creando prazas pública, senón prazas sostidas con fondos públicos que é lixeiramente diferente.

O Partido Popular leva anos prometendo o Plan Como na Casa, consistente en poñer en marcha un plan de construción de residencias públicas, de entrada ían a ser 7, unha en cada grande cidade; pois, a día de hoxe segue sendo iso, un Plan.

En resumo, o Partido Popular ofértalle aos galegos e galegas unha Lei de dependencia de segunda; como digo, cun investimento público por dependente inferior á media do Estado, bastante inferior, repito, case 900€ menos, e con prestacións ofrecidas aos usuarios que se centran en servizos de baixo custo, como a axuda a domicilio ou a teleasistencia, mentres en servizos de custo máis elevado, como a atención residencial precisamente, nin sequera se logrou manter a taxa de reposición de anos anteriores porque se pechou o exercicio anterior, o exercicio do 2018, con 78 prazas residenciais menos.

E nós, o que reclamamos é que o goberno de Feijó se poña as pilas e converta a atención á dependencia nunha prioridade política. É preciso o incremento de centros de día e incrementar o persoal para que as axudas podan ser tramitadas no prazo que establece a lei e non teñan que estar agardando, como dixen, meses e anos para recibir as prestacións.

Nós tamén reclamamos recurso porque sen recursos, loxicamente, non se pode atender á dependencia e os recursos teñen que vir por un financiamento xusto por parte do Estado que destinou á dependencia 84 millóns de euros que é unha cifra moi afastada dos 186 millóns que nós defendemos que se lle deben ao noso país, sobre todo como consecuencia dos recortes do decreto do ano 2012 e tamén moi lonxe da cifra de 140 millóns de euros que o Estado recada por vía de impostos, pola Seguridade Social, IRPF e IVE do propio sistema de dependencia do noso país.

Tamén defendemos e esiximos que o Estado asuma o 50% dos gastos da Lei de dependencia e que reverta os copagos e, sobre todo, unha medida de choque, un investimento para loitar contra o limbo no que se atopan as 30.000 persoas dependentes que precisan axuda a domicilio, os 14.000 que precisan transporte adaptado e os 12.000 que precisan un centro de día.

Indo xa concretamente á moción, a prestación que demandan, dende o noso punto de vista, é claramente unha residencia. Discrepamos aí da valoración que fai Democracia

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Ourensana. Unha persoa que necesita ser atendida de noite, dificilmente, na maioría dos casos, vai poder valerse por si mesma de día e por tanto, insisto, o que precisa é claramente estar nunha residencia.

As casas do maior, ao igual que as casas niño, é un modelo tamén no que non acreditamos. Son prazas privadas, mantidas con fondos públicos, e persoas particulares con algún escaso curso de formación, tampouco é persoal especializado. Non se crea unha rede pública. Cando as persoas deixan de dar prestación porque non lles compensa, ou non lle interesa ou atopou outras alternativas, hai que volver empezar de cero e queda sen ningunha infraestrutura nin rede.

Remato, o que ten que facer a Xunta é crear un sistema público, investir máis, construír as residencias precisas, construír os centros de día suficientes, etc, etc...

Nós, dende logo, en vista de todo isto e tal e como está formulada a moción, non podemos votar a favor; temos que optar, neste caso, pola posición en contra. Nada máis. moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista :** grazas, presidente.

Nós últimos anos, e máis na nosa provincia, estamos ante o incremento da poboación de máis de 65 anos. Todas as análises apuntan a que o progresivo avellentamento da poboación vai a ir acompañado do incremento do número de persoas que por algún grao de dependencia, por razóns de enfermidade ou outras causas de discapacidades ou limitacións.

En Ourense atopámonos cunha taxa de avellentamento máis elevada de toda España, polo que fai que sexa imprescindible a revisión do sistema tradicional de atención á persoas dependente, ao fin de asegurarlles unha prestación e coidados adecuados.

Como xa se falou aquí, a aprobación da Lei 39/2006, do 14 de setembro, da promoción e autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia, esa lei crease como un novo dereito no ámbito estatal para atender ás necesidades daquelas persoas que necesitan apoio para o desenvolvemento das actividades esenciais da vida diaria e conseguir unha maior autonomía persoal.

Este sistema para a autonomía e a atención á dependencia foi creado coa colaboración de todas as administracións públicas como un conxunto de servizos,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

prestacións económicas e axudas. As Comunidades Autónomas asumen unha importante e relevante participación no seu cumprimento.

Así ben, isto no papel porque en Galicia a realidade coa que nos atopamos é ben distinta. Atopámonos ante a falta de recursos públicos e a perda da calidade dos mesmos e o feito máis grave, que xa se dixo aquí, é que dende a Xunta de Galicia apóstase por apoiar ao sector privado nas atencións á persoas dependentes e, tamén, o que me parece triste, que nesta Deputación, como se fixo antes, que se aproba nunha modificación de crédito a achega de diñeiro ao sector privado para a atención de persoas dependentes.

Dende hai 9 anos que está o señor Feijóo na Xunta, puxéronse en marcha cero residencias de xestión pública; de feito, diminuíron un 7% en número de prazas, mentres incrementaban un 9% as privadas sostidas con fondos públicos. Algo máis grave, se temos en conta que hai residencias -e vamos a falar xa na nosa provincia- como a do Carballiño, hai unha residencia pública na que só se concesionou un 40%; é dicir, un 60% da capacidade dese centro estase desaproveitando.

Ademais, o tempo de tramitación para obter ás prazas (hai fixado ese tempo seis meses, 180 días) sitúase actualmente en máis do dobre, 453 días e despois pódese pasar 3 anos sen o servizo. Iso, todos e todas os que temos responsabilidades municipais e que estamos co tema, sabemos do que estamos a falar.

Un verdadeiro calvario para as persoas que non teñen toda a vida para esperar, para as familias que se atopan desesperadas; moitas persoas morren antes de obter unha praza, temos unha lista de espera ao ano de entre 1.500 persoas a 2.000 persoas. Podería seguir cunha lista, analizando como está o servizo de dependencia, o tempo de espera para valoración; o tempo de espera que hai que sumarlle para o recoñecemento do grao de dependencia; o tempo de espera para que o usuario/a teña o servizo recoñecido.

A moción que presenta hoxe Democracia Ourensana solicita un estudo para a *implantación y puesta en funcionamento de un centro de noche*. Un estudo?, señores, son necesarios servizos públicos para a atención aos nosos maiores de maneira urxente, porque se están a facer parches porque, así, como veñen as eleccións, aos concellos dámoslle unhas horiñas máis de dependencia; que se unha pequena axuda aos usuarios para sufragar as prazas en residencias privadas, axuda que, por certo, é claramente insuficiente; que se casas do maior que, vou a recordar, teñen cinco prazas cada unha.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Señores, isto é claramente insuficiente. Os datos que temos ao noso carón son claros, é necesario incrementar, de maneira urxente, o número de prazas en residencias de maiores de xestión pública; o número de centros e optimizar máis os existentes e son máis necesarios centros de días, reitero, públicos e de xestión pública.

Nesta moción que hoxe nos propón Democracia Ourensana, que nos pide un estudo que se propón, vamos a votar a favor. Si que é verdade que todos os servizos, para nós, no rural son necesarios, pero cremos que son claramente insuficientes. Son necesarios máis servizos públicos e de xestión pública. Grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas, señor presidente. Vamos a ver se eu son capaz de ser breve.

En todo caso, señor Ojea, benvido a ese club das mocións de instar; iso que di o señor Pérez Jácome que son trapalladas e que non valen para nada. Pois, ala, benvido. Nótase que estamos en precampaña.

En todo caso para nós, e para min en particular, nada máis importante nunha sociedade que os servizos sociais e non serei eu quen poña en dúbida tales iniciativas. Miren vostedes, á marxe de propostas ocorrentes e con máis ou menos oportunismo, polos tempos que nos tocan, está claro que o dato certo é que o avellentamento da poboación é un dos principais problemas cos que contamos no rural ourensán, xunto co despoboamento, debido sen dúbida, e hai que dicilo tamén, por sorte á esperanza de vida ou ao aumento da esperanza de vida.

Por suposto que un dos obxectivos desta Deputación foi e seguirá sendo tentar de axudar a resolver os problemas, e digo axudar a resolver os problemas, aos que se enfrontan os nosos maiores no rural. Non podería ser doutro xeito, pero os medios son os que son. O principal obxectivo é respectar a independencia e a liberdade dos noso maiores, ofrecéndolles servizos que os axuden a realizar as súas actividades, dentro dun marco seguro e funcional tentando sincronizar a idiosincrasia propia dos nosos maiores do rural coas súas necesidades.

Pero outro aspecto a ter en conta na nosa Comunidade Autónoma é a elevada dispersión xeográfica, o que fai que Galicia teña unha importante desigualdade. Así, ao longo do eixo atlántico, que tanto se cita aquí e non sei por qué se ri dona Isabel, concéntrase a meirande parte da poboación; mentres, nas provincias e zonas do interior, o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

problema sexa o contraio. E por si fora pouco, por si fora pouco, a todo o anteriormente dito, únese unha orografía moi complicada que dificulta, e todos o sabemos, o acceso a determinados lugares o que pon, tamén, grandes atrancos á planificación duns servizos sociais mellores para os nosos maiores.

Por tal motivo, a colaboración entre as distintas administracións é imprescindible (hoxe estou eu no lema de cooperar), é imprescindible e debemos recoñecer xuntos, xuntos, que nos últimos anos fíxose moito polos servizos sociais, moito, moitísimo. Neste senso, os nosos esforzos, os desta Deputación, do seu grupo de goberno e do seu presidente de cara ás persoas maiores irá sempre dirixidos á súa demanda de permanecer -moi importante iso-, á súa demanda de permanecer no seu propio domicilio o maior tempo posible; manténdose autónomos e tentando retrasar os máximo o tempo de dependencia doutras persoas.

Esta Deputación, a través do Plan BenOurense, asumiu, dende o ano 2013, a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria en todos os concellos de 20.000 habitantes -é dicir, 91 dos 92 cos que conta esta provincia-, para que todos os maiores que o soliciten sexan atendidos de inmediato.

Tamén, dende a Deputación, subvenciónase a todos os concellos da provincia de Ourense con menos de 20.000 habitantes que presten servizo de axuda no fogar ao que poden concorrer persoas en réxime de libre concorrència e -modificación da que falamos pouco, pero se falou anteriormente- considerando tamén usuarios ás persoas que teñen recoñecido o estatuto de persoas dependentes en determinados supostos.

E xa por último, quixera engadir que a meirande parte de residencias de maiores existentes nos concellos desta provincia ofertan xa a posibilidade de estadias nocturnas ás persoas dependentes.

En resumo, e no ánimo de ser breve, os esforzos das distintas administracións nos últimos anos na mellora dos servizos sociais son evidentes, hai que recoñecelo; pero aínda queda moito que facer, claro que si. Os recursos son os que son; en todo caso, asegúrolles que este grupo de goberno e o seu presidente seguirán decididamente, decididamente por apostar na mellora das condicións de vida dos nosos maiores para conseguir máis servizos e de maior calidade.

Señor Ojea, anúnciolle que votaremos en contra da súa proposta porque nós entendemos que non sería viable un servizo de atención nocturna equiparable ás casas do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

maior. Se os usuarios destas casas necesitan de atención nocturna, xa precisaríamos de persoal especializado e unhas instalacións con maior dotación da que se esixe na casa do maior, sexamos serios. Non temos a seguridade que no caso de maiores autónomos, unha parte significativa deles quixera pernoctar fóra dos seus fogares; e un que ten experiencia de escoitalos, debo dicilo con total claridade. Se necesidade de apoios especiais, ninguén quere marchar das súas casa e un simple exemplo, concello de Avión, implantouse este servizo no ano 2011, ata o día da nata ningún usuario. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana:** *bueno*, eu penso que os que fixeron a lei sabían do asunto e no artigo 15 fálase do catálogo de servizos e aquí fálase de servizos diferenciados. Fálase, por un lado, de servizos de prevención de dependencia e de promoción da autonomía persoal, que é o servizo de teleasistencia e o servizo de axuda a domicilio, dos que falou o señor Plácido; de atención de necesidades do fogar e coidados persoais. Despois, no segundo apartado deste artigo 15, fala de centros de día e de noite e diferenza: centro de día para maiores, centro de día para maiores de 65 anos, centro de día de atención especializada e centro de noite. Cando os expertos fan estas diferenciacións, será porque saben que se dan diferentes circunstancias, diferentes situacións, diferentes necesidades e que necesitan de distinto tipo de persoal ou o que sexa. E despois xa falan do servizo de atención residencial que son as residencias de persoas maiores en situación de dependencia e centros de atención a persoas con dependencia en relación cos distintos tipos de discapacidade.

Vale. Cando fan estas diferenciacións tan sutís e tan especializadas os expertos, será porque non é o mesmo. Por exemplo, dicía o portavoz do BNG que entendía que un centro de día era unha residencia; pois dígallo vostede aos expertos que redactaron o artigo 15 da lei onde diferencian, perfectamente, o que é un centro de noite dunha residencia de persoas maiores en situación de dependencia. Dígallo vostede aos expertos.

O mesmo lle digo ao señor Plácido. Falou de que xa se están prestando os servizos de teleasistencia, os servizos de axuda a domicilio, etc... Vólvolle repetir, léase o artigo 15 da lei, que se supón redactado por expertos, e verá que diferencian perfectamente o que é un centro de noite do resto dos servizos. Di vostede que a ninguén lle gusta ser atendido só pola noite. Vaia, eu non sei quen é vostede para falar en nome de todo o mundo. Eu particularmente coñezo casos nos que moitas persoas gustarían de ter un centro onde ir

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

pasar a noite, podendo pasar o día nas súas casas. Entón, non sei, é moi arriscado falar así en nome de todo o mundo.

Cualificou de ocorrencia, o señor Plácido, que propoñamos un centro de noite. Vólvome a remitir ao mesmo, nós recollemos o que din os expertos; e os expertos din claramente diferenciado, vólvollo repetir, artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, no que aparecen diferenciados todos estes servizos. Nós, nesta moción, instamos a un concreto deles, sen que obste que todos os demais (a algúns dos cales vostede fixo referencia) fagan falta; xa o dixen na miña primeira intervención. Claro que fan falta moitos máis servizos dos que falou o BNG e o PSOE! O que pasa é que a nosa moción é, neste caso, especializada porque estimamos que, a pesar das moitas deficiencias que hai nos outros sitios, nesta concretamente aínda hai máis. E concretamente no rural ourensán.

Aquí voume acordar dunha cousa que dicía, e di cando lle cuadra, o meu pai. Dicía que hai catro tipos de persoas, atendendo a un criterio moi concreto, as que non lle hai que dicir as cousas unha soa vez porque eles mesmos discórrenas ou as inventan –os *genios*–; as persoas coas que lles basta dicirlle as cousas unha vez e xa quedan aprendidas; as persoas ás que hai que lles repetir as cousas varias veces, pero ao final acábanas aprendendo e as persoas que por máis que lle repitas e lle repitas non as acabarán entendendo nunca.

Pois eu, non sei cantas veces temos explicado, dende Democracia Ourensana, particularmente o meu compañeiro, que criterio utilizamos nós para votar nas instancias a outras administracións. Non cremos que instar a ningunha administración sexa un xeito eficaz de traballar; salvo no caso concreto, e nesta institución concreta da Deputación, que se inste a algo que afecte aos intereses concretos e específicos de Ourense. A ver se esta é a última vez que o temos que dicir para meter ao Grupo do Partido Popular na terceira categoría, das catro das que falei antes, e non na cuarta que, polo menos, aínda que haxa que repetilo varias veces, ao final que se acabe entendendo.

Sinxelamente, agradecerlle ao Partido Socialista o seu voto a favor, aínda que puxeron as obxeccións que puxeron. E volvo repetir, o feito de que nós pidamos os centros de noite, non é ningún motivo para excluír a demanda dos outros servizos, dende logo; son totalmente compatibles e totalmente necesarios.

E sinxelamente apoiarnos nos criterios dos expertos que, tal como digo, están perfectamente aclarados na Lei de dependencia de que o centro de noite é un centro

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

específico e diferenciado e non é asimilable aos outros; por moito que queiran dicir o señor Plácido ou o señor portavoz do BNG de que isto xa se pode assimilar a un servizo de teleasistencia, ou a un servizo dunha residencia. Non, é un servizo diferenciado e aí é o onde pedimos nós nesta moción concreta. De momento, nada máis. Grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** si, grazas presidente.

Simplemente para dicirlle ao señor Ojea, déixeme vostede a min, non ao PP, a min que fun o que intervín, na categoría cuarta. Tampouco pasa nada, tampouco pasa nada; tampouco me vou a enfadar con vostede que sabe que temos boa relación, déixeme na cuarta.

Pero, *bueno*, mire o que fixo a Lei; que a fixeron expertos, si. A realidade élle outra, vostede que presume de coñecer moito o rural galego, pois dáme a impresión que non o coñece, dáme a impresión; porque o que dixen eu é a realidade de escoitar aos nosos maiores. Vostede, a súa é de escoitar aos expertos. Vaia mollar os pés polas canellas que é moi importante para aprender.

Logo di que hai que meter máis recursos, máis recursos, máis servizos sociais. Pois claro que si! E tamén na miña casa e na súa necesitamos máis cousas, pero necesitamos máis recursos. Entón, aquí estamos nunha carreira de demagogia que isto dá gusto, isto dá gusto escoitalos a vostedes, dá gusto; eu non sei de onde van a quitar os cuartos? non sei de onde os van quitar? Todo se vale... *bueno*, agora tamén temos que nós facer as casas do maior e os centros de día dende a Deputación; cando tal temos que facer a Xunta de Galicia...

(Faga o favor e non interrompa, señor Jácome! Tranquilícese home, tranquilícese! Eu sei que están nerviosos, porque están nervioso. Eu, cando vostede fala ninguén o molesta e eu especialmente, por qué non aprende a ser educado que iso élle moi san? élle moi san iso, aprenda, aprenda que está no tempo. Váiselle pasar o arroz, aprenda)

Bueno, pois digo, digo que a Deputación non está para facer esas casas do maior, nin eses centros de día; en todo caso para colaborar, pero como non deixan terminar, pois si, o fomento está aí e colaborou en moitas residencias esta Deputación, en moitas, de xestión pública e de xestión privada, non sei onde está o problema. O que vostedes é que queren ver as cousas á súa maneira.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Expliquei por qué as casas ás que vostede se refire non son viables neste momento, tampouco me escoitou. Acabeino de dicir, antes de anunciarlle o noso voto en contra; non me escoitou porque traen o rolliño aprendido e hai que soltalo como sexa e nada máis. polo tanto, eu creo que o dixen claro e breve. Moitas grazas e nada máis.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana:** *bueno*, señor Plácido, terá que recoñecer comigo que os expertos sempre son expertos; pero no meu caso concreto tamén dixen que, home, aínda o feito de coñecer un só exemplo, non demostra; pero un contra exemplo refuta. Acórdese da lei da lóxica; os exemplos non demostran, pero os contra exemplos refutan.

Entón, eu pódolle dicir que coñezo bastantes casos de persoas que demandarían,o feito de que traíamos aquí esta moción non é froito dunha elucubración de *una noche de verano*; é o froito da demanda de persoas que se dirixen a nós e que piden isto. Entón, claro que hai demanda; ao mellor non a hai en Muíños, vostede tampouco me imaxino que pode falar en nome de toda a provincia de Ourense co mesmo grao e rigor de coñecemento de causa que fala do concello de Muíños. Eu non digo que, ao mellor, no concello de Muíños non exista demanda desta clase de servizos; pero ten que pensar que pode existir noutras e no noso caso, cóstanos. Ademais, cando os expertos dino; a min que quere que lle diga, os expertos nesta clase de cousas, de asistencia social, de enfermeiros e todo iso a súa opinión soe serme interesante.

Mire, xa sabemos que as necesidades son infinitas, as necesidades son infinitas. Eu moito de economía non sei, só lin un libro dun tal Mochon, e dese libro só lin o Capítulo 1, que dicía que as necesidades son infinitas e os recursos son escasos; entón que a economía consiste na utilización dos recursos escasos. Pero iso non quita que deixemos sempre constancia de que hai que seguir satisfacendo o máximo posible de necesidades; optimizando o mellor posible os recursos, co cal eu creo que, niso, estamos todos de acordo. Sobre todo, unha maneira de chegar a ese obxectivo é non malgastar eses recursos tan escasos en *chorradas* e en *tonterías* tal e como dicimos moitas veces aquí, se gastan neste caso concreto.

Fíxese que eu tampouco dixen que fora a Deputación a que fixera esas casas. A moción fala de que inste á Xunta de Galicia que é quen, estimamos, é competente xunto co Estado español e despois, se procede, coa cooperación do resto das administracións,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

concretamente da Deputación e dos concellos, para facer esa clase de cousas. Pero a moción fala de instar á Xunta a quen estimamos, en principio, moito máis competente e con moitos máis recursos para facelas.

De momento nada máis. Sinxelamente recordar que vostedes votan en contra, como acaban de dicir, de que se inste á Xunta de Galicia á creación de centros de noite na nosa provincia. *Bueno*, pois se é así, pois voten en contra. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2), do Grupo Socialista (7) e de don Francisco José Fraga Civeira e o voto en contra do Grupo Popular (14) e do BNG (1).

### **12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O ÉXODO DAS MULLERES RURAIS.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción, anunciando que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución.

**D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente.

No mes no que estamos, no mes de marzo do 2019, algunha mulleres pensamos que estamos xa na cuarta ola feminista. Exposición de motivos:

A situación demográfica da provincia e a ausencia dunha estratexia que afonde en todas as causas e achegue todas as posibles solucións, levounos, ao Grupo Socialista, a formularmos anteriormente una proposta de acción planificada de loita contra o despoboamento e o avellentamento; cuestión que foi rexeitada polo Grupo gobernante sen razón algunha.

Entre outros moitos condicionantes que complican as perspectivas demográficas, aparece o factor de xénero como un dos máis determinantes; a pesar de que as mulleres aínda son máis numerosas no mundo rural, representado preto dun 52% da poboación, as franxas de idade son pouco optimistas ao respecto das oportunidades que ofrecen os concellos rurais para un relevo xeracional que garanta a presenza do sexo feminino.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Hai moitos factores que fan que as mulleres máis novas marchen do rural: falta de servizos de conciliación familiar e laboral; falta de apoio a iniciativas de emprego ou autoemprego; falta de infraestruturas e novas tecnoloxías con conexión eficaz ou a masculinización dos traballos agrícolas e gandeiros. Os teitos de cristal no mundo rural son, se cabe, aínda máis difíciles de rachar que noutros lugares; a falta de alternativas laborais para as mulleres e que os labores que sempre achegaron nos traballos agrícolas e gandeiros nunca estiveron valoradas, están en moitos casos relacionados co éxodo rural das mulleres.

O mesmo acontece cos espazos públicos, onde se presentan poucas opcións de ocio e participación na meirande parte dominada polos homes; ao tempo que os recortes e a ausencia de servizos de conciliación, provoca que resulte máis atractivo atopar un traballo na vila, ou cidade máis próxima, nos sectores que tradicionalmente ocupan as mulleres como son o comercio ou os servizos.

A falta de alternativas laborais obriga a marchar a máis mozas que mozos, quedando un rural masculinizado e envellecido. Se non revertemos esta situación, impediremos o relevo xeracional e botaremos ao éxodo masivo ás mulleres das aldeas e os lugares. Se non se aplican incentivos e melloras correctoras transversais en todos os aspectos que competen á vida no rural ne todos os seus ámbitos –produtivo, social, económico, captación de axudas- non poderemos garantir a inclusión efectiva das mulleres.

As mulleres padecen unha dobre discriminación cando viven neste medio, xa que están máis desprotexidas fronte a episodios de violencia machista e tamén menos perspectivas para desenvolver a súa vida en todos os aspectos.

Facilitar as ferramentas adecuadas, aproveitando o talento feminino para crear emprego, é fundamental. Educar e traballar a igualdade en todos os ámbitos do rural é imprescindible. Formar en prevención de condutas machistas é urxente e necesario para frear a lacra da violencia de xénero que, en moitos casos, ten resultados dramáticos. Cómpre, pois, a implicación real de todas as administracións públicas a través de accións concretas, acordadas nunha mesa de traballo, co fin de facer un medio rural realmente atractivo para as mulleres.

Por todo isto, sometemos a debate as seguintes propostas de acordo:

1.º- Que a Deputación de Ourense deseñe, desenvolva e aplique un plan provincial de loita contra o éxodo das mulleres rurais que inclúa un programa de cooperación cos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

concellos rurais da provincia ao que se poidan adherir, co fin de recibir as axudas a través de convocatorias públicas para dotar de servizos, infraestruturas e programas específicos que fomenten a inclusión das mulleres nos seus territorios.

2.º- Que a Deputación de Ourense esixa da Xunta de Galicia o desenvolvemento dun plan de acción específico acordado para os concellos rurais da provincia, que introduza medidas correctoras e incentivos transversais en todas as políticas públicas destinadas ao medio rural, para favorecer e garantir a inclusión das mulleres con medidas concretas como, por exemplo:

- Axudas a empresas e entidades para a contratación de mulleres para os proxectos de emprendemento nestes territorios; complementos retributivos ao persoal das administracións e servizos públicos que residan neses territorios.

- Garantir en todos estes Casas Niño, así como primar a implantación, adaptada a estes territorios, dos servizos de atención a persoas dependentes: residencias de maiores, centros de día e retribución das persoas que os atendan; favorecendo, así tamén, o emprego feminino.

- Modificar os requisitos do número de habitantes para estes concellos para que podan manter centros de educación infantil, centros e recursos sanitarios e outros servizos públicos e aquelas outras medidas acordadas nesa mesa de traballo que se teña que constituír.

De momento, nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor, señor presidente.

É crucial abordar, dende unha perspectiva de xénero, todas as políticas de oportunidades e progreso do medio rural, porque se defendemos a igualdade, defendemos que as mulleres do rural teñan os mesmos dereitos que as mulleres das zonas urbanas, así como o acceso aos diferentes servizos públicos para a atención das súas necesidades e da súas familias; impulsando e promovendo a conciliación da vida laboral e persoal.

Dende as institucións hai que traballar para que desapareza a tripla (nos falamos de tripla discriminación, non dobre) que viven as mulleres rurais, ao exercer unha actividade

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

económica sometida a grandes incertezas, nun entorno moi masculinizado e nun medio con pouco apoio social que axude nas tarefas familiares.

Cómpre denunciarmos as situacións de de discriminación e desigualdade, a necesidade de contribuírmos a mellorar a formación e a capacitación, reivindicarmos o recoñecemento do papel que as mulleres representan ou desempeñan na estabilidade e o desenvolvemento do mundo rural.

A Lei 35/2011, por exemplo, de titularidade compartida das explotacións agrarias, que entrou en vigor en xaneiro de 2012, aí os obxectivos do goberno central eran fomentar a igualdade de homes e mulleres e mellorar a calidade de vida no rural; axudar ao asentamento de poboación e profesionalizar a actividade agraria feminina, incrementando a súa participación nas organizacións e visibilizando o seu traballo.

*Bueno*, pois sete anos despois no noso país, en Galicia, a comunidade onde, precisamente, estaban postas as maiores expectativas; tan só existen 26 explotacións agrarias ou gandeiras con titularidade compartida e nestas hai 25 homes adscritos e 27 mulleres, segundo os datos que nos achega a propia Consellería do Medio Rural a través do REAGA. Estamos falando dun censo de máis de 6.000 explotacións no 2019, en calquera das formas de titularidade, e este empoderamento da labrega e gandeira, á vista dos números, non está a resultar como se agardaba.

Desde a Federación de Mulleres Rurais de Galicia denunciaban, ou denuncian, que detrás deste fracaso está a desidia das administracións; o que está a provocar a invisibilización do traballo de miles de mulleres e establece eses teitos de cristal aos que se refería a portavoz do Grupo Socialista que son imposibles de superar.

Este tema, precisamente, xa foi levado por todos os Grupos da oposición ao Parlamento no que se instaba á Xunta a levar a cabo unha campaña de difusión da Lei. Durante o debate, o propio Partido Popular recoñeceu que a aplicación foi un fracaso; mais, aínda así, non aceptaron as iniciativas dos distintos Grupos e votaron en contra.

Tamén temos que ser críticos co funcionamento de distintos programas de inserción socio-laboral das mulleres no medio rural, nomeadamente os denominados Aurora e Clara, destinados a incrementar a empregabilidade e a participación social das mulleres en situación de risco e de exclusión social e laboral.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

A desigualdade propágase por toda a cadea, dende as empresas ata ás organizacións, pasando polas administracións. No sector agropecuario, por exemplo, ao fronte de cuxas cooperativas só hai un 5,3% por cento de mulleres nos consellos reitores; mentres que a base social representa, aproximadamente, o 25%.

Nós sempre defendemos, e seguimos defendendo, e insistiremos en que as institucións, entre elas a Deputación, teñen que implementar medidas que favorezan o emprego feminino na contratación de obras, con medidas que favorezan a creación de emprego fixo e introducindo cláusulas sociais que beneficien ás empresas que incorporen unha maior porcentaxe de mulleres na súa *plantilla*, ou que posúan medidas de conciliación e plans de formación.

Nós vamos a votar a favor da iniciativa que nos presenta o Grupo Socialista. Nada máis, moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola.

Es un poco parecida a la otra moción, a la que trajo antes el bloque de repoblar el rural gallego y en este caso concreto hace relación al tema de las mujeres, al tema de la problemática que tienen las mujeres.

Y estando de acuerdo en el fondo, discrepamos algo en algunos métodos; es un poco lo que contamos antes de la falacia de la danza de la lluvia. Es decir, estamos a favor del fondo, pero no de los métodos concretos que pide aquí como prioritarios. Entonces, en este sentido nos vamos a abstener, igual que en la otra moción; pero, por supuesto que estamos de acuerdo en lo que en realidad se pide.

En nuestra moción anterior, estamos exponiendo un problema y, obviamente, pedíamos ya un tema muy concreto. En este caso de aquí, a veces se divaga y en otros obviamente no estamos de acuerdo, por eso no podemos votar a favor y nos tenemos que abstener; a pesar de que elogiamos la demanda, que es totalmente justa, que se pide.

**D.<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, do Grupo Popular:** grazas, señor presidente. Moi bo día a todos.

Señora Lama, fala vostede, na exposición de motivos, de que a provincia carece de estratexia. É evidente, e aquí se falou en diferentes puntos da orde do día deste Pleno, que esta provincia ten unha estratexia clara; así se presentou no programa de mandato que no seu día fixo público o noso presidente provincial e que, no día de mañá, fará pública a que vai ser a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019**

estratexia desta provincia para o próximo mandato. Tamén quedou claro que nin o leron, xa tampouco lle vou a recomendar, a estas alturas da lexislatura, que o lea e que o estude; pero si lle recomendo que lea e estude o que se vai a presentar mañá.

No programa actual, no Ourense 15-19, aparecen uns programas de axuda que se están desenvolvendo a través desta Deputación Provincial, como son o programa ConciliOu, de políticas para a demografía e a igualdade, e o programa EmpregOU, de axudas á contratación de traballadores. Mire, señora Lama, neste ano que rematou, no ano 2018, 1.974 familias da nosa provincia foron beneficiarias deste programa da Deputación, o programa ChegOu.

Falan tamén, na exposición de motivos, da falta de servizos de conciliación familiar e laboral. Isto é evidente que é unha competencia da Xunta de Galicia e así o están traballando neste momento dende a Consellería de Política Social e o compromiso é que en todos os concellos rurais onde non existe nin centro de día, nin escola infantil, teñan centro do maior, casa do maior e casa niño.

Voulle a dar uns datos, porque os datos sempre son significativos e pódense contrastar, das 61 casas niño que están na Comunidade Autónoma, 32 están na nosa provincia, na provincia de Ourense. estamos falando de concellos como Amoeiro, Baños de Molgas, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Entrimo, A Gudiña, Leiro, Lobios, Manzaneda, Maside, Monterrei, Piñor, Porqueira e A Veiga. Tamén estamos falando que hai casa niño en Beade, en Baltar, en Beariz, nos Blancos, en Castrelo do Val (aí o pode corroborar o seu alcalde), en Cualedro, en Laza, en Monterrei e no Irixo. Nestes momentos presentaron os seus proxectos para conseguir casa niño: San Amaro, Sarreaus, Petín, Taboadela, Trasmiras e Vilardevós.

A isto hai que engadirlle a rede autonómica de escolas infantís que ou ben depende da Axencia Galega de Servizos Sociais ou depende do que era o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Por certo, unha destas escolas infantís está no concello de Oímbra.

Contamos tamén na provincia con puntos de atención á infancia de titularidade provincial e para os concellos de menos de 5.000 habitantes que, nun dos puntos do Pleno de hoxe, aprobamos unha liña de axuda para o mantemento destes puntos de atención á infancia.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019**

Con respecto aos servizos de atención aos nosos maiores, son 30 as casas do maior que se van a implementar, que se van a poñer en marcha neste ano e a maioría delas van a ser na nosa provincia. Vanse a implementar en Sarreaus, en Rairiz de Veiga, nos Blancos, en Punxín, en Piñor, na Teixeira, en Xunqueira de Ambía, na Veiga, na Gudiña e en Laza; e implementaranse dúas nos concellos de Xunqueira de Espadanedo e en Castrelo de Miño.

Pero, ademais disto, na nosa provincia contamos con 25 centros de día: A Rúa, Avión, Barbadás, Celanova, Coles, Nogueira de Ramuín, O Carballiño, Oímbra, Taboadela, Toén, Verín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós e Ourense.

Con respecto aos datos do emprendemento do rural que nos explica o señor portavoz do BNG, algúns datos sesgado; eu voulle a dar outros datos que son que o 54% das persoas que emprenden no rural son mulleres, fronte ao 46% que son os homes. Este dato acada, se cabe, ten máis relevancia porque nos ámbitos urbanos son o 30% das mulleres as que emprenden e estamos falando de que no rural son o 54%. No caso destas empresarias que emprenden no rural, o 79% son autónomas e fano prestando servizos que, neses momentos, non existen nas localidades nas que están traballando; co cal fan un dobre servizo á sociedade e ao territorio.

No que se refire ás mulleres titulares de explotacións agrarias, que tamén o señor Rodríguez Suárez deu uns datos sesgados, dicirlle que das 170.930 explotacións rexistradas que hai en Galicia; 61.629 teñen a unha muller como titular, é dicir, o 43,76%.

Falan tamén, señora Lama, na exposición de motivos, de que as mulleres que vivimos no rural estamos máis desprotexidas fronte á violencia doméstica. Concordará comigo, señora Lama, que isto xa é pasarse é que este argumento non o compra ninguén. A violencia doméstica, por desgraza, é unha lacra que non entende nin de rural, nin de urbano, non entende nin de clases sociais e non entende de estamentos de idade.

Con respecto ás propostas de acordo, ademais de que formulan algunha que pode ter algún *tinte* de ilegalidade como é dar un complemento diferente a unha funcionaria muller, a un funcionario home, para o resto está o Parlamento de Galicia e así están traballando niso e alí temos todos aos nosos representantes políticos e públicos para facelo. Ou tamén podemos esperar a que o señor presidente do goberno, a través dalgún dos venres sociais, se acorde do rural ourensán e se acorde da muller.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Porque tamén lle quero recordar que este éxodo do rural do que faláron anteriormente, ou deste éxodo da muller do rural, non é un problema exclusivo nin de Ourense, nin de Galicia; porque quero preguntarlle cómo está o rural de Estremadura, cómo está o rural de Andalucía ou cómo está o rural de Castela.

Por iso, nós pensamos que a perspectiva de xénero ten que facerse dende o inicio da lexislatura e por iso presentamos unha emenda na que solicitamos ao grupo de goberno, ao goberno que vaia a saír das próximas eleccións municipais que formule unha estratexia dende a perspectiva de xénero; porque non se pode presentar a final de lexislatura este tipo de iniciativa para quedar ver de cara á galería, senón que hai que crer nel e apostar para que se implemente.

Polo tanto, vou ler a proposta de acordo que vai na nosa emenda e que di: que a vindeira corporación provincial continúe liderando as políticas do reto demográfico, afondando na importancia das mulleres no mundo rural. Porque consideramos, como lle dixen, que a visión feminina ten que ser transversal en todas as políticas que se levan a cabo. Nada máis e moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas, señor presidente.

Acábanse vostedes de retratar, por si a nivel estatal non estiveran xa suficientemente retratados coas declaración de onte do número dous da lista por Madrid. Mire, falar de violencia doméstica deixa ben ás claras que vostede nunca creron nin na igualdade nin nas políticas de xénero; porque hai unha Lei integral contra a violencia de xénero, precisamente, para protexer ás mulleres. A violencia doméstica pode ser dun pai a un fillo, dunha avoa a un neto, dun sobriño a un tío, iso sería violencia de xénero e estalle perfectamente tipificada o Código Penal. Polo tanto, violencia de xénero élle outras cousas, recoméndolle que lea, que hai bastante bibliografía sobre o tema.

Volvendo ao que estamos a tratar. Dende o Partido Socialista non podemos aceptar a proposta de acordo que vostedes fan chegar como unha emenda de substitución e que di o seguinte: *que a vindeira corporación provincial continúe liderando as políticas do reto demográfico, afondando na importancia das mulleres no mundo rural.* As estatísticas estalle aí, só lle faltou engadir: *bajo el liderazgo de Manuel Baltar lider mundial en*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

*políticas de igualdade*; só lle faltou ese título, porque para nada citan ningunha das propostas de acordo que fai o Grupo Socialista.

Mire, sabe o problema que ten o grupo de goberno desta Corporación? Que todas as propostas que fai a oposición son ocorrencias politicamente incorrectas ou, senón, partidistas, ou de época electoral, ou estamos en campaña.

Mire, voulle a facer o seguinte razoamento. Vivir no rural non te por que ser unha heroicidade, nin sequera para as mulleres; pero, é certo que en gran parte é así porque moitas das mulleres non ven saída laboral e dígollo eu que tiven, este pasado luns, a máis de 41 mulleres desempregadas para optar a un curso de formación que lle dea un certificado de profesionalidade para poder, por exemplo, desenvolver o seu traballo en institucións públicas, atendendo a persoas dependentes.

Vivir no rural non é doado para as mulleres, sobre todo se son mozas e queren iniciar un proxecto de autoemprego, porque se atopan con mil trabas e porque ese proxecto acaba esmorecendo.

Mire, podémoslle preguntar a María polo seu proxecto de plantación de vimbio e como tivo que esperar 4 anos para conseguir arrendar as suficientes terras para poder plantar ese vimbio que non crece en 2 días, crece en 4 anos.

Podémoslle preguntar a esa xente que fai derivados do sabugueiro cánto tivo que esperar para plantar sabugueiros e que teñan recolección dese produto para facer mil cousas. Pero tamén llo podemos preguntar a Elisa pola produción de extensivo de razas autóctonas e do esforzo titánico que supón esperar anos e ano polas axudas da Xunta e ter que pagar as facturas todos os meses, incluídos os autónomos.

Podémoslle preguntar a María José que ten unha tenda bar nun pobo calquera e por diante da súa porta pasan os cans e os gatos. Podémosllo preguntar a Felisa que xa ten máis de 45 anos e con cargas familiares, non ten respiro familiar para deixar nun centro de día ao seu pai mentres a súa filla vai a traballar porque é a única que leva un salario para casa.

Podémosllo preguntar a Mari Paz que con máis de 50 anos e cos fillos xa criados non pode cotizar nin traballar porque ten ao seu pai e a súa nai con Alzheimer, un con grado 2 e outro con grado 3, e só dispón de 7 horas de axuda a domicilio.

Quere que lle siga, señora Ana Villarino? Esa élle a realidade, esa élle a realidade e vostedes sábeno ben porque teñen a obriga de gobernar concellos pequenos.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Mire, só lle vou a dar un dato, no seu concello, no seu concello haille 941 homes fronte a 805 mulleres e en cinco anos, dende o 89 ao 96, as mulleres superaron aos homes; por algo será.

Non me estraña que non apoiem estas iniciativas, nin outras tampouco, porque a vostedes sempre lles será máis fácil recoller eses votos e seguir manténdose no poder. Mire, hai que aplicar políticas, políticas transversais de igualdade, políticas transversais de xénero para que as mulleres permanezan no rural, porque as mulleres somos máis necesarias que nunca, somos o 50% da poboación, afortunadamente; pero moitas veces non nos teñen en conta. Por iso, a invisibilidade da muller no mundo rural é, se cabe, aínda máis grave e máis fonda que no mundo urbano.

Non me estraña que non apoiem esta moción porque, como xa dixen na anterior, nin sequera lle pedimos que poñan cartos; simplemente lle pedimos que fagan plans, que axuden ao rural, pero vostedes élle máis fácil condena a ese rural a morte. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** yo sí que voy a hacer uso. Primero decir que ya llevamos aquí cinco horas y nadie habló de la corbata de Rosendo, ¡joder, macho!, que se la regalaron el otro día por su cumpleaños. Muy bonita, Rosendo. Bueno, como ves, yo soy un caballero.

Hay un refrán galego que di: *vai falar de merda o que máis cagado está* y antes yo dije aquí que había ido cantidad de veces a Castro Leboreiro y que pasaba por Ponte Barxas y me dice él: non se di Ponte Barxas, dise non sei qué; a verdade é que non sei como se di se Ponte Barxa ou Ponte Barxas; pero que máis dá. Pero xa que sodes tiquismiquis, acaba de decir la diputada del PP: claro, ya ahora acabando la legislatura; pues mira, eso es más grave porque esto no es una legislatura, es un mandato. Pues ya puestos a ser tiquismiquis, puestos a ser tiquismiquis, *vai falar de merda o que máis cagado está*.

Bueno, y hablando de eso, me hace gracia porque dice la diputada (de todas formas que más da porque se le entiende perfectamente), dijo eso la diputada, que se trae a final de mandato eso aquí para quedar bien y todo eso. Oye, perdona, pero si tu partido, el Partido Popular, en el Concello de Orense quiere aprobar el PXOM de forma provisional, cuando no sirve para nada porque la definitiva se va a tirar a abajo porque es un PXOM con pelotazos y quiere aprobarlo, como sea, antes de las elecciones para quedar bien. Incluso

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

quiere llevar ahora, aprobar una ordenanza contra el botellón sin haberlo consensuado con la oposición. Entonces, oye, mira, no voso partido facedes exactamente o mesmo.

Nosotros, en este tema, pedimos... lo de la enmienda me parece una broma, lo de la enmienda que ya se citó aquí me parece realmente una broma que trata de hacer el Partido Popular y que yo creo que está hecha por José Manuel Baltar; porque la enmienda que quieren hacer, la vamos a repetir: *que a vindeira corporación provincial continúe liderando as políticas do reto demográfico...* O sea, liderando las políticas cuando realmente somos los últimos, es lo que decía antes de ególatra, está totalmente ido, somos los últimos de España y dice *liderando as políticas*, ¡es espectacular! ¡A dónde nos está llevando este hombre, a dónde nos está llevando!

Y nada más, que sí que le pedimos al Partido Socialista que, como estamos de acuerdo en unos puntos y en otros no, que preferimos abstenernos, si queréis votar por puntos, pues votaríamos a favor de algunos puntos, en caso de que queráis. No, pues entonces, no admiten la votación por puntos, nos abstenemos y nada más. Que conste que estamos de acuerdo con el fondo y con algunos puntos, pero no con todos.

**D.<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, do Grupo Popular:** grazas, presidente. Vou a ser moi breve e, como habitualmente di o nos o portavoz, para non falar de ninguén vou a falar do meu concello e digo meu, como dixo antes o meu compañeiro o señor Doval, porque vivo, porque traballo e porque *disfruto* nel. Un concello, o de Oímbra, que é eminentemente feminino. Voulle dar uns datos. Secretaria interventora municipal, muller; funcionarias municipais, todas mulleres; as números un das candidaturas ás próximas eleccións, mulleres; médica, muller; enfermeira; muller; presidente da comunidade de montes de man común, muller; directora do centro de día, muller; directora da escola infantil; muller; traballadora social, muller; xuíza de paz, muller; alcaldesa que lle fala, muller. Temos ao director do colexio e ao cura que son homes. Nada máis e moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** alégrome de que haxa moitas mulleres á fronte de moitas cousas no seu concello. Pode dicirme cantas empresarias mulleres hai? Cantas empresarias mulleres hai no seu concello? Cantas mulleres son propietarias de explotacións? Cantas mulleres son titulares de negocios? Cantas mulleres teñen empresas relacionadas con calquera tipo de actividade? Cantas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

empendedoras hai nos eu concello? xa que personifica no seu concello, porque lle aseguro que o rural está profundamente masculinizado e coñezoo de primeira man. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14), e o voto en contra do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civeira.

A continuación sométese a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civeira, o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que a vindeira corporación provincial continúe liderando as políticas do reto demográfico, afondando na importancia das mulleres no mundo rural.

### **13º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR DE REIVINDICACIÓN INSTITUCIONAL DO DÍA DA GALICIA MÁRTIR.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción:

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** moitas grazas señor presidente. Señorras deputadas e señores deputados, entendo eu –e creo que o entenden todos vostedes– que o día de hoxe, dende logo, é transcendental para Galicia e para os galegos de aquí e de acolá. Dende logo, para quen lles fala, é unha honra falar, en primeiro lugar, deste tema que estou seguro que todos vostedes compartirán que é unha decisión tremendamente a que hoxe imos adoptar aquí.

Como di o señor presidente, darlle a benvida á filla de don Alexandre Bóveda, oa seu fillo don Valentín, a Chesqui –coordinador xeral do Partido Galeguista–, a Luís González Tosar e aos irmáns galeguistas que nos honran tamén coa súa presenza. Moitísimas grazas, moitísimas grazas a todos e benvido a esta Casa, á casa de todos os ourensáns, aos de aquí e de acolá, a todos os galegos e galegas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

O que hoxe traemos a esta Plenario é algo máis que unha moción para sometela á consideración das señoras e señores deputados. Esta casa, o edificio de goberno, acolle na sala de recepcións as cinzas de Rodolfo Prada, da súa dona, Manuela Prada, e a obra de Castelao *A derradeira leición do mestre*. O pasado día 7 de marzo abriuse a devandita mostra coa intervención de dona Amalia Bóveda Álvarez, filla de Alexandre Bóveda.

A proposta que hoxe traemos a este Plenario debemos entendela, non só como unha homenaxe, senón como un recoñecemento á lealdade e fidelidade co compromiso político polo país exemplarizado por Bóveda, a quen a Deputación, no ano 2008, nomeou fillo predilecto da provincia; destacando o seu compromiso coas ideas de progreso e de modernización de Galicia, un pobo con identidade propia e cunha cultura e lingua de seu.

A moción ten como obxecto, tamén, que o Parlamento galego dea cumprimento a unha proposición non de lei, aprobada por unanimidade no ano 2006, na que se demandaba o recoñecemento a Bóveda e a todos os mártires galegos. E por iso que solicitamos deste Plenario que o Parlamento galego institúa o 17 de agosto como o Día da Galicia Mártir.

Esta iniciativa complementábase, ademais, co compromiso de promover, dende o ámbito institucional, a celebración de actos protocolarios da citada rehabilitación pública e política. Nada máis na primeira intervención e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas, señor presidente. Eu voume a estender un pouco de vagar nos nosos argumentos. Dende logo, tamén aproveitamos para saudar e agradecer a presenza da filla e do neto de Alexandre Bóveda, loxicamente.

A Lei galega de memoria histórica, que incluía a institucionalización do Día da Galicia Mártir, foi votada en contra polo Partido Popular cunha intervención –por certo, patética- que supuxo un novo desprezo ás vítimas.

E xa que falamos de memoria, fagamos memoria. Un tal Atencia Robledo, Manuel, para máis *señas*, portavoz do Partido Popular no debate das emendas á memoria histórica no Parlamento do Estado dicía textualmente:

*Voy a defender la enmienda a la totalidad presentada por el Grupo Popular, y lo hago con la tranquilidad y la autoridad que me da hacerlo en nombre de un grupo político*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

*que no tiene más pasado ni más herencia que la transición y la democracia. Solicitamos la devolución de este proyecto al Gobierno por varias razones. En primer lugar, porque es una ley innecesaria a la vez que extemporánea y errónea, porque es una ley hipócrita y falsaria y porque es una ley jurídicamente irrelevante que pretende atribuir derechos ficticios. Además, señorías, el planteamiento que subyace detrás de este proyecto de ley - legislar la llamada memoria histórica- constituye un gran error. Este proyecto supone un torpedo en la línea de flotación de nuestro régimen político, de la legitimación de la democracia, que es la transición y el pacto constitucional, y es además una iniciativa que no sintoniza ni con los anhelos, ni con los sentimientos mayoritarios de la sociedad española.*

*Solicitamos la devolución de este proyecto al Gobierno por varias razones. En primer lugar, porque es una ley innecesaria a la vez que extemporánea y errónea, porque es una ley hipócrita y falsaria y porque es una ley jurídicamente irrelevante que pretende atribuir derechos ficticios. Además, señorías, el planteamiento que subyace detrás de este proyecto de ley -legislar la llamada memoria histórica- constituye un gran error. Este proyecto supone un torpedo en la línea de flotación de nuestro régimen político, de la legitimación de la democracia, que es la transición y el pacto constitucional, y es además una iniciativa que no sintoniza ni con los anhelos, ni con los sentimientos mayoritarios de la sociedad española.*

Home! tanto pechou que os familiares aínda están agardando a que se desenterren das cunetas os seus avós, país, nais, etc...

Miren, resulta indecente que queiran en Ourense quedar ben, mentres que en Galicia e no Estado menosprezan ás vítimas e rexeitan políticas públicas de memoria democrática. Isto só ten un nome, *lifting* político. No goberno de Rajoy negáronse a aplicar á Lei de memoria histórica, no 2007. Presumiron de non gastar un euro na Lei, fíxoo o propio Rajoy. Insultaron ás familias dicindo que buscaban aos seus cando había subvencións, Rafael Hernando. Ignoraron os informes do Comité da ONU sobre desaparicións forzadas. E, agora, véñennos, con estas bágoas de crocodilo, falándonos da Declaración da ONU? Fai falta valor!

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

O mesmo vale para o goberno de Feijóo que laminou todos os programas de memoria histórica no período 2005-2009: proxecto *Nomes e voces*, San Simón illa da memoria, Consello da Memoria, axudas a entidades... Queren que siga?

E tamén vale para o Partido Popular no Parlamento galego que leva sistematicamente rexeitando todas as propostas relacionadas coa recuperación memoria histórica; a última no Pleno do pasado 12 de marzo no debate da lei presentada pola BNG, á que facía referencia ao principio.

A proposta presentada polo partido Popular de Ourense é unha emenda á totalidade polo defendido polo Partido Popular tanto no Estado, como en Galicia. En canto á moción, faltan referencias ao ordenamento xurídico internacional das Nacións Unidas e do Consello de Europa que aparecen, por exemplo, na Proposición de lei que o BNG presentou no Parlamento, onde incluíamos un amplo apartado sobre localización, identificación e exhumación das vítimas. Volvo lembrar, o Partido Popular votou en contra.

A Lei de amnistía. Organizacións como Human Rights Watch e amnistía internacional solicitaron, en repetidas ocasións, ao goberno español a derogación desta norma ao considerala incompatible co dereito internacional; pois impide xulgar delitos considerados imprescritibles.

Recentemente, o 10 de febreiro do ano 2012, Navanethem Pillay, representante da oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, pediu formalmente a España a derogación desta Lei argumentando que incumpría a normativa internacional sobre dereitos humanos.

Tamén é relevante o informe do relator da ONU, Pablo de Greiff, no ano 2014 que fala de eivas do marco xurídico español; da inexistencia dunha política pública de memoria e da necesidade de que esta se asente nos principios de verdade, xustiza, reparación e de garantías de non repetición.

Toda a xurisprudencia internacional é contraria á Lei de amnistía, á impiedade decretada en 1977. Varias décadas despois, as denuncias interpostas por delitos de lesa humanidade, xenocidio e desaparición forzada cometidos durante a guerra civil e a ditadura atópanse co obstáculo infranqueable da lei que impide xulgar delitos pertencentes a esa época. Sería bo que vostedes se posicionaran sobre isto e nos dixeran se están de acordo cunha lei de punto final como a do 77. Agardo con interese a súa explicación.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

En canto aos acordo. Habería que suprimir a expresión *deron a vida* e substituíla por *foron asasinadas*. Habería que facer referencia ás persoas que foron encarceradas, torturadas, depuradas, desterradas, multadas, vexadas, rapadas, violadas por defender e tamén por pensar diferente. Habería, ou debería facerse unha referencia explícita ás mulleres que foron vítimas da represión. Habería que facer referencia a quen foi responsable do xenocidio, o fascismo español.

O segundo punto da moción do Partido Popular, efectivamente, fai mención expresa a ese acordo do Parlamento galego, o 07/PN-0165. O Grupo parlamentario do BNG sobre a conmemoración do Dia da Galicia Mártir e a rehabilitación e recoñecemento de Alexandre Bóveda. A votación, téñollo que lembrar, do texto transacionado que incluía cinco puntos que é o seguinte:

*O Parlamento de Galicia insta ao goberno a:*

*1.º Promover diante do goberno español a rehabilitación tanto xurídica e moral de Alexandre Bóveda e a de todos os asasinados e represaliados por defender a legalidade democrática, as aspiracións democráticas de Galicia e a xustiza social e a iniciar as accións necesarias que permitan a anulación dos consellos de guerra aos que foron sometidos.*

*2.º Promover iniciativas que teñan por obxecto dar a coñecer e divulgar, na sociedade galega, os valores éticos e políticos encarnados en Alexandre Bóveda e nos demais compatriotas asasinados e represaliados polo franquismo.*

*3.º Adoptar medidas encamiñadas a reparar economicamente ás vítimas galegas de represión franquista.*

*4.º Retirar, progresivamente, dos edificios e centros dependentes da Administración galega as denominacións que fagan referencia a figuras ou feitos relacionados co franquismo.*

*5.º O Parlamento de Galicia acorda facer un recoñecemento especial da figura de Alexandre Bóveda, tendo en conta a súa notable participación no impulso e na elaboración do Estatuto de 1936.*

*Bueno*, pois a estes cinco puntos, vostedes abstivéronse nos catro primeiros. Só votaron a favor o número 5, nos outros abstención. Resultado da votación: puntos 1,2,3,4; 37 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións. Punto 5, 70 votos a favor, 0 en contra, 0

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

abstencións. Teño que lembrarlle, por certo, señor presidente, que vostede daquela era deputado no Parlamento e abstívose, como acabo de dicir, como os outros do seu grupo.

No punto 3, habería que suprimir a palabra *protocolarios* e poderíamos seguir e seguir.

Miren, non chega con condenar o franquismo, non é suficiente con proclamar, é preciso practicar. Señor presidente, señoras e señores deputados do Partido Popular, teñen que decidir de qué lado están, soltar lastre do pasado, saír do armario da historia -un armario que xa fede a naftalina-, deixar de actuar como testafellos ideolóxicos e biolóxicos do franquismo competindo polo espazo da ultra dereita. Teñen que optar se están cos mandatos das Nacións Unidas ou da OTAN ou co mandato e co legado do franquismo e deixarse de xogos de prestidixitación que o único que pretenden é confundir ao público e nós, por certo, a nós non nos enganan.

Dicía Eduardo Galeano, perseguido pola ditadura do seu país, *a historia repítese o repítese só como penitencia de quen son incapaces de escoitala. Non hai memoria muda, por moito que a queimen, por moito que a rompan, por moito que a metan. A memoria humana négase a calar a boca. O tempo que foi segue latindo vivo dentro do tempo que é; aínda que o tempo que é non o queira ou non o saiba.*

Así que, por moito que a neguen e a mintan, a memoria négase a calar e é unha memoria valente, teimuda, resistente e rexa para acabar co franquismo que está enterrado baixo a cruz de Cuelga Muros e tamén co que segue vivo en Meirás, nos títulos mobiliarios e en fundacións que fan apoloxía do xenocidio, glorifican ao ditador, para rematar coa vergoña de miles de vítimas do terror franquista que seguen a ser esquecidas en fosas anónimas, agardando que gobernos que se din democráticos impulsen programas públicos para acabar con esta ignominia.

E da memoria non se pode facer unha política efectista ou superflua e, aínda que sexa incómoda, ten que ser unha prioridade, un programa de actuación valente, decidido e audaz; porque sabemos que non se pode construír o futuro dunha sociedade, non se pode erguer un país sobre o esquecemento e a ocultación do pasado, sobre a derrota da humanidade e da democracia. Non se pode erguer nada novo sobre as ruínas morais, sobre o hermo ético e sobre o sometemento e sobre o esquecemento. Esa será a nosa vitoria porque

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

non descansaremos, non deixaremos de loitar ata que neste país se saiba a verdade e se faga xustiza.

E remato, por respecto a Bóveda, a súa memoria e a súa filla aquí presente non podemos votar en contra, pero tampouco vamos a participar da súa cerimonia da confusión e do seu *lifting* político, como dixen, do seu lavado de cara; co cal nos vemos na obriga de optar pola abstención nesta moción. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Quen naza hoxe ou quen sexa agora bebés, cumprirán 18 anos e poderán votar no ano 36, no 2036. Esperemos que, para aquelas, o país teña, o que se chama, un relato único acerca do que pasou entre o 36 e o 39. Decía un gran historiador que un país só supera os seus traumas cando se poñen de acordo acerca do relato; cando se poñen de acordo a cerca do que pasou, guste o non guste, pero cando todo o mundo, cando o país asume un relato. Ese relato, de momento, non está asumido e sabémolo. Esperemos que, cando se cumpran 100 anos, se supere ese trauma coa dor que faga falta.

Todos sabemos o que pasou, especialmente en Galicia, o 18 de xullo do 36. Galicia foi, *bueno*, a rexión do noroeste, en xeral, quitando o norte, sumouse ao golpe de estado practicamente de xeito inmediato; ás tres da tarde xa estaba proclamado o bando de guerra, aquí, na cidade e o gobernador civil xa estaba detido, aparte doutros cargos. En Galicia non houbo realmente guerra, no sentido convencional da palabra, non houbo fronte, creo que tamén o recorda a moción; aquí proclamouse automaticamente o estado de guerra.

Despois, a fronte naceu no sur, máis ou menos, e no oeste e foi decantándose cara ao oeste, ata que tocaron o mar en Valencia, como saben, e dividiron a fronte republicana en dúas partes.

No resto de España moitas batallas, moita cousa; pero aquí, dende o primeiro momento o que houbo foi, o que algúns historiador cualificou, un estado de ocupación, como se o país fose ocupado por unha potencia estranxeira. O que viviron, por exemplo, os polacos durante a *Blitzkrieg*, a guerra *relámpago*; de repente un país ocupa outro e viven nun estado de ocupación como pasou, por exemplo, cos franceses baixo o goberno de Vichy.

Aquí pasamos, automaticamente, a vivir baixo un *ejercito* de ocupación do propio país. Automaticamente, quen non estaba de acordo con esa ocupación tivo que fuxir –o que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

puido- e o resto de cousas ás que xa se fixeron referencia. Creo que todos sabemos, desgraciadamente, bastante ben, porque todos temos familiares que nos contaron e algún tamén lemos o que puidemos ler sobre o tema.

Hai bastantes cousas nas que coincido co Bloque Nacionalista. En realidade esta moción parece un xeito de querer quedar ben. Por un lado, parece querer asumir un protagonismo que nós non lle recoñecemos a esta Deputación. Nós pensamos que o Día de Galicia Mártir, como outros días, como do día das letras galegas ou outros, deberían corresponder á Xunta de Galicia. A xunta de Galicia debería ser a que proclamase este día e non pretender que a Deputación asuma unha responsabilidade dunha competencia que involucra á Comunidade Autónoma. Non sabemos se, ao mellor, é porque a Comunidade Autónoma, a través do seu goberno, non quere asumilo, de momento; pero, en principio, parécenos bastante arrogante que a Deputación pretenda, dentro dun ámbito das competencias que non ten, proclamar un día que lle corresponde á Comunidade Autónoma. Nese sentido, como vostedes saben, nós sempre temos dúbidas, pero *bueno*.

O segundo punto, ao que tamén fixo referencia o BNG, parécenos ben porque a nós parécenos ben que se cumpra o que se aproba nos parlamentos; iso é a esencia da Democracia. Por exemplo, temos insistido, repetidamente, no Concello de Ourense a que se cumpran os acordos plenarios; pero non, cando os acordos plenarios foron acordados sen a colaboración do Partido Popular, eses non se cumpren. Aquí, curiosamente acaba de lembralo o portavoz do BNG, agora preténdese que se cumpra o acordado no Parlamento que, xa digo, nós estamos perfectamente de acordo con isto, nós cremos nas institucións; aínda que as formas do meu compañeiro ás veces son moi criticadas, nós non somos anti sistema, cremos nas institucións e nas normas e nas leis. Entón, cremos no Parlamento de Galicia; cando una cousas se aproba, debe cumprirse na medida do posible, claro, ás veces hai causas de forza maior que impiden...pero polo menos que se vexa a vontade.

Eu non sei, ocórreseme pensar que esta aparente contradición, entre isto que trae aquí hoxe o Partido Popular e o que leva sido, máis ou menos, a actitude ambigua, condescendente do Partido Popular no resto de España, non sei se terá que ver con que o Partido Popular de Ourense nutriuse dun partido que nos principios tiñan certos marchamos galeguistas. Non esquezamos que, o que é o Partido Popular de Ourense, nalgún momento nutriuse de centrista que, á súa vez, xa viñan de Colación Galega, no que na súa orixe foi

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

aquela concepción dun partido de Franquiera. Non sei se é que agora queren recuperar un pouco, afastarse un pouco do que pasou cando se fusionaron e queren recuperar ese marchamo galeguista. Dáme a impresión, ou non sei se hai outras causas. En todo caso, a nós parécenos moi ben que se dea cumprimento, máis que nada, polo noso espírito democrático.

Despois fala de promover a celebración de actos protocolarios da devandita rehabilitación. Si, estamos de acordo, o que pasa é que a nós gustaríanos –sen desmerecer para nada todo o que di a moción e todos os honores e todas as cousas que se din das persoas que están aquí, Bóveda, dende logo, e os outros-, gustaríanos que, unha vez que estamos na Deputación de Ourense, en especial sen desmerecer todo iso, se falase e entre estes actos protocolarios que se prevén facer, se lle rendese homenaxe a persoeiros ourensáns da cidade ou da provincia.

Vénseme á cabeza, por exemplo, o caso de Benigno Álvarez, veterinario de Maceda, por poñer un caso concreto, que é unha figura que estimo particularmente, xa saben que foi un dos maquis. Antes, nunha moción anterior falabamos do bidueiral de Montederramo e falábase das moitas cousas que poderían ser usadas para poñelo en valor; unha delas podería ser, precisamente, que toda esa serra foi refuxio dos que chamaban guerrilleiros, os maquis, entre eles este señor Benigno Álvarez que, como saben apareceu morto (de morte natural) nunha cuneta de Vixueses; aínda que logo pasou un paisaniño por alí e lle pegou un tiro de morto para intentar cobrar a recompensa. Non lle saíu ben o caso; todo o contrario, saíulle mal porque o castigaron por pretender esa fraude.

Aínda que temos as mesmas dúbidas que o BNG, e o meu compañeiro sabe que tivemos esas dúbidas. Tiñamos unha certa dúbida de se abstermos ou votar a favor; finalmente vamos a votar a favor; aínda que xa digo, o primeiro punto parécenos unha arrogancia de que a Deputación pretenda asumir unha competencia que debería ter a Xunta de Galicia e incluso, se me apuran, o goberno central, xa no caso concreto e Galicia por motivos moi especiais porque, xa digo, foi un punto dende onde se viviu a represión máis salvaxe. Non foi como en Madrid que puidéronse defender, polo menos, baixo as ordes de Miaja unha temporada. O segundo punto parécenos moi ben, entre outras cousas, polo que dicimos que nós queremos que se cumpra o que se aproba nos parlamentos que para iso están. E no caso dos actos tamén estamos de acordo, pero gustaríanos que se tivera en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

consideración, os que se celebrasen nesta Deputación, tivesen unha especial importancia, aparte destes persoeiros locais que todo coñecemos e que non fai falta incidir neles, algúns persoeiros cuxa memoria se podería recuperar: maestro Soto, Benigno que dixen, outros moitos que, ao mellor, quedaron afastados e que poderíamos recuperar.

Darlles un dato, aos que lles gusta a historia. Este señor do que falei antes, Benigno Álvarez, pasou unhas noites nunha palleira da miña familia e por iso acordeime agora diso. De momento nada máis. Grazas.

**D. Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** bo día a todos e a todas. Bo día, dende logo tamén, á familia que nos acompaña.

Vai por diante unha cuestión, para que non haxa ningún tipo de dúbida xa dende un principio, o Partido Socialista, evidentemente, vai a votar a favor desta moción; pero non porque non teña dúbidas, nin por sequera expoña as mesmas cuestións, compartas as mesmas cuestións practicamente ao 100% co BNG, porque, dende logo, esta é unha moción que aquí se nomearon moitos adxectivos, pero aquí hai un que é determinante que é o cinismo político que ten o Partido Popular. Non sabemos qué Partido Popular está defendendo esta cuestión aquí nesta Deputación, se o Partido Popular de Casado, se o Partido Popular de Rajoy no seu momento, ou o Partido Popular de Feijóo; non o sabemos. Dicíao o compañeiro do BNG.

Pero como digo que vaia por diante que nós vamos a votar a favor, precisamente para que vostedes non teñan a escusa, como fan habitualmente ou como acusa ás veces o portavoz do Partido Popular á miña compañeira portavoz de demagogia. Isto si que é demagogia, isto si que é oportunismo.

O Partido Popular presenta esta moción que, polo mínimo, sorprende polo texto da súa exposición de motivos. Só hai que lela para darse conta do que estaba dicindo anteriormente. Isto só responde a unha cousa; responde a que este presidente da Deputación non ten límites en disfrazarse do que sexa por unha foto. Iso faino en contra de calquera outra cuestión ética, moral ou incluso que non poden compartir os líderes do seu partido; a non ser que vostede deixen de ser automaticamente do Partido Popular hoxe, que ao mellor nos sorprenden e, a colación desta moción, pode ser que sexa así.

Pero, a exposición do cadro de Castela, que estes días se pode ver nunha sala deste pazo provincial, representa o asasinato dun mestre, no que Castela pon a cara de Alexandre Bóveda. Lembra, moi graficamente, o que aconteceu despois do Golpe de 1936 coa salvaxe

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

represión franquista, que lle falta dicilo, tamén. Foron moitos os mestres, agricultores, obreiros, comerciantes, médicos, sanitarios que sufriron morte, que tampouco se dixo; que sufriron cárcere; que sufriron exilio; que sufriron incautación de bens; represión de todo tipo.

Compartimos a exposición de motivos, como non. Foi o Grupo Socialista quen reclamou, no 2002, que Alexandre Bóveda, ourensán asasinado no 36, fose honrado e recuperado o seu legado. Iso permitiu que fose nomeado fillo predilecto desta provincia. os termos nos que Baltar presenta esta moción, que nós sentimos como propios, volvo a dicilo, e que asina o portavoz, o señor Plácido Álvarez, mostra o grao de cinismo que caracteriza ao señor que preside esta Institución.

Nós sentimos como propios os termos nos que se redacta; expresións como: *sublevación militar contra o estado constitucional da Segunda República; brutal represión; asasinatos; paseados en xuízo; sedición militar...* Compartimos a necesidade de facer memoria do que pasou; facerlle xustiza os que, inxustamente, foron asasinados; sufriron cárcere; tiveron que escapar a outros países e non poder ver a súa terra e a súa familia. Das familias, como esta, que padeceron a represión e foron marxinas, perderon o seu traballos, fóronlle roubados os seu bens e patrimonio (xa o dixen antes); pero temos que esixilo sempre e en todas partes.

A memoria histórica non vai por barrios, nin vai por oportunidade política. Antes falábase aquí de oportunidade política e se nos acusaba aos grupos da oposición de ter oportunidade política e de aproveitar as mocións para facer oportunidade política; dicíao a alcaldesa de Oímbra. Home, máis oportunidade política que isto! Que veña Deus e que o vexa!.

O PP trae aquí unha moción que pretende facer noticia e lembrar aos perseguidos por unha ditadura cruel. Parécenos ben. Pero, ao mesmo tempo, fai unhas semanas, protexía e segue protexendo a quen honra ao Ditador, quen promovía estes asasinatos; ese Ditador, anda que lles custe dicilo. Faltaron as honras ás vítimas. Negáronse a retirar o nome da vía principal (eu son coñecedor do que alí acontece, son deputado por aquela Comarca), falo da rúa principal ao Caudillo, en Beade, e rinlle vostedes as grazas cada vez que sae nunha foto facendo o ridículo, ou espantándonos a todos, ou as persoas que agora queren vostedes honrar. Pois o primeiro que teñen que facer, é que ese señor non pertenza ao seu partido, por pórllle un exemplo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

O propio portavoz do Partido Popular dicía, textualmente, *que o noso Partido se metera nun berenjenal co de desenterrar mortos*; aquí, nesta Casa, escoiteino eu e si me subleveí eu, se se pode entender así. Si, se me mandou calar, recórdoo. Iso foi no mes de decembro e foi nesta Casa, na mesma que quere honrar a memoria dunha persoa que foi asasinada.

O Partido Popular insulta aos demócratas coa súa actitude contra a recuperación da memoria histórica. Votou en contra da Lei da memoria histórica e boicotea, si, boicotea a súa aplicación. Boicotéaa, xa o recordaban antes; o señor Rajoy presumía de non investir e dicíao así: *¿sabe cuánto invertí yo en la memoria histórica? Cero euros*. Presumía diso e creo eu que era o presidente do seu Partido. Creo que vostede ven que alardeaba diso e da gran xestión económica; pois había cero euros para honrar ás vítimas. Como digo, boicotea a súa aplicación, dá alento e alianzas aos que defenden o franquismo (todos o estamos a ver, Ao mellor, agora, vostedes quérense diferenciar porque estamos en épocas electorais, señor Armando, esa pode ser outra cuestión) e vén a dicir aquí o contrario do que fai cada día. Home! hai que ter un pouco de vergoña, cando menos de vergoña.

E os do PP que nos insultan cada día -si, cada día, insúltannos aos socialistas-, aos que cada día lle temos que aguantar insultos que os fai posible para evitar que o Ditador sexa trasladado de onde repousan as súas vítimas, que impide que todos os recurso se dediquen a recuperar os restos dos fusilados e paseados polas cunetas de toda España, veñen aquí a reclamar memoria para os represaliados porque o señor Baltar acordouno sen falar cos demais grupos? Veñen vostedes aquí con ese cinismo?

Está ben que votemos a favor, está ben que agache a cabeza é que non me estraña, é que xa o teño dito en moitas ocasións; estas son as ocorrencias que ten este señor e que lle fai a vostedes avergoñarse de si mesmos e do seu propio Partido. Porque supoño, volvo a dicir, estarán en concordancia co que dí o seu líder. Logo dirémolo tamén.

De todas formas, parécenos escaso instar ao Parlamento de Galicia a que o 17 de agosto se institúa para honrar ás vítimas do franquismo; aínda que xa votaron tamén moitos puntos en contra, como se dicía anteriormente. Creemos que esta Deputación tamén pode, e debe, facer algo máis -xa que vamos a votar a favor da moción- no obxecto de que a memoria dos asasinados, encadeados, exiliados, represaliados e perseguidos sexa recuperada a súa honra.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

A Deputación debería facer algo máis no territorio desta provincia e por elo deberíamos empezar, se isto vai adiante, a facelo en Beade onde o señor alcalde, nesta propia Institución, nesta propia Institución, a este deputado que lles fala, cando se instalou a memoria histórica eu díxenlle (estaba alí sentado onde se senta hoxe, por certo darlle a benvinda tamén ao deputado) e dixo publicamente –daquela non había vídeos, pero si actas-, publicamente, non verán os teu ollos que eu vaia a quitar a rúa, nin facer nada diso que fai Zapatero. Así, nesta Institución, dixo ese señor.

Polo tanto, que o PP non presente como candidato a ese señor, que non utilice a Institución que é de todos para facer cuestións demagóxica e, dende logo, cando se traen unhas cuestións deste tipo –que o teño dito noutras ocasións- aínda que sexan demagóxica, aínda que sexan dun cinismo e dun oportunismo político sen precedentes; cando menos, aínda que sexa así, por non facerlle un feo á familia e ás persoas que están aquí presentes e que nós defendemos, si que defendemos o que é a exposición de motivos, e o que leva a que iso se intente levar a diante, si que cando menos tiña que ser unha declaración institucional, cando menos –volvo dicir- por vergoña allea, porque ao mellor si nos encontrarían noutra actitude. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Grupo Popular:** moitas grazas, señor presidente. Eu só lles quero dicir que nós, os que estamos aquí, representamos ao Partido Popular de Ourense; vostedes e o Partido Popular de Ourense e os que estamos aquí, nesta Institución, fomos quen trouxemos aquí esta iniciativa e vamos a defendela, e vamos a facer todo, absolutamente todo, o que nela propoñemos; con independencia das súas interpretacións, duns e doutros. Alá vostede, interpreten o que queiran.

Por certo, señor do Partido Socialista, dixo vostede que o Partido Popular votara en contra; creo que errou, pero *bueno*, é igual (dixo vostede no Parlamento de Galicia. É igual, dáme igual). Vostede volve facer o mesmo que dixo que fixo o Partido Popular no Parlamento, que se abstivo, só aprobou unha das propostas; salvo que eu errase. Polo tanto, home! faga o favor, pedímoslle que, xa que o criticou, non faga vostede o mesmo; entende? Ou é que tamén tal...

Mire, eu primeiro quero agradecer, en nome deste Grupo, sinceramente... e as interpretacións que vostedes fan se as próximas eleccións, as eleccións están próximas, se é un non sei qué, un non sei canto, citando a presidentes do goberno, a quen votou alí. Dende

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

logo, nós alí non estabamos e, polo tanto, somos o Partido Popular de Ourense, un partido galeguista que se identifica con todo o que fomos e con todo o que somos como país e vamos a seguir defendendo iso sempre. Dende logo, se nos identificamos, identificámonos con Galicia; identificámonos con todo. E, dende logo, lamentamos o sufrimento de moitas e de moitos galegos que foron, como dicían vostedes, foron asasinados e padeceron todo o que se podía padecer como persoa e as súas familias.

Polo tanto, como non pode ser doutro xeito, neste momento nós o que pretendemos é honralos a todos. Referímonos a estas tres persoas, que na mente de todos vostedes están aquí, pero tamén defendemos neses tres, recollemos a todos os galegos que sufriron desgrazadamente todo iso, que ata incluso deron a súa vida como ao que facemos referencia hoxe aquí e tamén a aqueles que tiveron que emigrar porque esta moción recolle...(perdón, por favor, estou no uso da palabra. Mire, ese é un principio democrático, respectar ao que está no uso da palabra; vostede non o fai, pois mire vostede onde está, tanto que pide vostede tantas cousas e pide do alcalde de non sei onde e sen embargo vostede intenta, por todos os medios, non deixarme expresar o que quero. Mire, xa non podo expresar o que quero porque vostede interrompeume, vale?) Entón, o que estamos facendo aquí e honrando a todos os galegos e a todas as galegas, os de aquí e os de alá, representados nestas tres persoas (non me estou dirixindo a vostede), representados nestas tres persoas, enténdeme? Con iso é o que pretendemos facer e o que vamos a seguir facendo e vamos facer o posible e o imposible para seguilo facendo sempre.

Como dicía, agradecer ao Partido Galeguista, que hoxe nos acompaña, o seu escrito que a verdade é que o recibimos con moito agarimo e, dende logo, llo agradecemos profundamente. O Partido Galeguista vén de coñecer a proposta do Grupo Popular na Deputación de Ourense (que somos o Partido Popular de Ourense, nin somos o de Madrid, nin somos o de non si onde; todos eses que vostedes queiran, nin están aquí... Se non os representamos, alá eles, nós somos o Partido Popular de Ourense e é o que defendemos) de pedir ao Parlamento de Galicia que declare o 17 de agosto como o Día de Galicia Mártir; lembrando a data de fusilamento –non dicimos aquí outra cousa– de Alexandre Bóveda, secretario xeral do Partido Galeguista.

*Recoñecemos o valor desta proposta e a determinación coa que se presenta, como una iniciativa transversal que interesa a toda a poboación galega e, como tal, apoiámola.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

*No ano 1985, nós recuperamos como partido a celebración desa data que ten un fondo valor simbólico e recolle a memoria de Bóveda; pero tamén de tantos outros mártires, moitos deles afogados no anonimato. O Día da Galicia Mártir debe ser un día de memoria para que todos os galegos miremos para atrás con respecto e dignidade, e miremos para adiante con orgullo e conciencia de país. Se hoxe temos un recoñecemento como país, é porque houbo persoas que pagaron o prezo da súa vida por defendelo. Non asentamos o noso autogoberno sobre condescendentes cesións políticas, senón sobre a entrega, ata o final, de mártires que temos como testemuñas permanente e que merecen que a súa entrega serva para construír unha nación orgullosa do propio e solidaria cos demais pobos.*

*A memoria colectiva de Galicia debe asentar na verdade e a verdade non debe avergoñar a ninguén. O recoñecemento do Día de Galicia Mártir é un feito nesa nosa reconciliación coa verdade do que fomos e somos e só dende esa verdade podemos construír, entre todos, o país do que todos nos sentimos orgullosos.*

*O Día da Galicia Mártir fainos conscientes de que a nos identidade nacional se construíu pagando un elevado prezo e se queremos seguir construíndo o país con dignidade, debemos, igualmente, dispostos a pagar un prezo. Isto inclúe a entrega xenerosa de cada un ao compromiso irrenunciábel con Galicia, por riba de siglas e ideoloxía; a definición de obxectivos comúns básicos compartidos por todo o abano social e político, que sexamos todos quen de poñernos de acordo neles por riba de rexidades partidarias.*

*Por iso mesmo, apreciamos e valoramos a iniciativa do Grupo Popular da Deputación de Ourense e convocamos a todas as forzas políticas a apoiala como propia.*

Isto é o que pretendemos, isto é o que facemos no noso Grupo do Partido Popular de Ourense e o camiño polo que vamos a seguir. E non lle contestarei a algunhas das intervencións porque senón non faría gala do que acabo de dicir agora. Polo tanto, de momento nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** si, moi brevemente, só para dicir dúas cousas.

En primeiro lugar, home, ese intento kafkiano que fai vostede de desligar ao Partido Popular de Ourense do Partido Popular a nivel galego, do Partido Popular nacional, o intento é bo, enténdese, pero, dende logo, non cola. Non cola porque, cando os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

representantes do Partido Popular de Ourense elixidos no Parlamento de Galicia, ou no Parlamento do Estado, van a votar alí, votan o que eu dixen na miña primeira intervención e votan nese sentido. Entón, xa lle digo que non cola. Eu falaba da contradición que supón o posicionamento que tiveron vostedes, no ano 2006, no Parlamento de Galicia e o que nos traen hoxe aquí. Eu creo que é unha contradición absolutamente evidente e que a ve calquera.

E despois, e remato, porque creo que fun bastante claro e bastante explícito na miña primeira intervención, dende logo o BNG non ten absolutamente nada que demostrar ao respecto desta materia, ao respecto do compromiso coa recuperación da memoria histórica e da recuperación da nosa memoria como país e das figuras e Bóveda e de outros mártires que foron asasinados pola ditadura franquista, como xa outros portavoces xa expuxeron.

Entón, como non temos absolutamente nada que demostrar, porque eu, dende que teño uso de razón política estoulle nunha sede do BNG, téñolle dous retratos detrás de min cada vez que fago unha intervención, ou falo, ou temos unha reunión, un é o de Castelao e outro é o de Bóveda. Entón, como lle digo, non temos absolutamente nada que demostrar do noso compromiso ao respecto disto e a proba máis que evidente é que o outro día vostedes votaron en contra á unha lei de recuperación da memoria histórica que nós presentamos no Parlamento de Galicia e que no artigo 24, por exemplo -sendo concretos, falando do que hoxe nos trae aquí- nós pediamos declarar o 17 de agosto, data do asasinato de Alexandre Bóveda na caeira, Día da Galiza Mártir .

Entón, como non temos nada que demostrar e, como xa lle dixen na primeira intervención, non podemos participar do seu lavado de cara e, loxicamente, tampouco podemos votar en contra porque é algo que, no fondo, reivindicamos nós mesmos; a única opción que nos queda, coherente, é manernos na abstención. E nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. *Bueno*, poderíamos estar estendendo durante horas recordando, unha e outra vez, o que pasou en Ourense en particular, naquel tempo; analizando e volvendo a analizar.

A min gustaríame tamén recordar que moita xente tivo que fuxir, a moitas persoas paseáronas, *claudiábanas* –como tamén dicían- polas súas ideas; pero tamén convén recordar que houbo moito de arbitrariedade e de irracionalidade. Dende logo que non é racional matar a alguén polas súas ideas, dende logo; pero a moitas persoas tamén as

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

mataban por cousas intrascendentes, por ter ao mellor unha arma na casa ou por dicir cómo ía a marcha da guerra. Unha das cousas que estaba prohibida era dicir cómo estaba a guerra, salvo que dixeses que ía gañando o bando nacional en todos os lados. Se dicías iso, si; pero se nalgún momento informabas obxectivamente porque lle chegaban noticias de algún sitio, unha carta: *en tal sitio os de Franco perderon*; iso, se o dicía xa era motivo de morte. Ou por acoller a un fuxido por razóns humanitarias, ao mellor unha persoa que chegaba enferma e acollíala na casa, dábaslle de comer, *Ah, acolleu a fulano!*. Ou sexa, que mataron a moitas persoas polas súas ideas e a moitas persoas simplemente por ser persoas, por dicía dalgunha maneira. É dicir, poderíamos estar...

Eu penso que, de sacar algunha conclusión de toda aquela época, é que aquilo foi o fracaso dos moderados. Vostedes saben que había grandes persoeiros, tanto na dereita como na esquerda, do goberno da nación; pero fracasaron e deixaron as cousas en mans dos extremistas, por un lado os que vestían camisas azuis e por outro lado, xa saben quen, os que terminaron tamén collendo as armas, milicianos, etc...

Entón, foi o fracaso, dalgunha maneira, da democracia, da moderación e do raciocinio. *Uns dicían; muera la inteligencia* e outros dicían: *la República se nos queda corta, queremos la revolución*. Eu penso que tiñamos que sacar algunha conclusión de todo iso. Antes, alguén dixo aquí que a historia repetíase; Mark Twain dicía: *a historia non se repite, pero rima; a historia non se repite, pero rima*. Non se sabe se en asonante ou consonante, por aquí hai poetas e pódono dicir.

A min dáme a impresión que este texto non foi escrito por ningún deputado do Partido Popular; posiblemente fora escrito por algún escritos profesional, presidente dalgún club literario, non sei, dáme a impresión, ao mellor non.

Sinxelamente, recordar que vamos a votar a favor; aínda que facemos unha reflexión similar á que fixo o Bloque, dende logo eu penso que lles fastidia moito que o Bloque non vote a favor porque, como dixo o portavoz do Bloque, no Bloque non teñen nada que demostrar ao respecto e, dalgunha maneira, o voto non favorable do Bloque deslexitima un pouco o que vostedes buscaban.

Reafírmome que a min dáme a impresión de que, ao mellor, o Partido Popular de Ourense pretende recuperar aquelas vellas raíces de Coalición Galega ou dos Centristas; eu

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

creo que incluso algúns deputados que están aquí, nalgún momento, militaron nalgunha daquelas formacións.

E nada, sinxelamente dicir, pois iso, que vamos a votar a favor; que moitos actos conmemorativos debían ser feitos na provincia de Ourense; o portavoz do PSOE deu algún exemplo, pero vostedes xa coñecen: ponte de Castrelo, alto de Furriolo, etc, etc... pois son lugares nos que se poderían facer esta clase de cousas. Nada máis, eu creo que todos sabemos un pouco de qué pé coxea cada quen. Nada máis. Grazas.

**D. Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** si. Empezo polo final, o que dicía Armando, unha das cousas que tiña aquí, a min o Partido Popular, o Partido Popular de Ourense, supoño que non será alleo o Partido Popular da zona do Ribeiro, da miña comarca, non será, señor Doval, alleo ao Partido Popular de Ourense? Supoño que o Ribeiro pertence a Ourense; porque nese xogo de malabares que acaba de facer, ao mellor xeograficamente está vostede tan perdido como Casado que dixo hoxe que Ceuta ou Melilla que era a única cidade que estaba en Europa que era española e non sei qué; esquecíase de Canarias, esquecíase de Melilla... *bueno*, o outro día dixo o que dixo. Digo eu que tamén estará o Ribeiro, pertencerá ao Partido Popular de Ourense.

Digo isto porque a min acusouseme, como alcalde, de non ir a inaugurar ou facer, con toda a pompa e boato cando se abriu a ponte en Castrelo –por iso falaba do que dicía o portavoz de Democracia Ourensana, porque para min non era un día de celebración, nin moitísimo menos, iso tiña que ser outra cousa, tññase que ter feito unha cuestión de honrar ás vítimas que, por exemplo, alí todos sabemos, e a historia escríbese así, o que aconteceu e como non soamente eran represaliados, senón que eran tirados dende esa ponte. Por poñer un exemplo. E eses eran membros do Partido Popular de Ourense, os que foron alí e os que foron alí a facer ese acto.

Pero hai cousas, cando menos, que o señor Doval non quere rebater; loxicamente faino noutra ocasións, pero non o quere facer porque os argumentos non lle dan para iso. Eu creo que hai cuestións moi sinxelas, moi sinxelas, e leo textualmente. O seu líder, o seu novo líder a nivel nacional que supoño que, vostede será do Partido Popular de Ourense, ninguén lle quita lexitimidade; pero dende logo tamén teñen un presidente ao cal se abrazan (aínda fai pouco aquel señor abrazábase con el, fai días, vímolos todos), ese era o mesmo co que se abrazaba; ese mesmo, ese señor, dixo textualmente que ía derrogar a Lei da memoria histórica porque

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

*reescribía la historia y arrojaba (hablo en castellano) palabras de rencor sobre la sociedad española.*

Entón, claro, díganlle vostedes entón que o que acaban de escribir agora aí e toda a exposición de motivos que compartimos... mándenllo e explíquenlle que non é nada *arrojar* contra ninguén. É escribir o que aconteceu e poñelo en palabras de vostedes mesmos. Digo isto por poñer exemplos gráficos e claros; non é unha cuestión que eu estea inventando. Volvo a dicir que o escribiu ese señor.

Señor Armando, non coincido nunha cousa que vostede dixo. Vostede dixo que foi o fracaso dos extremos, *bueno* perdón, dos moderados para quedar en mans dos extremos, ten vostede razón; perdón pola confusión. Non, non, non é así. Foi o fracaso duns, que defendían o estado democrático, que tiveron que coller as armas porque outros, que si eran uns radicais, tomaron por asalto o que non lles pertencía. Esa era a realidade e foi a realidade, non lle quedou outra. Despois, evidentemente, cométense atrocidades que nunha guerra non se deben facer, nunca; pero existen.

Leo outra cousa para que o señor Doval, que non quere entrar e que antes me dixo a min que eu dixera que non se votara por parte do Partido Popular. Eu volvo a repetir, é que o Partido Popular, xunto con Esquerda Republicana de Cataluña, votou en contra da Lei da memoria histórica, por diversos motivos -ás veces coinciden como nos orzamentos-, pero *bueno*, é curioso. Dicían frases como esta: *Zapatero es un indigente mental*; o mesmo partido que vostedes están dicindo que, ou non pertencen, ou son indiferentes. Non lles oín a vostedes condenar esas palabras e estabamos aquí moitos de nós, estabamos aquí. *Los socialistas* – tamén o dicían- *son unos pro terroristas*, cando se aprobou esa Lei. Dígollo a vostedes para que se lle caía a cara de vergoña porque vostedes ampararon iso. E é máis, é que llo volvo a dicir, señor Doval, vostedes fai uns meses, aquí, volveron a dicir o mesmo; o mesmo que por certo acaban de dicir no Parlamento de Andalucía, onde vostedes son goberno grazas a uns señores que din que somos buscadores de ósos. E ten que quedar moi clarito, porque á mellor á cidadanía non lle é tan complexo de entender estas cuestións. Vostedes son os que se amparan nesa xente; non o Partido Socialista. Por tanto, leccións de moral, ningunhas.

E remato con outra reflexión para o señor presidente, que lla transmita vostede, señor Doval, porque xa sabe que o entendemento entre nós non é moi bo. Pero mire, o Partido Popular de Ourense ten deputados e deputadas no Parlamento español, verdade?, entendo eu;

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

ese que vostede di que é diferente. Pois eses mesmos deputados e deputadas, que algúns volven a ir, despois de moitos anos, nesas listas electorais, votaron en contra da memoria histórica. Entón, a que Partido do Partido Popular de Ourense pertencen eses deputados e deputadas, ao de Manuel Baltar ou ao de...que vostedes acaban de inventar? É que é moi fácil, é moi fácil de explicar, é moi fácil.

Polo tanto, home, xa está ben de oportunismo. Eu teño asistido aquí a mocións oportunistas; pero, dende logo, esta lévase a palma faltando dous meses, señor Plácido. E sempre é culpa do que falamos, do que está aí arriba; porque eu estoulle convencido dunha cousa, vostede non tería traído esta moción aquí. Unha, porque non digo que non crea no que ao mellor se expón, nos motivos; pero seguro que non cría que fose oportuna e diso estoulle convencido. Pero *bueno, doctores tiene la Iglesia y ese doctor los lleva a mal sitio; a mal sitio a moi mal sitio*. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Grupo Popular:** quería dicirlles que esta Deputación, á que vostedes tal con eses partidos e con esas cousas que vostede di a nivel nacional, ten na súa páxina web un apartado dedicado exclusivamente á represión na nosa provincia. Ben, a vostede xa sei que non lle, a cousa non.... Supoño que as demais Deputacións estarán tamén traballando agora porque ao mellor non lles interesou ata agora.

Mire, a nosa decisión, e digo a nosa decisión, é firme e vamos a seguir traballando e vamos a ir con feitos; como os que foron, porque non foi doado, que as cinsas de Rodolfo Prada e da súa dona... Oiga, vostede, fai así mueca, parece que non lle interesa que ese señor que tanto fixo polos galegos que estaban alí, por Castelao, supoño que iso o sabe...Bueno, vale, moi ben, se a vostede non... a min dáme igual. Dígolle que iso non foi facerse una foto; iso foi facer xestións e facer posible que Rodolfo Prada Chamochín, un ourensán dos Peares, un ourensán dos Peares, repousase para sempre -o que el pediu- na nosa terra, no seu pobo e, ademais, nunha Galicia democrática e nunha Galicia cun Estatuto de Autonomía onde libremente os cidadáns poden votar e poden elixir aos seus representantes.

Tamén lle podo dicir que vostede fai referencias, voulle facer só unha referencia a min porque non quero falarlle doutra cousa. Mire, vamos a ver unha cousa, só lle vou poñer este exemplo, eu máis de 20 anos baixaba eu, tiña pegatinas na persiana do meu garaxe, entende? Vostede sabe por que, verdade? Sinxelamente por ser un traballador; sinxelamente

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019**

por iso. Vostede, os do seu Partido (vostede non, que ía a estar vostede ameazado de morte! Que ía a estar vostede ameazado de morte!), sabe unha cousa? Vostede, os seus compañeiros de Partido, eses da memoria histórica e todo iso, ou é que a vostede iso non lle interesa? Abrázanse cun señor que se chama Arnaldo Otegui, un deses que me ameazaba...ah, non lle gusta iso! Que pasa? Que non lle gusta iso? Que non lles gusta iso? Pois, mire, esa é a opinión que eu tampouco comparto de que vostedes opinan iso; polo tanto, cando vostede me fala a min dos que van a elixir en Madrid, pois mire, láméntoo. Eu dígolle iso en democracia, porque o lamentable é isto, o que foi en democracia, cando eu estiven ameazado de morte moitos anos, enténdeme?, sinxelamente por ser un traballador, só por iso. Un traballador que sempre respectou, como non pode ser doutro xeito, as normas e a todos os demais e que foi xeneroso con todos.

Entón, xa lle digo, nós vamos a seguir, xa lle digo, somos o Partido Popular da provincia de Ourense e con feitos e con empeño vamos a seguir traballando porque se recoñeza a todos, absolutamente a todos, os galegos que sufriron por causas que nunca deberon ocorrer. Aí está, é o que levamos feito e, dende logo, tamén lle vou a dicir unha cousa leccións de democracia as xustas; leccións de democracia as xustas porque vostedes, algúns, viñeron a dar aquí leccións de democracia. Mire, a miña familia seguro que sufriu, igual que tamén puido sufrir a de vostede, cando foi da guerra; si, a miña sufriu, a súa non o sei, moito, moito, a miña sufriu e non os mataron porque non os encontraron, escaparon durante moitos anos. Seguro que a deste señor e a de moitos que están aquí, algunhas tiveron, desgraciadamente como a persoa á que hoxe facemos referencia que a ese si que o mataron.

Entón, nese espírito, esquézanse vostedes do oportunismo político. De oportunismo político nada; de facer xustiza cos galegos que tanto achegaron á nosa terra, que tanto se esforzaron, que tanto traballaron e que naceron aquí algúns, como Prada Chamochín, como Bóveda e algún que non naceu aquí, como Castelao, pero que, dende logo, tamén merece estar a pena orgullosos de todos eles. Nada máis, agradecer o voto; de todas formas o señor deputado do Bloque pode votar libre mente, faltaría máis, que voto o que queira, o que considere oportuno. Eu a única cousa que si lles podoo dicir é, ao mellor, a única cousa que fixen, sen ter a fotografía detrás, o que fixen foi, durante moitos anos, traballar polo ben común e aínda que din iso, eu non son comunista, pero si traballei sempre polo ben común.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Algún defínense así, poden comprobalo; compróbeno se queren e coma min, seguro que todos os que estamos nesta bancada. Nada máis e moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, deputado non adscrito:** moitas grazas, señor presidente. Moi boa trade xa. Benvida ao novo deputado que non tiven ocasión de darlla.

A verdade é que non tiña pensado intervir neste Pleno e tampouco nesta cuestión, pero como escoitar certas cousas aquí me produciron certa *desazón*; quero, dalgunha maneira, darlle saída a algunhas notas que fun tomando. Si, tomei notas porque esta é unha cuestión bastante sentimental e bastante ideolóxica e non quero que me esqueza.

A verdade é que eu, en cuestións como esta, gustárame ter unha máquina para volver atrás e refacer a historia, pero non podo –digo refacer, non digo reescribir porque reescribir xa hai quen o faga continuamente–; pero pensándoo ben é mellor que nin eu teña a máquina, porque iso suporía que os demais tamén a tiveran e sería un estar refacendo a historia.

Con respecto á historia, porque esta é unha cuestión que fala da historia, apela á historia e apela aos sentimentos, eu entendo que non queda máis que asumila, entendela e evitar caer nos mesmos erros e nas conseguintes desgrazas. Queda honrar e lembrar á xente digan de ser lembrada e da que se extraen exemplos e aprendizaxes e tamén, como non, desagraviar aos que foron agraviados; sobre todo nos casos da historia máis recente.

Eu non quero e non me gustou entrar aquí, o que escoitei, xulgar intencións, nin entrar nuns debates partidistas; eu quero quedarme coas propostas que se someten a acordo, nesta moción, e eme imposible, polo tanto, á luz destas propostas, votar en contra. Porque coido que é xusto e necesario para nós como pobo e porque a xente á que se pretende ser honrada aquí, e singularmente o señor Alexandre Bóveda, é digna de ser honrada e, dende logo, pola miña parte non merece nin quero lixar o seu nome, nin a súa memoria, traendo aquí a colación agora a xentes e a fanatismos que causaron tanto dano.

Recuperemos a memoria e honremos, polo tanto, a quen é digno de ser honrado. Non esquezamos nunca o pasado, pero para non repetilo. Miremos cara a diante, sen que a ira nos marque o camiño.

Quero rematar cunha ollada e coas emocións que me causaron; a ollada non é outra que o cadro que está exposto aquí, na parte de abaixo desta Casa, *A derradeira leición do mestre*. Ao velo, ao ollalo, éme imposible non deixar de sentir dor por todo o que supón e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

por todo o que representa. Pero tamén lles quero dicir que a visión do cadro non esperta en min sentimentos de vinganza nin de *revancha*; vexo sobre todo, o que me traslada ese cadro é unha lección de cara a xeracións futuras, entre elas a nosa.

Aprendamos a lección que nos traslada ese lenzo e permítanme que, ademais de ollar ese cadro, despois do que escoitei aquí, veume á memoria un libro que lin non hai moito, que lles recomendo, que é *A sangre y fuego* de Manuel Chaves Nogales que seguramente foi unha persoa que viviu moita parte deses episodios e dos que, seguramente, se extraerán leccións. Moitas grazas. Votarei a favor da proposta.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e de don Francisco José Fraga Civeira e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- O Pleno da Deputación insta ao Parlamento de Galicia a:

1º.- Declarar e instituír como “Día da Galicia Mártir” o día 17 de agosto de cada ano, con carácter de celebración na Comunidade Autónoma de Galicia, en memoria e homenaxe de todos/as os/as cidadáns e cidadás galegos/as que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defender as liberdades e dereitos democráticos e do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vixente, no 1º Estatuto de Autonomía de Galicia, plebiscitado o 28 de xuño de 1936.

2º.- Dar cumprimento expreso da proposición non de lei n.º 07/PNP-0165 (9078), aprobada no Pleno do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 26 de decembro de 2006; publicada no BOPG n.º 301, do 03.03.2007.

3º.- A promover institucionalmente a celebración de actos protocolarios da devandita rehabilitación pública e política.

**14º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**15º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-**

Dáse conta do Decreto do 7 de marzo de 2019, de liquidación do orzamento xeral de 2018 da Deputación Provincial.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

Os membros da Corporación quedan informados.

**16°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de febreiro de 2019 e do 1º adicional de xaneiro de 2019.

Os membros da Corporación quedan informados.

**17°.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, do BNG:** grazas, señor presidente. Nós tiñamos unha pregunta que, parece ser, foi presentada fóra de prazo para que puidera ser respondida de xeito oral neste Pleno; entón o que vou a facer é formulala de xeito oral para que nola contesten por escrito o antes posible, a poder ser.

A pregunta é en relación co informe de inestabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras do ano 2018. A interventora da Deputación conclúe no informe de fiscalización do Consorcio de Augas varias cuestión. Primeiro que incumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, producíndose unha situación de desequilibrio de déficit, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais.

En segundo lugar, o déficit non financeiro elévase a -294.913,84€; polo que a Asemblea do Consorcio debería ter aprobado un plan económico e financeiro de reequilibrio á vista do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e situación de desequilibrio que presentaba este Consorcio de Augas no exercicio 2017, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 2/2012, do 27 de abril, no prazo dun mes dende que se coñece a situación de desequilibrio e deberá ser aprobado no prazo máximo de dous meses.

En terceiro lugar, o plan económico financeiro do exercicio anterior non foi aprobado; incumpríndose esta obriga neste exercicio 2018. Ademais, o orzamento do ano 2018 foi prorrogado polos créditos iniciais e non se procedeu a facer a devandita modificación no orzamento de gastos por non estar nos supostos contemplados nos artigos 162.6 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no seu concordante Real decreto 500/1990 no seu artigo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de marzo de 2019</b>
---

22.3; incumpríronse as recomendacións feitas en base ás liquidacións dos anos 2016 e 2017 por esta intervención. En data 11 de xullo de 2017 xa se informaba da necesidade de aprobación dun plan económico financeiro e deixábase constancia da non confección do plan no exercicio anterior.

A vista de todo isto estamos ante un incumprimento polo que se poden levar a cabo as medidas coercitivas previstas no artigo 25.1 da Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria. Entón, as nosas preguntas son: Podía explicar cales son as razóns polas cales a liquidación do Consorcio arroxa este déficit? Tendo en conta que estamos a falar dun burato acumulado de máis de 600.000€ no Consorcio, o que na práctica é unha situación de quebra técnica, ten decidido este grupo de goberno garantir a continuidade deste ou proceder á súa liquidación? E, en caso de optar pola continuidade, cal vai a ser a fórmula escollida para garantir esa viabilidade? Nada máis. moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#).

E, ás 15.40 horas do día 29 de marzo de 2019, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**